Máis aínda, cómpre sinalar que a partir do 1 de xuño entrou en vigor un novo sistema tarifario que produciu un incremento da factura da luz para determinados sectores económicos fundamentais para Galiza (consumidores domésticos, agrogandeiro, hostaleiro e PEMES) por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e o novo sistema de cargos do sistema que elaborou o goberno central. Para máis, xa en agosto de 2021 coñeceuse o Informe de seguimento da adaptación dos contratos de subministro de electricidade trala aplicación o 1 de xuño da Circular 3/2020. O resultado deste informe é demoledor e amosa o fracaso do novo sistema tarifario e a laxitude por parte das administracións na súa aplicación, sendo un foco de calotes e abusos. Nese sentido, recolle que algunhas comercializadoras non adaptaron

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:18
Nº Rexistro: 20556
Data envio: 26/08/2021 11:23:18.513

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correctamente os contratos e que nalgúns casos introduciron un incremento do termo de enerxía medo facturado chegando a incrementar un 30% respecto do que lle correspondería.

Por outra banda, o verán de 2021 continuou marcado pola suba constante do prezo da enerxía, que non parou de bater récords históricos. De feito, no momento de asinar esta iniciativa o mercado atopa un novo prezo histórico para o xoves 26 de agosto de 2021. Nesta data o prezo dispárase até os 122,76 €/Mwh de media (mínimo de 119,95 €/Mwh e máximo de 129,81 €/MWh), segundo os datos do Operador do Mercado Ibérico, superando en máis de 5 €/MWh o anterior récord do pasado 13 de agosto en plena ola de calor (117,26 €/Mwh).

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español. A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular, que o PSOE e Podemos mantiveron, teñen impedido o desenvolvemento dun sistema xusto para as e os consumidores e con graves repercusións no ámbito empresarial e industrial por falta de competitividade.

Así mesmo, é unha tarefa pendente para Galiza a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición do noso país como potencia excedentaria na produción de electricidade, condición que se mantén nos últimos datos de REE malia o impacto da crise da transición enerxética. Sería necesario tamén unha modificación do pool de cara a unha casación racional do prezo.

Esta situación está afectando de forma global ao conxunto das e dos consumidores mais evidentemente de forma máis intensa aos colectivos económicos e sociais máis damnificados pola crise. Moitas persoas e familias non poden pagar as

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:18
Nº Rexistro: 20556
Data envio: 26/08/2021 11:23:18.513

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central medidas urxentes para reverter o drástico aumento do prezo da luz:

1.1 Retirar do pool as centrais hidráulicas e nucleares, que comezarán a cobrar polos custes recoñecidos pola CNMC para producir unha rebaixa xeral no recibo da electricidade.

1.2 Substituír as mudanzas aplicadas no marco tarifario desde o 1 de xuño por unha modificación profunda da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

1.3. Negociar unha Tarifa eléctrica galega que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción.

1.4 Demandar a redución permanente do IVE da enerxía ao 4%.

2. Adoptar as seguintes medidas no ámbito das súas competencias:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:18
Nº Rexistro: 20556
Data envio: 26/08/2021 11:23:18.513

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.1 Apostar pola participación pública do sector enerxético renovábel con medidas que garantan o control efectivo da Xunta de Galiza no novo modelo enerxético galego a través dunha empresa pública galega de enerxía.

2.2 Elaborar, a través da colaboración coa Comisión Galega da Competencia e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia un estudo propio sobre as prácticas comerciais das compañías enerxéticas no noso país.

2.3 Realizar as modificacións oportunas para estender as persoas potencialmente beneficiarias do bono social eléctrico e térmico de Galiza máis alá das persoas usuarias do bono social do Estado tendo en conta as características sociais, habitacionais e climáticas do noso país.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 11:02:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:18
Nº Rexistro: 20556
Data envio: 26/08/2021 11:23:18.513

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 26/08/2021 11:02:30

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 11:02:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 11:02:47

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 11:02:58

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:54
Nº Rexistro: 20502
Data envio: 25/08/2021 11:24:54.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Luis Bará Torres**, **Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a valoración e acción da Xunta de Galiza ante a aplicación ilegal dunha modificación orzamentaria no Concello de Ourense.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada tanto por un eventual vencemento dos prazos das accións a exercitar pola Xunta de Galiza, como pola eventual aplicación inmediata da modificación orzamentaria e o compromiso que podería implicar para o futuro da cidade e da cidadanía de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que o Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm.183 de 11 de agosto de 2021 recolle un acto do Concello de Ourense no que se considera definitivamente aprobado o proxecto de modificación orzamentaria 2P/2021, expediente núm.2021021167, por un importe de 62.601.389,04 €.

Así e como se indica no acto publicado tras ser rexeitada polo Pleno do Concello de Ourense a proposta de modificación orzamentaria, que incrementaría o

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:54
Nº Rexistro: 20502
Data envio: 25/08/2021 11:24:54.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamento municipal en máis dun 43% do presuposto vixente, a Alcaldía presentou cuestión de confianza vinculada á aprobación do referido expediente de modificación de crédito. En concreto e como se consigna no referido Boletín a Alcaldía formula, ao abeiro do art. 197 bis da LOREX, cuestión de confianza nos seguintes termos:

"1º) A Alcaldía formula cuestión de confianza vinculada á aprobación polo Pleno da corporación da modificación dos orzamentos nº 2P/2021, na modalidade de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, que se concreta nos mesmos termos nos que foi ditaminada favorablemente pola Comisión do Pleno o día 3 de xuño de 2021 e sometida a votación en Pleno o 9 de xuño de 2021, na que non acadou os votos necesarios para a súa aprobación. Acompáñase a este escrito o texto do ditame da comisión.

2º) No caso de que, tras a oportuna votación, a maioría dos concelleiros se manifestase a favor de outorgar a confianza á Alcaldía, a modificación orzamentaria entenderase aprobada inicialmente nos seus propios termos.

3º) No caso de que a maioría de concelleiros se manifestase en contra do outorgamento da confianza, abrirase un prazo dun mes para a presentación dunha eventual moción de censura con candidato alternativo á Alcaldía.

Unha vez vencido o dito prazo sen que se presente a moción ou presentada a moción sen que esta prosperase, entenderase outorgada a confianza e aprobada a modificación orzamentaria."

Sometida a debate e votación a cuestión presentada a Alcaldía unicamente obtivo a confianza de 5 concelleiros dos 27 que conforman o Pleno da Corporación. Nin os concelleiros e concelleiras do Partido Popular que escolleron ao alcalde que

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:54
Nº Rexistro: 20502
Data envio: 25/08/2021 11:24:54.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitaba a confianza, e que hoxe forman parte do grupo de goberno; apoiaron a cuestión de confianza vinculada á modificación orzamentaria.

Transcorrido o prazo dun mes para a presentación de moción de censura con candidatura alternativa sen que se formalizase tal proposta, o goberno do Concello de Ourense considera outorgada a confianza e aprobado definitivamente o proxecto de modificación orzamentaria presentado.

A consideración da aprobación como definitiva de tan extraordinaria modificación orzamentaria impide a exposición pública do proxecto e a presentación de reclamacións contra a mesma, polo que se esta a limitar, de facto a impedir, o exercicio do dereito cidadá de participación política previsto no art.23.2 da C.E.

Xa que logo tal acto infrinxe tanto o disposto no art.197 bis da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, como os art. 177 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao tempo que vulnera o dereito fundamental á participación contemplado no art. 23.2 da C.E.

A Xunta de Galiza non pode ficar pasiva e conivente coa ilegalidade perpetrada polo goberno do Concello de Ourense; quen, coa pretendida modificación orzamentaria, compromete o futuro dos recursos públicos da cidade de Ourense sen contar coa confianza, directa ou indirecta, da cidadanía.

E por iso dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación na Comisión 1º polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:54
Nº Rexistro: 20502
Data envio: 25/08/2021 11:24:54.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, no exercicio das súas competencias, exercite as accións que procedan, as de carácter xudicial incluídas, a fin de restablecer a legalidade infrinxida polo Concello de Ourense coa modificación orzamentaria 2P/2021, publicada no BOP de 11 de agosto de 2021."

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/08/2021 11:14:23

Iria Carreira Pazos na data 25/08/2021 11:14:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/08/2021 11:14:41

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Mª Carme González Iglesias**, **Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a creación dun centro en Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante dunha cuestión estratéxica para Galiza que ten a ver coa competitividade e a I+D+i.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Previamente á pandemia Galiza atopábase xa a nivel enerxético nunha encrucillada, pola situación mundial de aceleración da descarbonización e pola situación propia cun papel produtor que, porén, coincidía cunha gran crise industrial moi asociada en boa medida ao prezo da enerxía.

Entre os factores máis relevantes cómpre sinalar, por unha banda, a permanencia do papel especializado de Galiza na xeración enerxética e, por outra banda, importantes cambios a nivel internacional con repercusións no territorio baixo o paraugas da

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denominada Transición enerxética. Podemos sinalar o Marco europeo para o clima e a enerxía 2030, o denominador Green Deal, a Estratexia Europea de Enerxías Renovábeis e Clima e o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) que establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Estes elementos configuran o marco legal, político e ideolóxico da denominada enerxía verde, vinculada á economía verde. Porén, na transición da teoría á práctica, xa antes da pandemia víronse as costuras deste modelo e a axenda oculta desde os propios lobbies económicos responsábeis da emerxencia climática.

Durante o período marcado pola covid-19 abríronse no ámbito internacional e estatal importantes debates sobre o marco enerxético e tamén sobre o financiamento de proxectos e medidas ao abeiro da hipotética chegada de fondos de reactivación económica extraordinarios. Porén, o escurantismo e a falta de diálogo dos gobernos galego e central impediron que prosperaran propostas neste ámbito como o da creación dun centro de almacenamento enerxético en Galiza.

É necesario recordar que o coñecido como Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Sinala o almacenamento de enerxía nas súas diversas formas como unha das tecnoloxías que serán claves para a descarbonización, incluíndo 6 GW para a próxima década no sector eléctrico, cun balance de case que 250 TWh para 2030. Tamén prevé a elaboración dun Plan de Desenvolvemento Industrial que permita capturar o máximo potencial en canto a xeración de desenvolvemento económico e emprego industrial derivados da transición enerxética, no que o ámbito do almacenamento pode supoñer unha oportunidade para

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolver unha cadea de valor propia que sexa competitiva a nivel galego, estatal e internacional.

Segundo a información dispoñible por Rede Eléctrica de España (REE) sobre o último balance eléctrico en Galiza malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o nacionalismo galego. É de sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

Atendendo aos datos públicos de REE para o caso das Pontes, o potencial de xeración do municipio, en fontes e en produtividade, xunto ao carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, evidencian a oportunidade e a necesidade -e a obriga de compensación para con ela e as súas xentes- de, dentro da Estratexia de Almacenamento Enerxético, situar en Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos, xestionar e monitorizar os mesmos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira "smartgrid" ou rede intelixente; nel participarían as administracións competentes en enerxía e cambio climático, xunto ás responsables de áreas relacionadas e de interese (industria, mobilidade, urbanismo, formación, I+D+i, ...), así como empresas, institucións e organismos interesados.

A aplicación de diversas tecnoloxías de almacenamento dentro dunha mesma rede, o desenvolvemento e testado de novos sistemas, e a investigación e desenvolvemento no campo do almacenamento enerxético teñen nas Pontes un enclave perfecto para a súa implantación, no que o deseño de cada instalación de

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

almacenamento, así como a súa programación temporal, coordinaríase co ritmo da instalación das fontes renovables no termo municipal, posibilitando dar resposta á necesidade de probar, en escenario real, o comportamento das diferentes tecnoloxías eléctricas, electroquímicas, mecánicas, térmicas e químicas do almacenamento, a gran escala, en redes, e a nivel de usuario final.

É inaceptable que a Xunta de Galiza se manteña na súa política de opacidade e falta de iniciativa, sen manifestar propostas, opinións ou oposición ás decisións ou falta de decisión do goberno central e que mentres se vexa como outros territorios sen as condicións idóneas de Galiza si avancen propostas na materia. Este é o caso de Estremadura, cuxo goberno vén de publicar a aprobación da creación dun Centro Estatal de Investigación e Almacenamento Enerxético que vai ser financiado con fondos propios e do goberno central.

Compróbase o fracaso das directrices enerxéticas aprobadas durante o anterior mandato de Núñez Feijóo e a falta de vontade para deseñar de forma proactiva e dialogada un novo modelo enerxético galego ao servizo das necesidades territoriais, sociais e económicas.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta a:

1. Demandar do goberno do estado a creación do Centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía, fundación do sector público estatal, adscrita ao Instituto de Transición Xusta, coa participación e achega económica

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos ministerios de, polo menos, Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Educación e Formación Profesional, de Industria, Comercio e Turismo, de Ciencia e Innovación, e de Universidades.

2. Negociar e acordar co goberno do estado, coa participación do concello das Pontes, aspectos relacionados coa xestión, achegas económicas, instalacións, medios materiais e humanos, programación de actividades para 2021-2030, e posta en funcionamento inmediata do Centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía.

3. Comprometer a participación e achega económica no Centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía das consellarías de, cando menos, Economía, Emprego e Industria, Infraestruturas e Mobilidade, de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de Cultura, Educación e Universidade, e de Emprego e Igualdade.

4. Realizar unha convocatoria pública, unha vez constituída e formalizada, para a participación e/ou colaboración de institucións, organismos e/ou empresas interesadas no Centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía."

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mª Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:46
Nº Rexistro: 20608
Data envio: 27/08/2021 12:53:46.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/08/2021 11:50:37

María do Carme González Iglesias na data 27/08/2021 11:50:49

Daniel Pérez López na data 27/08/2021 11:50:58

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2021 11:51:08

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2021 11:51:21

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:43
Nº Rexistro: 20632
Data envio: 27/08/2021 13:46:43.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de aplicar un protocolo de medidas contra a Covid específico para os centros e instalacións deportivas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de aplicar un protocolo de medidas contra a Covid específico para os centros e instalacións deportivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os propietarios e propietarias de centros e instalacións deportivas levan sufrindo as consecuencias da Covid 19 desde hai xa moitos meses. Esta realidade conlevou grandes perdas económicas pola ausencia de actividade e tamén un grande investimento na adaptación dos seus centros ás novas normativas.

Alén disto, estas perdas non foron recuperadas debido a que as axudas proporcionadas pola Xunta de Galiza foron escasas tanto na cantidade coma na porcentaxe de persoas que puideron solicitalas, ao que hai que sumar o feito de que non

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:43
Nº Rexistro: 20632
Data envio: 27/08/2021 13:46:43.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existiu até o de agora ningunha convocatoria de axudas específicas para o sector do deporte.

Por estas razóns, o sector do deporte non federado galego non entende as prohibicións que obrigan a pechar as instalacións deportivas nas que hai actividade no seu interior nos concellos onde exista un nivel de restricións máximo. Deste xeito, volvemos ver como o goberno galego volve atacar a un sector que se atopa nunha situación moi delicada, con ausencia de axudas e ao que de novo se volve ver como o culpable e non como o que realmente é, parte da solución.

Esta situación que afecta principalmente aos e ás propietarias afecta tamén aos e ás clientes que ven restrinxida a súa actividade deportiva, algo que é moi necesario en termos de saúde física e mental, tal como se viu probando ao longo da pandemia e que se reflexa na consideración que o propio deporte ten como actividade de interese público na propia lei do deporte de Galiza de 2012.

Por último, o propio sector salienta unha grande descoordinación na aplicación das medidas, xa que nalgúns casos o número de persoas permitido nun centro varia dependendo a persoa que atenda aos e ás propietarias e o momento do día no que re realice a consulta, unha realidade que mostra a necesidade de termos un protocolo propio para o sector.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG propón a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:43
Nº Rexistro: 20632
Data envio: 27/08/2021 13:46:43.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Permitir a actividade física no interior de centros deportivos en concellos cun nivel máximo de restricións garantindo en todo momento a seguridade dos e das profesionais e clientes.

2- Aprobar un protocolo de medidas fronte a Covid en centros deportivos en base a criterios de distancia interpersoal, medidas hixiénicas, en función dos tipos de sala e da actividade e atendendo sempre ás porcentaxes de aforo que establezan as autoridades sanitarias."

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/08/2021 13:31:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/08/2021 13:31:26

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:43
Nº Rexistro: 20632
Data envio: 27/08/2021 13:46:43.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2021 13:31:35

Iria Carreira Pazos na data 27/08/2021 13:31:45

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación de colapso da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algunha lección nos deixa a Covid 19 é a importancia de ter unha Atención Primaria forte e ben dotada para protexer á poboación. Si o seu reforzo e cambio de modelo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindíbel.

Esta constatación fixo pensar que a Xunta de Galiza ía tomar nota e rectificar a súa política de acoso e derribo, fixo albergar a esperanza de que se ía proceder ao impulso, á mellora da Atención Primaria.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que despois do enorme esforzo realizado pol@s profesionais, se ían poñer en marcha medidas para rematar coa sobrecarga asistencial crónica, coa precariedade.

Máis a realidade é que moi ao contrario o PP está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo manténdoa colapsada, con falta de profesionais, sumida nun pozo máis e máis profundo.

No medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos, cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia, aproveita o PP para afondar no afastamento dos servizos sanitarios e da resolución dos problemas da poboación , na vez de impulsar unha atención de calidade e próxima.

Atención Primaria atópase nuns niveis de saturación inadmisibles. Aumento da presión asistencial pola multiplicación da demanda, sobre de todo nos concellos de aumento da poboación polo turismo, e que teñan que afrontar o traballo cuns cadros de persoal aínda máis reducidos do habitual ao non substituír as ausencias, vacacións ou xubilacións.

Era imposíbel atender a presión asistencial existente, antes da quinta onda (co aumento dos contaxios), da campaña de vacinación e das vacacións do verán e moito menos con todos eses elementos, e as consecuencias afloraron con toda crueza este verán.

As consecuencias son o persoal exhausto, e a poboación sen a atención debida, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos por un profesional distinto, listas de espera de semanas para a atención telefónica e presencial.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están nunha situación límite desde @s celadores/as e PSXs pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo. Axendas interminábeis de ata 70 ou 80 doentes, en quenda de mañá, ao ter que asumir a atención habitual, as e os doentes crónicos, e tamén as d@s profesionais que non son substituíd@s, das persoas desprazadas ou das urxencias, ademais do proceso de vacinación e facer o diagnóstico e seguimento de todas as persoas positivas pola Covid 19 que se están multiplicando dun xeito exponencial, polos déficits tremendos do sistema de rastrexo, ao que hai que engadir a habilitación da Chave 365 e os certificados de vacinación.

O Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental tanto d@s profesionais como da poboación coa situación na que ten a Atención Primaria; lonxe de aportar solucións fomenta o enfrontamento da poboación co persoal da sanidade pública.

Ten que producirse un cambio de rumbo, medidas para que Atención Primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario e deixe de estar secundarizada.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a tomar as seguinte medidas cara a converter a Atención Primaria no eixo vertebrador do sistema sanitario galego:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Normalizar a asistencia en Atención Primaria:

-Garantir que todas as persoas que o precisen poidan solicitar atención presencial en Atención Primaria.

-Establecer protocolos claros e unificados de aplicación en toda Atención Primaria para solicitar atención presencial.

- Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda.

2.- Modificación do Decreto que regula as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Aumentar o orzamento até chegar ao 25% na presente lexislatura. No inmediato destinar 200 millóns de euros.

4.- Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

5.- Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Pór en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional: enfermaría, fisioterapia, matronas, TCAEs, PSXs, celador@s... e das outras categorías que habería que incorporar. Persoal cualificado, preparado para exercer a súa propia carteira de servizos e con elo contribuír a unha mellor calidade asistencial e a desconxestionar as axendas.

7.- Facilitar o acceso a probas diagnósticas."

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 10:14:54

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 10:15:04

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:19
Nº Rexistro: 20646
Data envio: 30/08/2021 10:27:19.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 10:16:49

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:00
Nº Rexistro: 20673
Data envio: 30/08/2021 11:13:00.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de planificar unha estratexia de internacionalización da cultura galega desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de planificar a internacionalización da cultura galega desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradución é fundamental para ensanchar o campo de coñecemento da literatura galega, promover a súa entrada en diálogo con outras culturas e ter unha voz propia no mundo.

Para todo iso a tradución precisa contar coas mellores especialistas que sexan quen de ir máis aló dunha simple mudanza de vocabulario dunha lingua por outra, achegando ao público doutra cultura, por veces moi diferente, todos os matices propios da cultura matriz orixinaria. Traducir como oficio de reescrita e reinterpretación para a

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:00
Nº Rexistro: 20673
Data envio: 30/08/2021 11:13:00.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outra que require e esixe profundo coñecemento do sistema lingüístico, literario e cultural de partida e de chegada.

A tradución é, por unha banda, un alicerce fundamental no proxecto de internacionalización cultural que o goberno debe levar a cabo co obxectivo de posicionar a literatura galega no mundo. Pola outra, a tradución serve para apuntalar a cultura propia ao enriquecela un corpus tradutivo sólido da mellor e máis representativa literatura universal.

Moito máis aínda se se trata dunha literatura que nace desde unha lingua minorizada e nun contexto de subalternidade como é o caso da literatura galega.

Con todo, cómpre termos ben presente que as políticas de apoio á tradución editorial son fundamentais para culturas subalternas como a galega, na que a tradución implica o reforzo da consagración da propia cultura.

Con todo, o goberno do PP desde os seus inicios hai xa 12 anos deu mostras de nula vontade afortaladora da tradución como ferramenta de visibilidade literaria alén das nosas fronteiras, renunciando no seu ideario político a amosar o orgullo por unha partre da nosa creación cultural que goza de gran prestixio dentro e fóra de Galiza e que supón unha das pólas da árbore da cohesión social que sempre debe blindar un goberno.

Desde 2009 vimos confírmando unha continua inversión da política de tradución ascendente que se viñera practicando desde os inicios da autonomía que se concreta no descenso vertixinoso na dotación económica da convocatoria de axudas á tradución directa e inversa, anulación dalgunha convocatoria anual, redución no importe por páxina traducida coa conseguinte devaluación do traballo de tradución, falta de

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:00
Nº Rexistro: 20673
Data envio: 30/08/2021 11:13:00.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claridade na redacción dalgunhas convocatorias, mudanzas de criterios continuos que non adoitan recoller as propostas do sector profesional editorial e da tradución, etc.

Nos últimos anos asistimos ao malestar e ás denuncias públicas dos sectores directamente afectados, o editorial e o das profesionais da tradución. Unha situación que se repite agora, máis unha vez, ao se publicar a resolución provisional das axudas para o libro galego dirixidas á tradución desde e para o galego correspondentes ao 2021.

As afectadas denuncian que esta convocatoria non resolve as eivas precedentes, senón que acrecenta outras novas: está a promover o intrusismo, castiga a edición profesional en favor de intereses poucos claros, permite e mesmo fomenta a duplicidade de títulos traducidos, desenténdese d seu labor regulador na distribución posterior dos libros traducidos, amosa unha total falta de rigor na comisión de resolución e prescinde do comité de avaliación.

Razóns que xustifican unha conclusión reiterada desde o sector: o apoio institucional do goberno da Xunta á tradución literaria desde e para o galego non só veu descendo progresivamente na última década, senón que adoece dunha estratexia de internacionalización ben planificada e que atenda ao interese cultural do sistema literario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Diferenciar as convocatorias de tradución das obras literarias galegas nas dúas direccións: directa e inversa.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:00
Nº Rexistro: 20673
Data envio: 30/08/2021 11:13:00.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Constituír unha Comisión Técnica inclusiva co sector que colabore na redacción das bases das vindeiras convocatorias, así como no seguimento e valoración da elaboración das propostas de resolución.

- Elaborar xuntamente coas especialistas un plan estratéxico de escolma de obras prioritarias para traducir.

- Elaborar un plan de internacionalización da literatura galega,

- Elaborar unha estratexia cultural, dialogada co conxunto do sector, no actual período de sesións, vinculada á tradución como eixo da internacionalización cultural que posicione a literatura galega no campo da literatura universal."

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/08/2021 11:11:51

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:00
Nº Rexistro: 20673
Data envio: 30/08/2021 11:13:00.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 11:12:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 11:12:18

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:36
Nº Rexistro: 20689
Data envio: 30/08/2021 12:27:36.322

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o baleirado dos encoros galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa nos últimos meses novas consecuencias dun modelo enerxético espoliador e depredador. No mes de agosto de 2021 non só ficou fulminado todo récord existente respecto do prezo da enerxía eléctrica sen que o goberno central arbitrase medidas efectivas e sen que o goberno da Xunta de Galiza impulsase medidas para que Galiza, país líder en produción, non se vise igualmente penalizada. Ademais, isto aconteceu nun contexto no que as grandes empresas eléctricas contribuíron a esta situación especulando cos prezos e coa produción.

No marco deste contexto de abuso e espolio, múltiples encoros galegos, singularmente varios de Ourense mais tamén doutras zonas do país como Lugo, salientando o caso de Portomarín, viron reducida repentina e drasticamente a súa

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:36
Nº Rexistro: 20689
Data envio: 30/08/2021 12:27:36.322

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade. Así as cousas, se tomamos como exemplo o concello de Vilariño de Conso, podemos ver como se na última semana de agosto a media anual adoita ser para o caso do encoro da Cenza dun 50%, neste 2021 mantívose no escaso 15%. A mesma porcentaxe tivo practicamente o encoro de Portas, cuxa capacidade no ano 2020 estaba no 75%.

A capacidade doutros encoros se ben non é tan alarmante, non deixa de ser preocupante toda ve z que o estado actual da súa capacidade non chega ao 50% do seu promedio ordinario. Estas actuacións, levadas a cabo polas empresas eléctricas de forma drástica e rápida, obedece a prácticas empresariais escurantistas relacionadas cos equilibrios para xogar á fixación dos prezos. Cómpre recordar, por exemplo, que o venres 27 de agosto observamos como, se ben a produción dun megavatio hidráulico ronda os tres euros, neste día foi vendido a 118,99 € megavatio/hora fixando o prezo do día. Esta cuestión recórdanos a necesidade de mudar o sistema de fixación do prezo da enerxía eléctrica, que debe depender dos custos recoñecidos a cada tecnoloxía.

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas afectadas e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación é intolerable e non é admisíbel que o goberno central se conforme con accións

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:36
Nº Rexistro: 20689
Data envio: 30/08/2021 12:27:36.322

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encamiñadas á procura de información nin que a Xunta de Galiza se conforme coa mera crítica. Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a imposición de sancións sobre as empresas hidroeléctricas que acometeron bruscos e repentinos baleirados de encoros en Galiza no verán de 2021 sen xustificación.

2. Demandar do goberno central a investigación, a través da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, das prácticas das empresas eléctricas e do papel da alteración das capacidades dos encoros na fixación dos prezos enerxéticos de cara a depurar responsabilidades.

3. Demandar do goberno central o impulso as medidas oportunas para instar ás compañías hidroeléctricas a corrixir os baleirados máis extremos, impulsando a intervención pública se é preciso.

4. Impulsar sancións ao abeiro das competencias propias en materia enerxética e medioambiental así como os estudos necesarios ao abeiro do INEGA e doutros instrumentos para avaliar o impacto destas actuacións e exixir compensacións das compañías.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:36
Nº Rexistro: 20689
Data envio: 30/08/2021 12:27:36.322

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Demandar do goberno central o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mª Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 11:32:59

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 11:33:16

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 11:33:25

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 11:33:35

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:36
Nº Rexistro: 20689
Data envio: 30/08/2021 12:27:36.322

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2021 11:33:45

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:31
Nº Rexistro: 20695
Data envio: 30/08/2021 13:13:31.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de reforzar a atención educativa no ensino público antes do comezo do curso 2021-2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 9 de agosto iniciamos un curso marcado un ano máis pola pandemia. Un curso que a propia Conferencia Sectorial de Educación cualifica como "de transición".

Se ben a situación non é a mesma que hai un ano, hai dous factores que son innegábeis. Por unha banda, que non sabemos cal vai ser a evolución da pandemia e pola outra que precisamos máis ca nunca do reforzo no ensino público para minimizar estes efectos e axudar ao alumnado que máis o precise.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:31
Nº Rexistro: 20695
Data envio: 30/08/2021 13:13:31.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a pesar desta realidade que está a ser sinalada por toda a comunidade educativa, a actitude da Consellaría de Educación segue a ser a mesma: recortes, mentiras e propaganda.

Ao tempo que outras comunidades están anunciando que van manter (e mesmo reforzar) o número de profesores para este curso (Baleares, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Navarra, A Rioxa) no caso de Galiza, o PP anuncia unha avalancha de recortes no profesorado de todos os niveis educativos.

Anuncios no recorte do profesorado que no caso de secundaria, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso 20/21. Pero mesmo se a referencia fose a do curso 19/20 hai un recorte de 189 profesores menos.

Do mesmo xeito, no DOG do venres 6 de agosto faise efectivo un recorte definitivo de 109 unidades de educación infantil e primaria. (máis de 150 mestras e mestres)

Mais por se isto non fose dabondo, o mesmo día que Román Rodríguez agradecía o esforzo do profesorado executaba o agradecemento anunciando un recorte de case a metade dos profesores de reforzo. Fronte aos 2300 profesores de reforzo contratados o curso pasado este ano haberá só 1.250 no anunciado como Plan recupera: 800 corresponderían programa ARCO e 450 do programa PROA.

A pasado 4 de agosto publicouse o Real Decreto 684/2021 que se anuncia un reparto ás Comunidades Autónomas de 13.486 M€. Galiza recibirá 828 M€ deste reparto. A pesar de que no propio real decreto se establece como finalidade para estes fondos “a prestación de servizos públicos fundamentais prestados á cidadanía, tales

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:31
Nº Rexistro: 20695
Data envio: 30/08/2021 13:13:31.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a educación, la sanidade e los servizos sociais" no caso galego, a Xunta de Galiza continúa anunciando nas súas declaracións públicas recortes de profesorado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar adiante un reforzo de 1.000 profesores no ensino público no curso 21/22, de maneira que se poida garantir a atención de todo alumnado que o precise, mantendo cando menos o mesmo número de profesores que no curso 20/21 nos centros e ampliando os cadros docentes co obxectivo de reducir as rateos máximas, tendo como referencia 20 alumnos en educación infantil e primaria e 25 en secundaria."

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:31
Nº Rexistro: 20695
Data envio: 30/08/2021 13:13:31.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 13:12:26

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 13:12:35

Daniel Castro García na data 30/08/2021 13:12:48

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:20:20
Nº Rexistro: 20700
Data envio: 30/08/2021 13:20:20.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a proposta de nomes das salas do Parlamento aprobada na reunión da Mesa do 27 de xullo de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Mesa do Parlamento do 27 de xullo de 2021 tratou no seu punto 4º (Comunicacións, rogos e preguntas) a comunicación da Presidencia sobre o nome das salas, documento ás portavocías dos grupos na xuntanza da mesa do 6 de xullo.

Na citada reunión da mesa do 27 de xullo tivo lugar a votación da proposta da Presidencia, co seguinte resultado: tres votos a favor (PP), un voto en contra (BNG) e unha abstención (PSOE).

Desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos cando menos estraño o procedemento seguido para a aprobación da proposta, xa que non foi incluída como tal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:20:20
Nº Rexistro: 20700
Data envio: 30/08/2021 13:20:20.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na orde do día senón que foi introducida pola "porta de atrás", no apartado de "Comunicacións, rogos e preguntas". Consideramos que un tema desta transcendencia debería figurar na orde do día e debería ser resultado dun proceso de maior debate e acordo.

Por outra parte, a proposta aprobada cos votos do grupo maioritario inclúe o nome de Antonio Rosón, unha proposta que non pode ser aceptada por este grupo parlamentar xa que entendemos que non é acorde co establecido na lei de memoria histórica (Lei 52/2007 pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen sufriu persecución e violencia durante a guerra civil e a ditadura). Ademais, contravén os principios establecidos nas convencións e acordos internacionais en materia de graves violacións dos dereitos humanos, e que regulan os dereitos das vítimas á xustiza, á verdade e a reparación.

Mais alá da valoración que nos mereza o papel xogado por Antonio Rosón Pérez na chamada Transición, período no que foi presidente da Xunta preautonómica e primeiro presidente do Parlamento, a realidade é que tivo un papel destacado no golpe militar contra a Democracia en xullo e 1936 e foi participante directo da represión exercida na zona de Becerreá e Cervantes (Lugo), coa consecuencia da cal foron asasinadas sen ningún proceso nin garantía legal máis de 30 persoas militantes ou simpatizantes de partidos políticos e organizacións sindicais.

Existen numerosas testemuñas e documentos que acreditan estes feitos, que aparecen recollidas en diferentes investigacións históricas e en publicacións de medios de comunicacións. E ademais o propio Antonio Rosón deixou constancia por escrito -nun informe enviado en 1942 ao Xefe Provincial do Movemento en Lugo- da súa militancia falanxista e do seu papel activo no golpe militar contra a República:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:20:20
Nº Rexistro: 20700
Data envio: 30/08/2021 13:20:20.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"En Becerreá proclamó en Estado de Guerra, por su condición de Alférez de Complemento, y al frente de la Organización de la Falange, pacificando la comarca, organizando destacamentos en la linea fronteriza con Asturias, siendo el único en todo el partido judicial que hizo frente a la organización marxista…"

Pola súa militancia falanxista e por este papel destacado no levantamento militar contra a República e na represión que o seguiu, Antonio Rosón tivo importantes responsabilidades políticas na Ditadura: foi Delegado Provincial de Educación Popular, Presidente da Deputación Provincial de Lugo e Procurador en Cortes, entre outros cargos.

Para o BNG, as institucións públicas deben dar exemplo no respecto á memoria das vítimas da represión franquista, polo que non deben render homenaxe a unha persoa tan directamente implicada na persecución e eliminación de persoas por motivos políticos. E a condena do franquismo non pode ser compatíbel co enxalzamento de persoas que tiveron un papel tan destacado na imposición das ideas por medio da violencia e o terror. Non se pode, en definitiva, condenar o franquismo pola mañá e glorificalo pola tarde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta para o debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento acorda como resolución revisar a proposta de nomes das salas aprobada na reunión da Mesa do 27 de xullo de 2021, substituíndo o nome de Antonio Rosón Pérez por outro que concite o acordo de todos os grupos e que sexa respectuoso coa lexislación en materia de memoria histórica, co dereito internacional e coa memoria

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:20:20
Nº Rexistro: 20700
Data envio: 30/08/2021 13:20:20.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das vítimas da Ditadura franquista, dada a vinculación directa de Antonio Rosón co golpe militar contra a República e coa represión violenta exercida en Galiza a partir de xullo de 1936.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 13:11:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/08/2021 13:11:40

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2021 13:11:49

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20313
Data envio: 19/08/2021 14:05:21.480

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Rio, José Luis Ferro Iglesias, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos:

O carné de conducir é hoxe en día unha ferramenta importante de traballo, de mobilidade e de independencia.

O permiso para conducir é requerido en moitas ofertas de traballo que saen publicadas a diario nos diferentes medios de comunicación e plataformas de búsqueda de emprego. E ademáis, na situación actual de crise económica e de desemprego, o sector loxístico e do transporte é un dos motores da creación de emprego, e o carné de conducir incrementa as oportunidades de acceso a traballos que exisen licencias específicas como as precisas para conducir camións, autobuses, ambulancias, motocicletas de reparto, etc.

En Galicia, si queremos fixar poboación no entorno rural e tendo en conta a dispersión poboacional, resulta imprescindible favorecer o acceso ao carné de conducir para facilitar os desprazamentos diarios, non só ao posto de traballo senón ao centro de estudos, ao centro de saúde ou simplemente a actividades de lecer.

O carné de conducir aporta tamén liberdade de movemento para non ter que depender de terceiras persoas ou dos horarios dos servizos públicos de transporte que non sempre se adaptan ás necesidades persoais, profesionais ou académicas.

Neste contexto, a Xunta de Galicia, co obxectivo de mellorar a autonomía, mobilidade e inserción laboral da xuventude ven de publicar unha liña de axudas, no marco do *Plan Estratéxico de Xuventude 2021,* para pagar o custe do permiso de conducir tipo B ou C por importe de 400 e 600 euros respectivamente.

A pesar da importancia da obtención do carné de conducir o goberno de España non pon os medios necesarios para que remate co colapso que estamos a sufrir en Galicia que impide examinarse a máis de 15.000 persoas segundo datos que manexan as autoescolas da nosa Comunidade Autónoma.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20313
Data envio: 19/08/2021 14:05:21.480

grupo parlamentario popular de galicia

A necesidade de cubrir prazas vacantes de examinadores na Dirección General de Tráfico fai que haxa interminables listas de agarda para poder presentarse ao examen práctico, nalgúns casos chega a alcanzar o ano de espera o que está provocando que moitas persoas perdan a posibilidade de aprobar oposicións ou de acceder a postos de traballo que piden o carné de conducir como requisito.

Por Resolución de 18 de marzo de 2021, da Subsecretaría do Ministerio del Interior, foi convocado proceso selectivo para o nomeamento de 35 funcionarios interinos do Cuerpo General Administrativo de la Administración del Estado, especialidade de Tráfico cuxo nomeamento e asignación de destinos produciuse o pasado 14 de xullo, e nin unha soa persoa destes 35 interinos foi destinada a Galicia.

Outra Resolución da DGT, do 19 de abril de 2021, convocou 60 prazas máis de examinadores interinos para repartir "entre as diferentes xefaturas provinciais de España que máis o poidan necesitar" segundo di a nota de prensa do Ministerio del Interior que anuncia a convocatoria. E neste caso, tampouco Galicia será o destino de ningunha destas 60 prazas xa que a convocatoria establece como destinos as Xefaturas Provinciais de Madrid, Barcelona, Navarra, Castellón, Guipúzcoa, Huelva, Almería, Ciudad Real, Cuenca, Girona, Tarragona, Valladolid, Albacete, Alicante, Araba, Badajoz, Baleares, Ibiza, Menorca, Bizcaia, Cantabria, Cáceres, Cádiz, Córdoba, Granada, León, Lleida, Alcalá de Henares, Murcia, Málaga, Fuerteventura, La Rioja, Santa Cruz de Tenerife, Segovia, Sevilla, Toledo, Valencia y Zaragoza.

Deste xeito, Galicia volve a ser discriminada polo goberno do Estado, nesta ocasión no que se refire ás plantillas de examinadores de tráfico, xa que non recibirá ningún reforzo que poida paliar a situación que se está a vivir na actualidade de colapso e listas de agarda das persoas, na súa maioría xente moza, mermando as súas posibilidades de empregar unha ferramenta de traballo, de mobilidade e de independencia ao conquerir o permiso de conducir.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1.- Que por parte do Ministerio do Interior, a través da Dirección General de Tráfico, se convoque de xeito urxente un proceso selectivo que permita cubrir as prazas de examinadores de tráfico vacantes na Comunidade Autónoma de Galicia, para atender as graves carencias de persoal que sofren as catro Xefaturas Provinciais de Tráfico galegas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20313
Data envio: 19/08/2021 14:05:21.480

grupo parlamentario popular de galicia

2.- Que mentras non se cubran as prazas vacantes non se deriven examinadores para cubrir a carencia de persoal administrativo nas oficinas das diferentes xefaturas provinciais.

3.- Que se proceda de xeito inmediato a crear unha bolsa de horas extra nas catro Xefaturas Provincias de Tráfico para facer máis probas, ao igual que se fixo en época estival en anos anteriores, e aliviar o colapso e lista de agarda que hai actualmente en toda Galicia para obter o permiso de conducir.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20313
Data envio: 19/08/2021 14:05:21.480

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/08/2021 13:58:58

Paula Prado del Río na data 19/08/2021 13:59:11

José Luis Ferro Iglesias na data 19/08/2021 13:59:24

José Manuel Rey Varela na data 19/08/2021 13:59:54

María Sol Díaz Mouteira na data 19/08/2021 14:00:26

José Antonio Armada Pérez na data 19/08/2021 14:00:38

Ana Belén García Vidal na data 19/08/2021 14:00:53

José Alberto Pazos Couñago na data 19/08/2021 14:01:04

Noelia Pérez López na data 19/08/2021 14:01:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:18
Nº Rexistro: 20351
Data envio: 20/08/2021 10:51:18.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre o peche da oficina de ABANCA no bairro de San Valentín no Concello de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferencia a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

73400

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:18
Nº Rexistro: 20351
Data envio: 20/08/2021 10:51:18.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no bairro de San Valentín, no Concello de Fene, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina e que ven manifestándose en contra do anunciado peche durante todo o verán.

É por isto que o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:18
Nº Rexistro: 20351
Data envio: 20/08/2021 10:51:18.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Realizar todas as accións precisas diante da dirección de ABANCA para evitar o peche da oficina de San Valentín, no Concello de Fene, polo que supón de perda de postos de traballo e de servizos á poboación.

2.- Exercer as súas competencias exclusivas en materia de consumo para garantir que ABANCA presta os servizos bancarios de calidade, co persoal, instalacións e horario preciso e que non supoñan a vulneración dos dereitos da poboación, en especial da máis vulnerábel.

3.- Instar ao Goberno Central a impulsar unha regulación do sector bancario que evite a concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos próximos."

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2021 10:47:43

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:18
Nº Rexistro: 20351
Data envio: 20/08/2021 10:51:18.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 20/08/2021 10:47:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/08/2021 10:48:01

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2021 10:48:13

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 12:38:45
Nº Rexistro: 20364
Data envio: 20/08/2021 12:38:45.596

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o presidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusións, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

A Xunta de Galicia, nos decretos polos que se aprobaron as fusións voluntarias dos ditos concellos dando orixe a un novo concello, establecía na propia exposición de motivos que consideraba que concorrían razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellaban a fusión iniciada polos concellos, xa que, segundo consideraban os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estaría en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local, de igual xeito, fundamentábase en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarían importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 8 e 5 anos respectivamente dende a materialización das dúas fusións, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar no segundo semestre do exercicio 2021 un estudo no que se faga unha valoración do resultado acadado por estas dúas fusións, no que se teña en conta o impacto sobre o nivel de vida da cidadanía dos novos concellos, así como

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 12:38:45
Nº Rexistro: 20364
Data envio: 20/08/2021 12:38:45.596

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

a súa contribución á fixación de poboación.

2º) Elaborar no segundo semestre do exercicio 2021 un estudo sobre a planta e as necesidades de financiamento municipal na nosa comunidade, na que participen a Federación Galega de Municipios e Provincias e as tres universidades galegas.

3º) Publicar no segundo semestre de 2021, na páxina *web* da Xunta de Galicia, en cumprimento a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a totalidade dos recursos destinados aos concellos fusionados dende a constitución de cada un dos novos concellos?

B) O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre:

1º) A situación económica dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras dende o ano 2009 ata a súa fusión.

2º) A situación económica do Concello de Oza-Cesuras dende a súa fusión ata o ano 2020.

3º) A situación económica dos concellos de Cerdedo e Cotobade dende o ano 2009 ata a súa fusión.

4º) A situación económica do Concello de Cerdedo-Cotobade dende a súa fusión ata o ano 2020.

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/08/2021 12:29:27

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/08/2021 12:29:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/08/2021 12:29:56

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:46:59
Nº Rexistro: 20378
Data envio: 23/08/2021 11:46:59.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Neste verán de 2021 na Galiza levamos un número menor de incendios que outros veráns por contar este con temperaturas menos elevadas e con choivas periódicas nalgúns puntos que impediron que se provocaran lumes.

Así mesmo, levamos unha superficie queimada que non é chamativa a comparanza de outros anos, derivada da mesma cuestión.

A medida que o verán estacional vai rematando as temperaturas estanse incrementando como tamén o fai o nivel de seca, e é aquí cando os lumes van aparecendo progresivamente.

Recentes lumes foron os de Sobradelo, con afectación de case 200ha e unha gran mobilización de recursos humanos e materias e motivado segundo as investigacións da consellería de Medio Rural por unha chispa da catenaria do ferrocarril ao paso pola zona, nesta zona non foi o único sendo o outro de menor entidade.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:46:59
Nº Rexistro: 20378
Data envio: 23/08/2021 11:46:59.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén houbo afectación por lumes en concellos como Rois, con 20 has., Guitiriz e Vilalba coa suma de 1,3 has. de superficie e incluso un en Quiroga próximo á superficie queimada por outro lume que ameazou hai uns meses a Serra de Courel, este afectou a unha superficie de 500m2.

Esta mesma fin de semana desatouse outro lume no concello de Negueira de Muñíz con afectación de 25 has., que ao momento desta iniciativa xa poderían ser máis, mentres en Ourense se ven comprometidas 30 has. por varios incendios simultáneos en distintos concellos, que poden ser máis ao remate da fin de semana.

Vese claro que o número de incendios está nun claro incremento como así tamén a superficie afectada. Aqueles lumes que se controlaron con pouca afectación no terreo puideron ter máis.

Unha vez máis a ausencia de políticas axeitadas para a prevención de lumes, incidir na extinción como única vía de solución non protexe o territorio nin ás persoas, seguimos na Galiza a depender da climatoloxía para a prevención dos lumes.

Ano tras ano tras ano o goberno da Xunta deixa que se repitan pasivamente as mesmas ausencias de políticas contra o lume sen tomar medidas para conducir ao un deseño territorial que protexa aos núcleos de poboación e ao propio territorio, xa que se crearían franxas de protección natural a través das cales sería ben dificultoso que se propagara.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:46:59
Nº Rexistro: 20378
Data envio: 23/08/2021 11:46:59.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No canto disto, as medidas que se toman son esperar a que veña un verán chuvioso e logo si, culpar ás persoas de ser incendiarias e investir un orzamento sen límite na extinción.

Dende o BNG consideramos esta política culpabilizadora que inviste no que dá máis negocio que é a extinción, no canto de investir na ordenación do territorio para a prevención, é nefasta e todas e cada unha das épocas cálidas o demostra.

Por isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento Galego insta a Xunta a:

1. Cambiar o modelo de loita contra o lume dun xeito profundo e para iso comezarase pola realización dunha análise fonda da situación na que participarán todos aqueles sectores relacionados cos diversos usos do monte que conducirá á modificación coherente da lexislación actual para adaptala á realidade climática e ao tipo de incendios.

2. Implementar cantas medidas sexan precisas para que os esforzos sexan dedicados á prevención de incendios, contarase coa poboación que habita os núcleos das Comunidades de Montes e conveniaranse con eles usos do monte que sexan útiles para a prevención, como por exemplo o pastoreo.

3. Usar as novas tecnoloxías para a disuasión, prevención e alerta dos lumes.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:46:59
Nº Rexistro: 20378
Data envio: 23/08/2021 11:46:59.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Manter en bo estado as balsas de auga e as bombas que haxa nelas para garantir o abastecemento durante a extinción.

5. Facer cumprir as normas de xestión de biomasa tanto a empresas como a institucións ou particulares.

6. Nas zonas de alto risco de incendio establecer medidas especiais como devasas en torno a cultivos e outros tipos de ordenación do territorio.

7. Traballar na mellora das condicións formativas e laborais das brigadas de extinción

8. Traballar así mesmo en conseguir que a redución do número de lumes que se activen en épocas de seca dependa máis das labores de prevención e non tanto das circunstancias metereolóxicas.”

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P.do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:46:59
Nº Rexistro: 20378
Data envio: 23/08/2021 11:46:59.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 11:44:02

María González Albert na data 23/08/2021 11:44:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/08/2021 11:44:36

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2021 11:46:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:24
Nº Rexistro: 20380
Data envio: 23/08/2021 12:30:24.606

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **María González Albert** e dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Este verán de 2021 estívose a caracterizar pola súa pluviosidade e baixas temperaturas polo que o número e impacto dos lumes que se ocasionaron foi limitado.

Nos que se produciron podemos notar menor afectación de superficie sendo ata o momento o lume de Sobradelo o que provocou que se queimara unha superficie máis extensa con cerca de 200 has. Nas 48 horas que o monte baixo e arborado estivo ardendo a mobilización de recursos para a súa extinción foi máxima: 8 avións, 9 helicópteros, 30 axentes forestais, 52 brigadas, 25 motobombas e 2 palas escavadoras, isto elevou a máis de 326.000€ o custe da súa extinción.

Observamos un ano máis que o modelo de planificación e prevención de incendios segue a ser o tradicional da Xunta baseado na climatoloxía para a prevención e na macromobilización de efectivos para a extinción a pesares do custo económico que supón e da pouca efectividade que ten a curto e longo prazo para suprimir definitivamente esta perigosa lacra.

Repite o Goberno da Xunta reiteradamente que somos un país de incendiarios e que a maioría son inevitables porque son provocados, en cambio dende o BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:24
Nº Rexistro: 20380
Data envio: 23/08/2021 12:30:24.606

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debemos sinalar que hai numerosos incumprimentos de organismos responsables e a Xunta de Galiza permanece calada e pasiva.

Podemos nomear de novo o lume de Sobradelo onde Medio Rural estima que a causa foi unha chispa da catenaria do ferrocarril ao seu paso polo lugar. Adif presentou o seu plan de prevención de incendios 2021-2022 o ano pasado este lume é a mellor constatación de que non o cumpre, non só nesta zona senón en xeral, podemos asegurar que as marxes das vías do ferrocarril non están adecuadamente mantidas e limpas.

Tampouco o "Ministerio de Fomento" está a facer o adecuado mantemento das estradas nacionais galegas. Esta limpeza faise tarde, de xeito lento e parcial ou non se fai, o cal pon en grave risco de que se poida provocar lumes. Límpanse 1 ou 2 metros de marxes ao carón da vía pero non os terrapléns, incluso esta limpeza se está a facer con Glifosato que logo aparece nos informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co cal unha vez máis a Galiza soporta a carga de contaminación ao tempo que o risco de incendio se mantén.

En ambos casos hai que subliñar que a limpeza ao seu paso por núcleos urbanos é igual de deficitaria que por zonas menos poboadas.

Para rematar sinalamos que non estaría de máis que a limpeza das franxas das liñas de alta e media tensión fora máis exhaustiva

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento Galego a da Xunta a:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:24
Nº Rexistro: 20380
Data envio: 23/08/2021 12:30:24.606

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Poñer en marcha os mecanismos precisos para instar aos distintos ministerios e empresas públicas ou privadas do Estado español a cumprir cos plans de prevención de incendios e, polo tanto, a manter as franxas en torno ás estradas nacionais e liñas de ferrocarril cun nivel de cortas de maleza adecuado e que polo tanto evite a propagación dun potencial lume.

2. Solicitar compensación da empresa pública Adif polos gastos ocasionados polos lumes que se demostren provocados pola falta de mantemento nas marxes das liñas de ferrocarril.

3. Estudar, deseñar e planificar os riscos de lumes na Galiza e a súa abordaxe dende unha perspectiva que vaia máis alá da forte inversión en extinción sen que haxa unha planificación para a prevención."

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:24
Nº Rexistro: 20380
Data envio: 23/08/2021 12:30:24.606

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 12:11:18

María González Albert na data 23/08/2021 12:11:22

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/08/2021 12:11:31

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2021 12:11:43

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 13:04:13
Nº Rexistro: 20385
Data envio: 23/08/2021 13:04:13.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o destino dos residuos xerados na execución de obras de reforzo firme e MSV na OU-525

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto 1390/2018, de 19 de novembro, publicado no DOG núm. 237, de 13 de decembro, facíase efectivo o cambio de titularidade do treito da N-525 entre o p.k. 219,100 (enlace da N-525 coa A-52 en Allariz) ate o p.k. 233,800 (enlace N-525 coa A-52 no acceso a Ourense Sur), incluídos os seus enlaces interiores e vías de servizo. Era a plasmación do xa acordado o día 19 de xuño de 2018 o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galiza.

Anos despois de verificado o cambio de titularidade, a Xunta licitou a realización de obras de reforzo do firme e de mellora da seguridade viaria no referido treito de 14 km. da agora denominada OU-525, na contorna dos polígonos empresariais de San Cibrao das Viñas e de Barreiros. Obra adxudicada á mercantil Extracto Construcións e Proxectos, S.A. por un importe de 3.598.046,67 € (IVE incluído).

Malia que no propio expediente de contratación recoñecese o impacto medioambiental que a execución das obras contratadas podería ter na contorna, e que mesmo o respecto a normativa sectorial se considere como unha cuestión cuxo incumprimento podería dar lugar á resolución do contrato (certamente resulta

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 13:04:13
Nº Rexistro: 20385
Data envio: 23/08/2021 13:04:13.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contraditorio por unha banda, ao considerar esencial a observancia da lexislación medioambiental e que, por outra, só dea lugar a resolución cando eses incumprimentos son reiterados e de carácter moi grave); non consta se estea a cumprir a normativa para o tratamento de residuos, nin se implementasen medidas de control para garantir a observancia e cumprimento de tal normativa.

Así, non consta que os residuos producidos na execución dos traballos de aplicación dunha nova capa de rodadura sexan retirados e trasladados a unha planta para o seu tratamento. A este respecto cabe lembrar que as mesturas bituminosas que conteñan alquitrán de hulla e produtos alquitranados son considerados como residuos potencialmente perigosos polo que, en ningún caso, pode admitirse o seu abandono ou que sexan esparexidos polas cunetas que circundan a referida vía; máxime cando se trata dunha estrada que, parcialmente, discorre por Allariz (Reserva da Biosfera) e que obviamente afectan á paisaxe e ao patrimonio natural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as medidas de vixilancia e control necesarias para velar polo estrito cumprimento das medidas de protección medioambiental na execución das obras de reforzo do firme e da MSV na estrada OU-525."

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 13:04:13
Nº Rexistro: 20385
Data envio: 23/08/2021 13:04:13.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/08/2021 13:00:18

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2021 13:00:22

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2021 13:00:31

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20429
Data envio: 23/08/2021 14:42:50.309

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia lamentamos que as familias e o conxunto do tecido empresarial estean a sufrir as consecuencias dunha transición enerxética desordenada e inxusta promovida polo actual Goberno que - ademais de poñer en risco milleiros de emprego - se está a traducir nunha escalada incontrolada do prezo da electricidade, atopándose día tras día en máximos históricos.

De feito, o prezo eléctrico en España é o triplo que hai un ano e un dos máis altos da Unión Europea. Por iso non entendemos que desde a Administración Xeral do Estado non se actúe coa máxima dilixencia e contundencia para adoptar as medidas que consigan evitar o desgaste que o custo da enerxía está tendo na economía dos fogares, así como na competitividade de industrias, pemes e autónomos, nun momento no que é preciso impulsar a recuperación social e económica tras os efectos da covid-19.

O Goberno non pode seguir poñendo escusas. A Comisión Europea vén de dicir que existe marxe de manobra para intervir ante o forte incremento da factura eléctrica, poñendo en práctica algunhas medidas compensatorias. Tamén pode aplicar algunhas salvagardas, como intervencións públicas na fixación de prezos para a subministración aos clientes domésticos en situación de pobreza enerxética ou vulnerables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a emprender as medidas e reformas estruturais necesarias para abaratar a factura eléctrica das familias e empresas afectadas polo escalada no prezo dos últimos meses".

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20429
Data envio: 23/08/2021 14:42:50.309

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/08/2021 14:33:24

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 23/08/2021 14:33:38

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/08/2021 14:33:57

Borja Verea Fraiz na data 23/08/2021 14:34:11

José Antonio Armada Pérez na data 23/08/2021 14:34:26

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/08/2021 14:34:39

Cristina Sanz Arias na data 23/08/2021 14:34:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/08/2021 14:35:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 10:27:26
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 24/08/2021 10:27:26.632

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Jose Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O pasado mes de maio a Xunta de Galicia remitiu ao Goberno unha proposta de Pacto de Estado por Ferrol cun centenar de medidas, prazos e orzamentos concretos para traballar, desde a unidade de acción das diferentes Administracións Públicas, na recuperación e transformación industrial das comarcas de Ferrol, afectadas pola entrada en subactividade de Navantia e polo peche precipitado da central térmica das Pontes, entre outros factores.

Esta folla de futa incorpora as achegas de concellos e axentes económicos e sociais que comparten o propósito de reverter canto antes a actual situación e saír máis fortalecidos. Para conseguilo, as medidas artéllanse ao redor de oito obxectivos: recuperación empresarial e laboral; reforzo de empresas tractoras; modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais; diversificación cara a sectores con potencial de futuro; desenvolvemento das cadeas de valor para, por exemplo, impulsar a industria auxiliar; xeración de innovación e coñecemento; mellora da competitividade territorial; e consolidación dos servizos públicos.

Neste contexto, precisamente, considérase necesario reforzar a posición do Porto de Ferrol na Rede Transeuropea de Transportes para que poida actuar como un polo de atracción empresarial, contribuíndo á xeración de novas oportunidades de emprego para estas comarcas. Cómpre traballar na captación de novos tráficos para asimilar e superar o impacto da desaparición de movementos de carbón, ao que se suman os peches consumados de Siemens-Gamesa nas Somozas. Un dato: a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao pechou o 2020 cunha caída do 60% nos beneficios, pasando de 3,2 millóns de euros en 2019 a só 1,1 millóns o pasado ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia demandar do Goberno central a promover:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 10:27:26
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 24/08/2021 10:27:26.632

grupo parlamentario popular de galicia

1.- A creación dunha Zona Franca no Porto de Ferrol, con especial tributación, como unha iniciativa clave no impulso da competitividade e o desenvolvemento das actividades industriais, comerciais e de servizo nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

2.- Unha Plataforma Loxística Intermodal no Porto Exterior e a configuración dunha estrutura de colaboración público-privada que facilite as actividades loxísticas a custo competitivo (ZAL)".

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 10:27:26
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 24/08/2021 10:27:26.632

grupo parlamentario popular de galicia

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 10:27:26
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 24/08/2021 10:27:26.632

grupo parlamentario popular de galicia

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 10:27:26
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 24/08/2021 10:27:26.632

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/08/2021 10:18:57

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 24/08/2021 10:19:12

José Manuel Rey Varela na data 24/08/2021 10:19:26

Diego Calvo Pouso na data 24/08/2021 10:19:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/08/2021 10:20:14

Borja Verea Fraiz na data 24/08/2021 10:21:07

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2021 10:21:17

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/08/2021 10:21:41

Cristina Sanz Arias na data 24/08/2021 10:21:58

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/08/2021 10:22:11

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:17:24
Nº Rexistro: 20435
Data envio: 24/08/2021 12:17:24.122

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Diego Calvo Pouso, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martinez, Teresa Egerique Mosquera, Manuel Santos Costa, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos:

Recentemente vimos de coñecer a través dos medios de comunicación, que o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (Mitma) viña de sacar a licitación a construcción da pasarela peatonal no camiño portugués ao seu paso por Mos. Unha antiga demanda que foi reclamada en reiteradas ocasións tanto pola rexedora actual de Mos como polos deputados do Grupo Popular no Congreso e no Senado, obra que consideramos de apremiante necesidade, moito máis importante e urxente nuns anos Xacobeos como son os anos 2021 e 2022.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, aplaudimos esta licitación dado que é unha antiga demanda, pero consideramos insuficientes as medidas para paliar o problema de tráfico. Xa que as demandas feitas polos veciñais e veciños e trasladadas pola rexedora local que incluían un proxecto na intersección en Louredo están sen atender.

Este proxecto que estaba no seu momento orzamento polo mesmo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e que consistía na remodelación da intersección da Estrada N-550, na parroquia de Louredo, punto kilométrico 148 650, cuxo proxecto permitiría o xiro e cambios de sentido de vehículos aos barrios de Pombal, Pantaño e San Gregorio, optimizando a seguridade viaria, demanda veciñal de vital importancia nesta estrada nacional.

Así mesmo, reiteramos a importancia da estrada PO-550, depedende do Goberno central, e a vía que une Porriño con Santiago de Compostela pasando por Pontevedra, unha vía ataigada diariamente de vehículos, tanto lixeiros como pesados e pola que discurre o Camiño de Santiago o seu paso por Mos.

Un obxetivo prioritario das administracións competentes e garantir a seguridade viaria, tanto do tráfico rodado como dos peóns, polo que resulta urxente acometer as obras orzamentadas e non realizadas.

Polo exposto, O Grupo parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:17:24
Nº Rexistro: 20435
Data envio: 24/08/2021 12:17:24.122

grupo parlamentario popular de galicia

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a acometer de unha forma urxente aproveitando a licitación do tramo de Amieirolongo, tanto as obras remodelación da intersección de Louredo na PO-550 o seu paso por Mos dada a evidencia de perigosidade, así cómo a axilizar a licitación da pasarela de Amieirolongo".

Santiago de Compostela, 24 de agosto 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:17:24
Nº Rexistro: 20435
Data envio: 24/08/2021 12:17:24.122

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/08/2021 12:14:18

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/08/2021 12:14:32

Diego Calvo Pouso na data 24/08/2021 12:14:41

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2021 12:14:57

María Corina Porro Martínez na data 24/08/2021 12:15:07

Teresa Egerique Mosquera na data 24/08/2021 12:15:18

Manuel Santos Costa na data 24/08/2021 12:15:32

Carmen María Pomar Tojo na data 24/08/2021 12:15:58

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2021 12:16:08

José Manuel Balseiro Orol na data 24/08/2021 12:16:18

María Sol Díaz Mouteira na data 24/08/2021 12:16:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/08/2021 12:16:36

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:24:42
Nº Rexistro: 20441
Data envio: 24/08/2021 12:24:42.059

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Paloma Castro Rey, Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará varias sucursais, entre elas, a situada na parroquia de Campelo, no concello de Poio, quedando así sen o servizo bancario diario que presta unha dunha entidade financeira.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, que se deberá desprazar ata outra parroquia para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Este peche, vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico.

É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:24:42
Nº Rexistro: 20441
Data envio: 24/08/2021 12:24:42.059

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato as xestións oportunas para que a entidade Abanca, herdeira das caixas de aforros galegas, manteña a súa sucursal bancaria na parroquia de Campelo, concello de Poio.

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 12:17:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/08/2021 12:17:21

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 12:17:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/08/2021 12:17:48

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:27:59
Nº Rexistro: 20446
Data envio: 24/08/2021 13:27:59.122

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O concello da Cañiza non é alleo á política de desmantelamento da sanidade pública levada a cabo durante estes anos de goberno do PP en Galicia.

Este concello conta con 5.122 habitantes e presenta unha tendencia positiva de crecemento nos últimos anos.

O PAC da Cañiza leva conta dende hai dous anos cun facultativo menos, sendo unicamente 3 os profesionais médicos adscritos a este concello, o que supón un prexuízo para o dereito a unha atención sanitaria de calidade da súa veciñanza, xa que son insuficientes para atender ás 4.411 cartillas adscritas.

A poboación da Cañiza, está repartida en 9 parroquias, delas, a de Velaixe é a maior e máis importante das parroquias do municipio. Cunha poboación de arredor de 1.300 veciños e dista da capital 5 km.

E é tamén a máis prexudicada por esta falla de facultativos, xa que o centro de saúde sito nesta parroquia leva dous anos sen repoñer o médico que cesou por unha baixa.

Isto supón un forte agravio para a poboación desta parroquia que se ten que desprazar ata o PAC da Cañiza sito a máis de 5 Km, tendo en conta que se trata na maioría dos casos, dunha poboación envellecida que acode habitualmente ao centro de saúde por cronicidade ou doenzas comúns.

A isto súmase o dano económico que supón usar taxi ou vehículo na maioría dos casos, debido ao deficiente servizo de transporte público existente no noso territorio.

O alcalde da Cañiza leva anos pedindo ao Goberno da Xunta que se cubra esta praza, chamando a todas as portas pero as respostas son sempre evasivas ou negativas.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:27:59
Nº Rexistro: 20446
Data envio: 24/08/2021 13:27:59.122

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Este desleixo e falla de atención entendemos que está a evidenciar unha vontade de desmantelamento deste consultorio, que se nun futuro se produce será responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Núñez Feijóo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Repoñer de xeito urxente o facultativo adscrito ao PAC da Cañiza, que prestaba servizos no consultorio da parroquia de Valeixe.

2º) Manter de forma permanente en 4 o número de facultativos médicos adscritos ao PAC da Cañiza.

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 13:03:35

Julio Torrado Quintela na data 24/08/2021 13:03:45

Marina Ortega Otero na data 24/08/2021 13:03:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/08/2021 13:04:09

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:25
Nº Rexistro: 20450
Data envio: 24/08/2021 13:29:25.309

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A pandemia, as fusións e o camiño emprendido cara á dixitalización está contribuíndo a un proceso inexorable de reestruturación e transformación da banca no conxunto do Estado e por suposto tamén en Galicia. En consecuencia, estamos diante dun proceso continuo de peche de oficinas, de mingua na prestación de servizos financeiros, de expulsión da presencia física dos clientes nas entidades, da imposición de modelos de banca dixital a persoas clientes que carecen da suficiente formación ou mesmamente da imposibilidade de que moitos se vexan privados do acceso o efectivo.

Unha tendencia que seguirá no ano 2021 e que de seguro se prolongará nos próximos anos.

Non é unha situación novidosa. Dende o ano 2008 o número de oficinas bancarias non deixou de minguar. Segundo datos do Banco de España en Galicia lévanse pechado nos últimos 12 anos máis da metade da súa rede de oficinas, pasando de 2.539 do ano 2008 a 1.231, a finais de 2020.

Aínda que o proceso de peche de oficinas afecta ao conxunto das entidades financeiras en Galicia, resulta certamente rechamante o caso de Abanca, por ser esta entidade a de maior presenza no país tanto por número de clientes como por volume de negocio e conta de resultados. Unha entidade que, como é publico e notorio, é o resultado final do proceso de fusión e posterior extinción das caixas de aforros. Caixas que capilarizaban o territorio con presenza en todos os concellos de Galicia dando cobertura de servizos financeiros á inmensa maioría da poboación.

Dende marzo de 2015 a marzo de 2021 Abanca leva pechadas máis de 110 oficinas, un proceso de peche que se ve incrementado nos últimos meses de xeito indiscriminado. Dende abril deste ano Abanca ten pechado ou anunciado o peche de oficinas en Carril, Vilaxoán, Vimianzo, Zas, A Baña, Baíñas, Muras, Vimianzo, Forcarei, Fene, Cotobade, Cerdido, Mesón do Vento, Seixo (Marín), Campelo, Campo Lameiro, Padrenda, Quintela de Leirado, Padrenda … , moitas desas oficinas radicadas en concellos ou localidades nas que era a única oficina o

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:25
Nº Rexistro: 20450
Data envio: 24/08/2021 13:29:25.309

cal está xerando unha situación evidente de exclusión financeira para unha parte importante da poboación galega.

Lembramos que en Galicia existen xa cerca de 50 concellos, que abranguen a unha poboación de 60 mil persoas, sen ningunha oficina bancaria. Concellos rurais onde a exclusión financeira e a perda de servizos básicos é unha constante. Problemática que, lamentablemente, afecta ao conxunto da poboación galega, posto que o peche de oficinas bancarias tamén se está a dar en cidades e vilas máis urbanas.

Con todo sendo preocupante a situación en toda Galicia, a situación vólvese dramática na provincia de Ourense na que case un 30 % dos concellos carecen de oficina bancaria (un 9 % da poboación), concellos onde hai anos operaban precisamente as Caixas de Aforro, sucedidas despois por Abanca en canto entidade compradora de NG Banco, S.A (entidade resultado da fusión das caixas galegas).

Unha venda, a das caixas de aforro, feita a toda presa e por un prezo de saldo, despois dun saneamento de máis de 9.000 millóns de euros de diñeiro público, o do que aínda o Goberno galego non deu contas a ninguén neste país.

Unha xestión nefasta e desastrosa que agora produce estas consecuencias.

Diante do desmantelamento continuo e reiterado de servizos básicos financeiros a resposta da Xunta de Galicia foi financiar con fondos públicos que as entidades bancarias instalen caixeiros nos concellos nos que precisamente acaban de pechar oficina.

Unha estratexia errada ("pan para hoxe e fame para mañá"), que non vai parar a sangría de peche de oficinas bancarias e que, no seu caso, debe ser sufragada polas propias entidades con cargo á súa conta de resultados.

Se a Xunta de Galicia mete a Abanca nunha sociedade para xestionar os Fondos Europeos, que razóns asisten ao Goberno galego para non presionar politicamente a esta entidade co fin de evitar o peche de oficinas, especialmente, en concellos nos que é única oficina.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:25
Nº Rexistro: 20450
Data envio: 24/08/2021 13:29:25.309

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Dirixirse á entidade Abanca, S.A. para que por esta entidade, nun proceso de responsabilidade social con Galicia, se proceda á paralización inmediata do peche de oficinas bancarias que se ten anunciado nos últimos meses, especialmente, nos concellos nos que esta entidade é a única oficina bancaria.

2º) Dirixirse a Abanca, S.A., e demandar a reapertura das oficinas pechadas no ano 2021, especialmente, nos concellos en que está entidade era a única con oficina bancaria.

3º) A elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do Consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras a non ser excluídos na prestación de servizos básicos de carácter financeiro.

4º) A dirixirse ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 13:24:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/08/2021 13:25:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/08/2021 13:25:17

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:23
Nº Rexistro: 20462
Data envio: 24/08/2021 13:55:23.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14/06/2021 facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023. É necesario recordar que as anteriores, publicadas o 23 de marzo deste mesmo ano, supuñan, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores do mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos. Naquel momento, fallando a previsión de novas vagas, gromos e restricións, a perspectiva mudara.

Neste novo estudo o Banco de España sinala a incerteza coma un factor fundamental aínda que reducido polo proceso de inmunización da poboación, mais importante aínda a medio prazo por mor das repercusións da crise económica. O Banco de España sinala as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:23
Nº Rexistro: 20462
Data envio: 24/08/2021 13:55:23.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo eleva o medre do PIB en comparación coas previsións de marzo, facendo unha revisión á alza do medre no 2021 e 2022 esperando que o PIB medre un 6,2% de media anual en 2021.

Así mesmo, o organismo sinala incertezas respecto dos prezos, a inflacción e a actividade. Finalmente, sinálase a chegada dos fondos europeos, singularmente os Next Generation, como un elemento clave. Cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a demandar do Consello Económico e Social a elaboración, en colaboración con outras entidades e foros de análise económico, dun informe actualizado sobre as previsións económicas de Galiza após o impacto da quinta vaga da covid e da evolución da vacinación, valorando os posíbeis escenarios e incorporando propostas de actuación para que poidan ser debatidas na Cámara Galega e consensuadas por parte dos grupos."

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:23
Nº Rexistro: 20462
Data envio: 24/08/2021 13:55:23.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 24/08/2021 13:52:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/08/2021 13:52:32

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2021 13:52:40

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2021 13:52:49

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:39
Nº Rexistro: 20463
Data envio: 24/08/2021 13:55:39.184

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14/06/2021 facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023. É necesario recordar que as anteriores, publicadas o 23 de marzo deste mesmo ano, supuñan, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores do mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos. Naquel momento, fallando a previsión de novas vagas, gromos e restricións, a perspectiva mudara.

Neste novo estudo o Banco de España sinala a incerteza coma un factor fundamental aínda que reducido polo proceso de inmunización da poboación, mais importante aínda a medio prazo por mor das repercusións da crise económica. O Banco de España sinala as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:39
Nº Rexistro: 20463
Data envio: 24/08/2021 13:55:39.184

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo eleva o medre do PIB en comparación coas previsións de marzo, facendo unha revisión á alza do medre no 2021 e 2022 esperando que o PIB medre un 6,2% de media anual en 2021.

Así mesmo, o organismo sinala incertezas respecto dos prezos, a inflacción e a actividade. Finalmente, sinálase a chegada dos fondos europeos, singularmente os Next Generation, como un elemento clave. Cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a demandar do Consello Económico e Social un estudo específico sobre a situación económica galega após os 9 primeiros meses de pandemia e as propostas máis destacadas por sectores que se anticipe á memoria anual do ano 2020 de forma que a administración poida aplicar con meirande premura as súas suxestións."

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:39
Nº Rexistro: 20463
Data envio: 24/08/2021 13:55:39.184

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2021 13:53:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/08/2021 13:53:31

Daniel Pérez López na data 24/08/2021 13:53:42

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2021 13:53:52

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:48
Nº Rexistro: 20497
Data envio: 25/08/2021 10:39:48.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza e da débeda no conxunto do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de agosto de 2021 coñeciamos os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo. En síntese, acadou os 1.426 mm de euros en xuño de 2021, cunha taxa de crecemento interanual do 10,4%. Segundo avanza o Banco de España, empregando o PIB nominal dos últimos catro trimestres, a ratio débeda/PIB sitúase no 122,1% no último trimestre de 2021.

Respecto da evolución a nivel das administracións autonómicas, avánzase que a débeda das Comunidades Autónomas medrou até os 313 mm de euros en xuño de 2021, o que representa un aumento interanual do 2,4% nun ano marcado, como é evidente, pola irrupción da pandemia da covid-19. É de sinalar que no caso das corporacións locais hai unha redución do 9,1% respecto do saldo rexistrado no mes de xuño do ano anterior. En todo caso, no conxunto das administracións públicas a liña é a consolidación do aumento, ata o 2,4% anual.

Respecto do último dato dispoñíbel concreto e definitivo sobre a débeda galega, do primeiro trimestre de 2021, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.738 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:48
Nº Rexistro: 20497
Data envio: 25/08/2021 10:39:48.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben é certo que vivimos un contexto económico no que o endebedamento é unha evidente necesidade, non é menos a preocupación en termos globais do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego respecto da evolución da débeda en Galiza durante os mandatos de Núñez Feijóo e os seus resultados. É polo tanto unha cuestión respecto da que o Parlamento galego debe facer seguimento e análise.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir ao Parlamento Galego, para o seu debate e propostas de resolución, un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, resultados da evolución da posta en marcha dos bonos verdes, etc., e previsión para a evolución do endebedamento e medidas para que o endebedamento contribúa a soster os servizos públicos e impulsar a economía."

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:48
Nº Rexistro: 20497
Data envio: 25/08/2021 10:39:48.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2021 10:34:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2021 10:34:22

Daniel Pérez López na data 25/08/2021 10:34:35

Ana Pontón Mondelo na data 25/08/2021 10:34:49

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:29:23
Nº Rexistro: 20508
Data envio: 25/08/2021 11:29:23.448

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará varias sucursais, entre elas a situada na parroquia de Baíñas no concello de Vimianzo, quedando así sen ningún servizo bancario diario uns 700 veciños.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, na súa maioría persoas maiores, que deberán desprazarse ata o núcleo de Vimianzo para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precisen.

Contra esta decisión tense manifestado toda a poboación do concello, así como os tres grupos políticos que conforman a corporación municipal (PSdeG, PP e Adiante Vimianzo), que expresaron publicamente o seu rexeitamento ao peche da sucursal de Baíñas, cun novo golpe ao rural, que neste caso afectará gravemente á economía da parroquia, ás súas empresas, ao seu comercio e á hostalaría, un paso máis no desmantelamento do rural, pese á publicidade pagada do Goberno da Xunta de Galicia, e como dicía a súa alcaldesa "vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade para poder retirar cartos ou realizar calquera tipo de trámite, poboación moi presente en Baíñas e afectada pola fenda dixital á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal".

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:29:23
Nº Rexistro: 20508
Data envio: 25/08/2021 11:29:23.448

rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que inicie de inmediato as xestións oportunas para que a entidade Abanca, herdeira das caixas de aforros galegas, manteña a súa sucursal bancaria na parroquia de Baíñas no concello de Vimianzo.

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 25/08/2021 10:46:05

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2021 10:46:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/08/2021 10:46:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/08/2021 10:46:51

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:27:09
Nº Rexistro: 20512
Data envio: 25/08/2021 12:27:09.448

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da hostalaría, que engloba a bares, cafetarías, locais de ocio nocturno, restauración e hospedaxe, é un dos máis afectados polas consecuencias da Covid-19.

As medidas sanitarias adoptadas dende as administracións implicaron peches e restricións de actividade, horario e aforo dende o comezo da pandemia. E nos períodos nos que puideron abrir os seus negocios, a afluencia de clientes viuse gravemente afectada polos peches perimetrais e polo medo ao contaxio social. O que supuxo un importantísimo descenso de facturación, que non foi compensado durante moitos meses por axudas nin do Estado nin da Xunta.

E todo isto, despois de máis de 500 días de pandemia, levou ao sector a atoparse nunha situación crítica a aqueles negocios que puideron resistir, porque no que vai de crise, o sector perdeu máis de 11.000 postos de traballo entre regulacións de emprego e despedimentos. E así o confirman os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos tan só ao ano 2020.

Convén recordar que estamos a falar dun sector cun gran peso no Produto Interior Bruto (PIB) galego, que empregaba, antes da pandemia, a máis de 60.000

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:27:09
Nº Rexistro: 20512
Data envio: 25/08/2021 12:27:09.448

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos e galegas. Sector que ademais inflúe na creación de miles de empregos a través de sectores relacionados como poden ser os de alimentación, bebidas, distribución ou maioristas.

Por todo isto, a profunda crise da hostalaría pode ter un efecto negativo na economía galega se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector. Máxime cando as liñas de axuda articuladas pola Xunta e o Estado non foron suficientes para permitir saír ao sector da situación de afogo na que se atopa.

As medidas impostas polo goberno galego á hostalaría para, aparentemente, frear o avance da pandemia, caracterizáronse pola improvisación e arbitrariedade, colocando ao todo este sector como cabeza de turco diante da opinión pública. En lugar de adoptar medidas no ámbito sanitario, de reforzo da atención primaria, de rastrexo e de control efectivo do virus, o goberno do Sr. Feijóo adoptou medidas restritivas para a hostalaría, sen que houbera un criterio claro, e directa ou indirectamente, responsabilizando ao sector dos contaxios.

O paroxismo desa improvisación e arbitrariedade do actuar da Xunta atopámolo na imposición do chamado “pasaporte Covid” para poder acceder aos locais de hostalaría, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou de forma clara e contundente como unha medida ilegal, ineficaz e que demoniza ao sector da hostalaría.

Ante estes feitos, de fonda gravidade para unha sociedade avanzada e democrática como é a galega, e ante o novo escenario no que nos atopamos polo avance na vacinación e no control dos contaxios, parece imprescindíbel que dende a Xunta de Galiza se aborde a problemática dos hostaleiros en profundidade, cunha análise abondosa pero precisa. Para acadalo devén ineludíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso e realizar esa análise dende un punto de vista técnico. Só deste xeito as

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:27:09
Nº Rexistro: 20512
Data envio: 25/08/2021 12:27:09.448

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas que se adopten, amparadas en normas claras, serán eficaces. Permitindo conxugar actividade do sector e a necesaria garantía de sanidade pública.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a constituír, á maior brevidade, unha mesa permanente de diálogo e traballo, na que estean presentes a Xunta de Galiza, administracións locais, unha representación ampla e plural do sector da hostalaría, así como economistas pertencentes ao Consello Galego de Economistas, e as universidades galegas, co obxectivo de consensuar e adoptar medidas, económico-sociais e sanitarias, claras e eficaces cara o sector da hostalaría."

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:27:09
Nº Rexistro: 20512
Data envio: 25/08/2021 12:27:09.448

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 25/08/2021 12:17:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2021 12:17:33

María do Carme González Iglesias na data 25/08/2021 12:17:43

Ana Pontón Mondelo na data 25/08/2021 12:17:52

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:32:43
Nº Rexistro: 20517
Data envio: 25/08/2021 12:32:43.073

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Despois de 18 meses dende a chegada da pandemia hoxe todos somos conscientes que o único xeito de retomar certo nivel de normalidade é a través dunha vacinación masiva do conxunto da poboación. Tamén no que atinxe ao desenvolvemento das competicións deportivas federadas.

Máis alá das desconfianzas e deslealdades amosadas polo presidente da Xunta de Galicia en torno á estratexia vacinación e á chegada de vacinas anunciada polo Goberno do Estado, cunha oposición lamentable e bastante cínica, o certo é que o 65,8 % da poboación galega tiña recibido a principios do mes de agosto a pauta completa da vacina.

Unha porcentaxe que acada o 73,7 % dos galegos e galegas con, polo menos, unha soa dose, segundo datos oficiais do Ministerio de Sanidade. Unha vacinación que foi posible grazas ao traballo de todas as administracións implicadas, salientando aos profesionais sanitarios do Sergas que fixeron un labor excepcional.

Conforme ao cadro que achegamos son as persoas comprendidas entre os 12 e os 29 anos as que aínda teñen porcentaxes moi baixos de vacinación. Se trasladamos o cadro ao ámbito do deporte federado non profesional atopámonos con resultados practicamente idénticos, dado que son eses tramos de idade os que copan a maioría das licenzas deportivas no ámbito do deporte federado de carácter afeccionado.

A consecuencia é que seguen a ser os deportistas e os clubs nos que se integran os que deben soportar a cantidade inxente de gastos aos que obrigadamente se ven abocados para o desenvolvemento das competicións de acordo co Protocolo marco Fisio-Covid, aínda vixente, e os protocolos adaptativos aprobados en cada federación deportiva galega. Protocolos que, aínda hoxe, impoñen os clubs a realización de test cada 14 días a todos e todas as deportistas integrantes deles, após doutras obrigas en relación co uso das instalacións deportivas, limitación de aforos ... etc

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:32:43
Nº Rexistro: 20517
Data envio: 25/08/2021 12:32:43.073

A isto debemos engadir a importante mingua de ingresos para os clubs motivada polas restricións impostas, especialmente no que atinxe á perda de patrocinios.

Cadro de persoas vacinadas en Galicia por tramo de idade (datos do Ministerio de Sanidade (08.08.2021)

20-29 anos	10,5%	8,8%
12-19 anos	0,6%	0,2%

A pesares da declaración da actividade deportiva como actividade esencial (PNL votada no Congreso dos deputados a instancias do Partido Popular e transaccionada co PSOE), ano e medio despois do inicio da pandemia nada ten mudado en relación co deporte galego.

Diante desta situación temos que lamentar a escasa importancia que a promoción e o desenvolvemento do deporte ten para a Xunta de Galicia.

No exercicio 2021, cun certamente orzamento expansivo e onde a capacidade de gasto da Xunta de Galicia se incrementaba por riba dos 1.570 millóns de euros, o orzamento para todo o deporte galego apenas se incrementaba en 8 millóns de euros respecto do ano 2020.

Nin axudas directas aos clubs, nin axudas extraordinarias, nin avais do Igape, nin tan sequera a previsión de establecer o adianto aos clubs dos importes das subvencións licitadas para facer fronte aos gastos Covid.

O pasado 3 de agosto o Pleno do Parlamento de Galicia, co voto en contra do Grupo Socialista, aprobaba o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2022. Teito de gasto que anticipa un orzamento cun límite de gasto de 11.571 millóns de euros, incluso por riba do teito de gasto do ano 2021.

A tenor da política da Xunta de Galicia nada fai presaxiar un cambio de rumbo na política orzamentaria cara a dotar o deporte galego de máis recursos.

E precisamente neste contexto onde os poderes públicos, con políticas expansivas de gasto, deben contribuír a paliar a difícil situación económica xerada pola pandemia nos clubs deportivos federados, dada a especial dificultade para obter financiamento e esponsorización dende o ámbito privado, nomeadamente dos clubs non profesionais.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:32:43
Nº Rexistro: 20517
Data envio: 25/08/2021 12:32:43.073

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sendo conscientes da enorme complexidade que implica a xestión desta pandemia, queremos amosar a nosa vontade construtiva e de consenso para que dende a Administración autonómica se adopten as medidas máis axeitadas en beneficio do deporte federado de ámbito autonómico, para o cal sería conveniente que o propio Goberno comparecese no Parlamento aos efectos de explicar a realidade presente e futura que lle espera ao deporte autonómico federado en Galicia nos próximos meses; así como as medidas de apoio que necesariamente hai que prestar aos clubs para garantir a súa supervivencia no actual contexto.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar unha liña de axudas directas para os clubs deportivos federados de ámbito autonómico que se teñan inscrito e participen nas competicións organizadas polas federacións deportivas galegas na tempada deportiva 2021-2022, complementaria e adicional a calquera outra liña de subvencións xa establecida pola Secretaria Xeral para o Deporte ou calquera outra administración pública autonómica, estatal ou local.

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2021 12:27:42

Pablo Arangüena Fernández na data 25/08/2021 12:27:53

Paloma Castro Rey na data 25/08/2021 12:28:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/08/2021 12:28:16

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 13:49:02
Nº Rexistro: 20525
Data envio: 25/08/2021 13:49:02.041

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A UE establece que para o ano 2023, todos os concellos deberán contar cun sistema de recollida separada de residuos biolóxicos. En España moitas comunidades autónomas xa fixeron os deberes e teñen implantado un modelo de recollida, pero en Galicia isto aínda é unha materia pendente.

Os residuos orgánicos representan aproximadamente o 40 % do total dos residuos sólidos urbanos, polo que a súa recollida separada é fundamental para cumprir cos obxectivos da reciclaxe establecidos pola UE, entre os que se atopan a necesidade de reciclar como mínimo o 50 % dos residuos orgánicos.

Galicia está moi lonxe de cumprir estes obxectivos, xa que durante todos estes anos de goberno, o PP non situou este asunto na súa axenda como prioritario. Consecuencia disto é o incumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de Residuos Urbanos de Galicia (2010-2022)

O tempo esgótase e a Xunta de Galicia como goberno autonómico ten que levar a cabo actuacións tendentes a acadar unha mellora integral da xestión dos residuos urbanos, onde se respecte a súa xerarquía de xestión, empezando pola minimización e prevención e, deixando como última opción, a valorización enerxética dos residuos e o vertido.

Dende o PSdeG cremos que é necesario priorizar este asunto na axenda medioambiental galega con medidas que leven a unha concienciación e obriga social.

Só así poderemos cumprir os obxectivos marcados dende a UE.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 13:49:02
Nº Rexistro: 20525
Data envio: 25/08/2021 13:49:02.041

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as seguintes medidas co fin de cumprir os obxectivos da reciclaxe de biorresiduos que impón a UE e o Goberno de España para 2023:

1ª) Integrar a recollida e o tratamento diferenciado dos biorresiduos como parte do seu modelo de xestión de residuos urbanos, para que isto chegue á maior parte da poboación.

2ª) Realizar campañas que incrementen a concienciación ambiental da cidadanía, e informen como levar a cabo a reciclaxe de biorresiduos.

3ª) Elaborar un documento técnico que aporte ás administracións locais a información técnica e práctica necesaria para iniciarse no proceso de recollida separada do lixo orgánico e avaliar cal é o modelo de xestión da compostaxe máis axeitada para o tratamento parcial ou total dos biorresiduos xerados no seu territorio de forma local.

4ª) Incrementar o investimento en programas de formación, co fin de orientar a persoal técnico, empresas, hostalería, administracións públicas e outros axentes de interese, nas prácticas de reciclaxe.

5ª) Cumprimento do establecido no Plan de Residuos Urbanos de Galicia, en relación á construción de 11 novas instalacións específicas e adaptadas ás cantidades e tipoloxías dos biorresiduos, ao longo de todo o territorio galego.

6ª) Impulsar e mellorar o programa da compostaxe doméstica, orientada non só a concellos senón tamén a organismos públicos ou privados, que polas súas características xeren gran volume de lixo orgánico (prisións, escolas, residencias maiores ou menores, hospitais ...), instaurando a obriga de desenvolvelos nos organismos de carácter público.

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/08/2021 12:30:40

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 13:49:02
Nº Rexistro: 20525
Data envio: 25/08/2021 13:49:02.041

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pablo Arangüena Fernández na data 25/08/2021 12:30:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/08/2021 12:31:09

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20531
Data envio: 25/08/2021 14:57:52.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Alexandra Fernández Gómez** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a contaminación por cianobacterias no encoro das Conchas e os efectos nos seus usos lúdicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recollen diferentes medios de comunicación, tras a realización de diversas análises as augas do encoro de As Conchas os días 6,13 e 20 de agosto, a Consellaría de Sanidade vén de decretar o nivel 3 de contaminación, nomeadamente pola presenza dunha elevada concentración de cianobacterias nas augas analizadas. Nivel 3 de risco que se corresponde co máximo previsto.

A pesares da alerta sanitaria pódese comprobar como os baños continúan producíndose con normalidade e que ou non existe advertencia algunha ás persoas usuarias, ou esta é confusa, sobre o estado das augas e dos riscos que implica o baño. Así, en Mugueimes (Concello de Muíños) non existe cartaz algún que informe da situación das augas. No caso de Porto Quintela (concello de Bande) se ben existe cartaz, sen carimbo oficial, este partilla espazo con outro de contido totalmente contrario que cualifica as augas como “excelentes” o que, no mellor dos casos, é unha evidente contradición que xera confusión.

Xa que logo existe unha palmaria discrepancia entre os resultados das análises realizadas pola Xunta de Galiza e as medidas preventivas e informativas adoptadas

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20531
Data envio: 25/08/2021 14:57:52.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polos Concellos de Bande e Muíños, que ou ben pode ser pola ausencia de información e de recomendacións daquela, ou ben polo caso omiso que estes concellos realizaren as instrucións da Administración Sanitaria; constituíndo, en todo caso, unha grave neglixencia que eventualmente pode afectar á saúde das persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar medidas de control para garantir o cumprimento das medidas preventivas necesarias para evitar o risco para a saúde pública derivado da eventual contaminación das augas do encoro de As Conchas"

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20531
Data envio: 25/08/2021 14:57:52.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 25/08/2021 14:53:53

Paulo Ríos Santomé na data 25/08/2021 14:53:56

Alexandra Fernández Gómez na data 25/08/2021 14:54:08

María González Albert na data 25/08/2021 14:54:15

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2021 14:54:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/08/2021 14:54:34

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:02:31
Nº Rexistro: 20538
Data envio: 26/08/2021 10:02:31.966

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a elaboración e impulso dun Plan galego para o sector dos carburantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No actual proceso de descarbonización da economía coa aplicación do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) e a aprobación da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, son moitos os retos, ameazas e incógnitas que aparecen en moitos sectores laborais e industriais.

O principal risco derivase da posta en marcha deste proceso sen ningún tipo de transición social xusta, sen alternativas de reindustrialización e creación de postos de traballo.

O impulso da necesaria transición enerxética parece que está abocando a moitos sectores, como é o caso do sector dos carburantes e biocarburantes, que conta con un importante peso en Galiza, á case total desaparición e sufrir un período de destrución de emprego, pois moitas desas industrias están quedando excluídas do cambio enerxético verde. Ao no apostarse por unha continuidade dentro de parámetros sustentábeis ponse en risco o seu futuro e peso industrial.

Así por exemplo, no momento actual ven ameazada a súa continuidade distintas empresas dedicadas ao sector dos carburantes en Galiza, e a súa desaparición implicaría a perda de máis de mil postos de traballo tanto directos como indirectos.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:02:31
Nº Rexistro: 20538
Data envio: 26/08/2021 10:02:31.966

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta situación está a planta de REPSOL PETRÓLEO S.A. na Coruña, que ocupa a 730 persoas de forma directa e serve para o mantemento de outros 200 postos indirectos. O mesmo ocorre con MASOL IBERIA BIODIESEL en Ferrol, que mantén 54 postos directos e 20 indirectos, ou con VERTEX BIOENERGY en Curtis, con 80 empregos directos e uns 20 indirectos.

Malia a gravidade da situación descrita pode constatarse a inexistencia de políticas públicas, tanto por parte do Gobierno do Estado como da Xunta de Galiza, para dar continuidade aos postos de traballo e máis á actividade industrial.

Por todo isto o BNG considera imprescindíbel que se acometa un Plan de actuación neste sector que permita a transformación das refinerías e a súa transición cara a utilización de biocombustíbeis.

O deseño de este plan debe contar, necesariamente, coa participación das centrais sindicais máis representativas e do resto de axentes implicados, e debe contemplar as medidas para lograr a transición do sector, o uso de materias primas sustentábeis, a xeración de sinerxías con outras industrias, así como unha aposta polos biocombustíbeis como combustíbeis de transición na mobilidade até que se alcancen os obxectivos marcados pola mobilidade eléctrica.

Ademais deben realizarse as reformas legais e regulamentarias necesarias que permitan condicionar a prestación de axudas públicas e máis a concesión de autorizacións, concesións e adxudicacións de MW apenas a aquelas empresas do sector afectado que garantan a continuidade do emprego.

O sector de carburantes e biocarburantes, de gran peso en Galiza, pode quedar fora do cambio enerxético verde poñendo en risco o seu futuro e os empregos directos e indirectos que agora sostén se non se poñen marcha medidas para garantir unha transición xusta.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:02:31
Nº Rexistro: 20538
Data envio: 26/08/2021 10:02:31.966

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É urxente, polo tanto, constituír unha mesa de traballo neste sector na que abordar as medidas a adoptar que impidan que a reconversión se converta nunha demolición, evitando que se reproduza o que está a acontecer nas Pontes ou Meirama, e máis en outros sectores industriais de Galiza, nos que se impulsan cambios no modelo enerxético sen formular alternativas.

Precisamente a falta de políticas públicas é a que permite que sexan as empresas as que dirixan o proceso de transición en función dos seus propios intereses, sen asumir responsabilidades e sen preocuparse pola destrución de postos de traballo.

La transición enerxética debe impulsarse decididamente, pero isto non pode significar a destrución de miles de postos de traballo e levar comarcas enteiras a unha desertización industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Aprobar no prazo de tres meses, en colaboración do goberno do estado, un Plan de actuación encamiñado a fixar as bases dunha transición xusta no sector dos carburantes e biocarburantes, contando coa participación de todas as organizacións sindicais que teñen a consideración legal de máis representativas e demais axentes sociais

2. Incluír dentro dese Plan as previsións e medidas necesarias para a transformación de refinerías en biorrefinerías, así como a transición cara os biocombustíbeis de segunda xeración con materias primas sustentábeis procurando as sinerxías con outras industrias para a elaboración de subprodutos.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:02:31
Nº Rexistro: 20538
Data envio: 26/08/2021 10:02:31.966

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Apostar polo biocombustíbel como combustíbel de transición na mobilidade até que se consigan os obxectivos marcados para a mobilidade eléctrica.

4. Condicionar o acceso a fondos públicos, ou a autorizacións para instalación de MW ao mantemento dos postos de traballo e máis a actividade industrial."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 26/08/2021 09:57:12

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 09:57:17

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 09:57:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:02:31
Nº Rexistro: 20538
Data envio: 26/08/2021 10:02:31.966

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 09:57:39

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:15:23
Nº Rexistro: 20543
Data envio: 26/08/2021 11:15:23.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa ao resultado do proceso da Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos (código de procedemento FA500A) pola cal a Xunta de Galiza pretende inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste a unha nova fase de reestruturación bancaria na que as entidades financeiras están a aproveitar as circunstancias derivadas da crise da covid-19 como coartada para unha nova vaga de despedimentos, peches de oficinas, redución de caixeiros e empeoramento global das condicións dos servizos e, asemade, dos e das traballadores do sector.

É necesario recordar que en xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que licitaría un servizo "que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica". Daquela aludía a un presunto informe da Consellaría de Facenda, que este Parlamento descoñece, que viña a recoller, da mesma maneira que os informes ao respecto do Banco de España, que daquela 41 dos 313

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:15:23
Nº Rexistro: 20543
Data envio: 26/08/2021 11:15:23.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios carecían dunha entidade financeira no seu territorio, singularmente en Ourense.

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inquedanza social respecto da perda de servizos financeiros que por aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira. Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público copiando o modelo valenciano, que dedicaba no 2019 máis de 7 millóns para isto.

Esta cuestión, ficou interrompida no tempo polas dificultades do proceso de licitación, a axenda electoral e a irrupción da pandemia da covid-19. Asemade, neste tempo agraváronse problemas como a exclusión financeira, a dificultade do acceso a crédito por parte de particulares e empresas, os abusos bancarios e o proceso de precarización e perda de dereitos laborais e postos de traballo. Hoxe, coa coartada da covid-19 o sector bancario experimenta unha nova fase de concentración e oligopolización.

Resulta inaceptable que, malia esta situación, a Xunta de Galiza continúe instalada na súa folla de ruta de desviar cartos públicos para sufragar uns mínimos servizos bancarios que as entidades xa deberan estar obrigadas a fornecer para operar. Neste contexto, que no noso país se está a manifestar a través de numerosos peches de oficinas e despedimentos nos procesos de ERE e precarizacións do Santander, do BBVA, de Caixabank ou mesmo, de forma máis discreta, Abanca, a Xunta de Galiza decide pórse da lado da gran banca e apostar por un mecanismo de subvencións.

Así as cousas, entre febreiro e marzo de 2021 fíxose público o borrador de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:15:23
Nº Rexistro: 20543
Data envio: 26/08/2021 11:15:23.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma sen entidade financeira no seu territorio. É dicir, un subterfuxio para continuar financiando unha banca privada á que xa rescatou o erario público con máis de 65.000 millóns de euros.

Finalmente, o martes 2 de xuño de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio), e se convocan para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), con posterior corrección de erros no Diario Oficial do luns 5 de xullo de 2021.

Ao abeiro de dita publicación estabelecíase que o prazo máximo para tramitar, resolver e notificar as resolucións de concesión sería de 3 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación. É polo tanto inminente.

Finalmente, é necesario sinalar o "efecto chamada" que causou esta orde, contribuíndo ao aumento de peche de oficinas e de caixeiros, singularmente da entidade Abanca que experimenta unha nova vaga de recortes malia estar recorrentemente premiada pola administración de Núñez Feijóo.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:15:23
Nº Rexistro: 20543
Data envio: 26/08/2021 11:15:23.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Tomar as medidas necesarias para deixar sen efecto o impulso de calquera medida que teña por obxecto inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica.

2. Impulsar unha negociación política e social con todas as institucións, organizacións sociais e de consumidores e consumidoras para demandar das entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir o cese deste tipo de prácticas abusivas.

3. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.

4. Demandar do goberno central a modificación urxente do Real Decreto-lei 19/2018, de 23 de novembro, de servizos de pago e outras medidas urxentes en materia financeira ou, no seu defecto, a aprobación dunha nova normativa de cara a garantir por lei a obrigatoriedade de que as entidades bancarias que operen no Estado español teñan unha rede de servizos mínima ao longo do territorio.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:15:23
Nº Rexistro: 20543
Data envio: 26/08/2021 11:15:23.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 10:15:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 10:15:23

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 10:15:33

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 10:15:42

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:36
Nº Rexistro: 20549
Data envio: 26/08/2021 11:19:36.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa ás consecuencias para Galiza da evolución do sector bancario e ás medidas que debe impulsar ou demandar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación internacional derivada da crise da covid-19 está a ter importantes consecuencias na aceleración do proceso de concentración e oligopolización bancaria, aínda que esta nova crise económica non é de orixe financeira. Esta situación amosa que este proceso obedece a unha planificación sistémica e a unha folla de ruta premeditada.

É necesario recordar a transcendencia na situación actual do acontecido na década previa á pandemia, pois singularmente após 2008 asistimos a un proceso de enormes consecuencias para Galiza. Resumidamente: esfarelamento do músculo financeiro propio coa fusión e bancarización das caixas, coa posterior venda, absorción de entidades e rescate bancario, centralización e perda de vínculo co país; á súa vez: peche de oficinas cun saldo moi negativo sobre todo no rural, perda de emprego, empeoramento dos servizos, incremento da dificultade de acceso ao crédito.

Coa emerxencia da covid-19 vivimos unha nova fase de concentración e oligopolización bancaria na que a pandemia está a ser a coartada das entidades (e das institucións estatais e europeas, que receitan novas fusións) para acelerar o camiño marcado no ano 2008 (máis concentración, máis despedimentos e precarización, máis peches de oficinas, máis abusos bancarios -especificamente imposición de horarios,

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:36
Nº Rexistro: 20549
Data envio: 26/08/2021 11:19:36.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comisións e banca virtual- e previsibles dificultades de acceso xa non só ao crédito por parte de particulares e empresas, senón aos máis mínimos servizos) ao tempo que na práctica volven ser rescatadas (non só polas inxeccións dos primeiros meses, tamén polo rescate indirecto a través da xestión de mecanismos de apoio público).

Neste contexto, asistimos á aceleración e agravamento de diferentes efectos, resumidamente:

1. Perda e precarización do emprego. Nestes momentos no noso país estanse destruíndo emprego a través de ERE e ERTE en entidades como Caixabank (90 postos), o Santander (370) ou o BBVA (poderían chegar ata 130) ademais doutros procesos que pinga a pinga seguen reducindo postos ao reducir oficinas, que é a estratexia seguida por Abanca.

2. Perda de oficinas e servizos. Entre decembro de 2010 e decembro de 2019 pecharon en Galiza 555 oficinas de bancos e 460 das antigas caixas ás que se sumarán outras que xa teñen gravada a súa data de caducidade.

3. Precarización extrema das condicións dos traballadores e traballadoras e "externalización" coa figura de "axente colaborador", figura da que é especialista o Santander e que consiste en que unha persoa autónoma monta o que parece unha oficina pequena no rural mais as condicións non son as mesmas nin para estas persoas nin para a clientela, que ve furtadas funcións. Isto mesmo acontece coa "teleoperarización" pola cal funcións que facían traballadores da banca pasan a ser realizadas por persoal en peores condicións.

4. Aumento dos abusos bancarios. Hai unha redución da competencia e da oferta e unha política de pactos das grandes entidades que os mecanismos de regulación non están a atender, como amosa o incremento das comisións bancarias, campañas abusivas como a que tivo que retirar Abanca, imposición da xestión dixital ou o pacto de horario de caixa, polo cal as entidades pactan un horario limitado de 9 a 11 horas para retirar ou

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:36
Nº Rexistro: 20549
Data envio: 26/08/2021 11:19:36.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ingresar efectivo (isto é o que explica o aumento de colas nos exteriores, e non o aforo da pandemia)

Cómpre, polo tanto, que desde o ámbito galego se analice esta cuestión periodicamente para facer seguimento, mais tamén impulsar respostas desde a defensa dos intereses galegos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar unha negociación política e social con todas as institucións, organizacións sociais e de consumidores e consumidoras para demandar das entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir o cese deste tipo de prácticas abusivas.

2. Desbotar a transferencia de recursos públicos galegos para o financiamento de servizos financeiros que as entidades privadas están a reducir e impulsar novas fórmulas de participación pública da economía, a comezar polo impulso dun Instituto Galego de Crédito como entidade pública empresarial adscrita á consellaría competente en materia de economía, con personalidade xurídica propia, para contribuír ao impulso da reactivación económica galega e do acceso a crédito e financiamento dos sectores produtivos e innovadores e, particularmente das pequenas e medianas empresas e autónomos e autónomas.

3. Desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:36
Nº Rexistro: 20549
Data envio: 26/08/2021 11:19:36.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propios sobre a vulneración dos seus dereitos de cara a trasladar aquelas demandas e necesidades limitadas polo marco competencial.

4. Impulsar, en colaboración co goberno central, as corporacións locais, as organizacións sociais e as asociacións de consumidores un consenso arredor de medidas conducentes a reducir a potencial exclusión financeira das e dos galegos polo peche de oficinas bancarias sen que iso supoña en ningún caso un aumento do traspaso de recursos económicos da administración pública ás entidades financeiras privadas.

5. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal. Estas medidas non terán custo económico para o erario público."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:36
Nº Rexistro: 20549
Data envio: 26/08/2021 11:19:36.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 10:43:00

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 10:43:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 10:43:15

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 10:43:23

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:07
Nº Rexistro: 20555
Data envio: 26/08/2021 11:23:07.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a extrema suba no prezo da enerxía eléctrica e as medidas que deben impulsar os gobernos galego e central para revertela e impulsar o control público do sector enerxético.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2021 comezou cunha suba histórica do prezo da enerxía eléctrica que tivo importantes consecuencias sociais, agravadas polo incremento tamén do prezo do gas, doutros combustíbeis e en xeral o aumento do IPC en ámbitos diversos recaendo nas e nos consumidores. Ao longo de 2021, malia a crise social e económica da covid, esta situación empeorou sen que os gobernos central ou galego tomasen medidas ambiciosas e efectivas ao respecto.

Máis aínda, cómpre sinalar que a partir do 1 de xuño entrou en vigor un novo sistema tarifario que produciu un incremento da factura da luz para determinados sectores económicos fundamentais para Galiza (consumidores domésticos, agrogandeiro, hostaleiro e PEMES) por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e o novo sistema de cargos do sistema que elaborou o goberno central. Para máis, xa en agosto de 2021 coñeceuse o Informe de seguimento da adaptación dos contratos de subministro de electricidade trala aplicación o 1 de xuño da Circular 3/2020. O resultado deste informe é demoledor e amosa o fracaso do novo sistema tarifario e a laxitude por parte das administracións na súa aplicación, sendo un foco de calotes e abusos. Nese sentido, recolle que algunhas comercializadoras non adaptaron

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:07
Nº Rexistro: 20555
Data envio: 26/08/2021 11:23:07.247

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correctamente os contratos e que nalgúns casos introduciron un incremento do termo de enerxía medo facturado chegando a incrementar un 30% respecto do que lle correspondería.

Por outra banda, o verán de 2021 continuou marcado pola suba constante do prezo da enerxía, que non parou de bater récords históricos. De feito, no momento de asinar esta iniciativa o mercado atopa un novo prezo histórico para o xoves 26 de agosto de 2021. Nesta data o prezo dispárase até os 122,76 €/Mwh de media (mínimo de 119,95 €/Mwh e máximo de 129,81 €/MWh), segundo os datos do Operador do Mercado Ibérico, superando en máis de 5 €/MWh o anterior récord do pasado 13 de agosto en plena ola de calor (117,26 €/Mwh).

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español. A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular, que o PSOE e Podemos mantiveron, teñen impedido o desenvolvemento dun sistema xusto para as e os consumidores e con graves repercusións no ámbito empresarial e industrial por falta de competitividade.

Así mesmo, é unha tarefa pendente para Galiza a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición do noso país como potencia excedentaria na produción de electricidade, condición que se mantén nos últimos datos de REE malia o impacto da crise da transición enerxética. Sería necesario tamén unha modificación do pool de cara a unha casación racional do prezo.

Esta situación está afectando de forma global ao conxunto das e dos consumidores mais evidentemente de forma máis intensa aos colectivos económicos e sociais máis damnificados pola crise. Moitas persoas e familias non poden pagar as

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:07
Nº Rexistro: 20555
Data envio: 26/08/2021 11:23:07.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª::

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central medidas urxentes para reverter o drástico aumento do prezo da luz:

1.1 Retirar do pool as centrais hidráulicas e nucleares, que comezarán a cobrar polos custes recoñecidos pola CNMC para producir unha rebaixa xeral no recibo da electricidade.

1.2 Substituír as mudanzas aplicadas no marco tarifario desde o 1 de xuño por unha modificación profunda da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

1.3. Negociar unha Tarifa eléctrica galega que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción.

1.4 Demandar a redución permanente do IVE da enerxía ao 4%.

2. Adoptar as seguintes medidas no ámbito das súas competencias:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:07
Nº Rexistro: 20555
Data envio: 26/08/2021 11:23:07.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.1 Apostar pola participación pública do sector enerxético renovábel con medidas que garantan o control efectivo da Xunta de Galiza no novo modelo enerxético galego a través dunha empresa pública galega de enerxía.

2.2 Elaborar, a través da colaboración coa Comisión Galega da Competencia e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia un estudo propio sobre as prácticas comerciais das compañías enerxéticas no noso país.

2.3 Realizar as modificacións oportunas para estender as persoas potencialmente beneficiarias do bono social eléctrico e térmico de Galiza máis alá das persoas usuarias do bono social do Estado tendo en conta as características sociais, habitacionais e climáticas do noso país.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 11:00:51

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:23:07
Nº Rexistro: 20555
Data envio: 26/08/2021 11:23:07.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 11:00:55

María do Carme González Iglesias na data 26/08/2021 11:01:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 11:01:12

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 11:01:21

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:37:14
Nº Rexistro: 20564
Data envio: 26/08/2021 11:37:14.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa a necesidade de manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En poucos días iniciarase un novo curso escolar, 2021-2022, que por segunda vez estará condicionado pola pandemia derivada da covid-19, una situación que debería supor un reforzo de profesorado e persoal non docente nos centros educativos de Galiza; pois a experiencia destes 18 meses de pandemia ten demostrado o papel fundamental do sistema educativo e a idoneidade do ensino presencial sempre que se garantan as medidas sanitarias de protección.

Tod@s lembramos que en setembro pasado a Xunta de Galiza negábase a dotar os centros do persoal necesario, véndose obrigada pola presión social a mudar o seu posicionamento e aumentar o número de profesores e profesoras, aínda que non chegou a cubrir totalmente as necesidades, o que supuxo discriminación de algún alumnado sobre outro sobre todo polas diferenzas de tramo horario.

Desgraciadamente tanto o DOG do pasado 6 de agosto como as comunicacións feitas aos centros de ensino secundario demostran que a intención da Xunta de Galiza é volver á casiña de saída, pois os recortes nos centros de ensino público volven estar enriba da mesa.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:37:14
Nº Rexistro: 20564
Data envio: 26/08/2021 11:37:14.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso do concello de Cambados a Xunta de Galiza, xa o ano pasado, cando aínda estábamos case no inicio da pandemia, anunciara a supresión de profesorado en dous centros CEP Antonio Magariños e EEI A Pastora. Anuncio que despois de diversas mobilizacións da comunidade educativa e do concello rexeitando a medida, quedou só en redución nun dos centros.

A supresión de 2 postos de traballo docentes no CEIP de Corvillón e na EEI A Pastora aparece xa publicada no DOG; e os equipos directivos dos IES Francisco Asorey e IES Ramón Cabanillas recibiron a comunicación de que o vindeiro curso entre ambos centros contarán con 9 profesoras menos que no curso que vén de rematar, supresións ás que está previsto que se lles sume o recorte de outras 9 docentes no curso 2022/2023.

O BNG considera inaceptábeis estes recortes, e que non teñen ningunha xustificación, tendo en conta a situación na que estamos, o descoñecemento dos efectos das novas variantes da covid, a importancia social que ten o servizo público de ensino para a nosa sociedade, o papel que asumiron os centros educativos nesta situación de crise sanitaria.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Que manteña no concello de Cambados nos dous vindeiros cursos escolares, como mínimo, o mesmo profesorado co que contaron no curso pasado 2020-2021

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:37:14
Nº Rexistro: 20564
Data envio: 26/08/2021 11:37:14.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Que se proceda a reducir e xeito progresivo o número de alumnado por aula en todos os niveis educativos, camiñando así cara un ensino no que por parte do profesorado se poida proceder a unha atención máis individualizada do seu alumnado que permita atender ás súas especificidades e por tanto mellore aos resultados educativos.

3.- Que arbitre as medidas precisas para que non haxa discriminación en canto a tramos horarios no alumnado dos mesmos niveis educativos polo feito de estar escolarizados en diferentes centros."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/08/2021 11:33:02

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2021 11:33:10

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:36:08
Nº Rexistro: 20584
Data envio: 26/08/2021 13:36:08.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre o peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda sob o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferencia a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:36:08
Nº Rexistro: 20584
Data envio: 26/08/2021 13:36:08.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina.

É por isto que o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:36:08
Nº Rexistro: 20584
Data envio: 26/08/2021 13:36:08.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Realizar todas as accións precisas diante da dirección de ABANCA para evitar o peche da oficina do concello de Monfero, polo que supón de perda de postos de traballo e de servizos á poboación.

2.- Exercer as súas competencias exclusivas en materia de consumo para garantir que ABANCA presta os servizos bancarios de calidade, co persoal, instalacións e horario preciso e que non supoñan a vulneración dos dereitos da poboación, en especial da máis vulnerábel.

3.- Instar ao goberno central a impulsar unha regulación do sector bancario que evite a concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos próximos."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 13:33:48

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:36:08
Nº Rexistro: 20584
Data envio: 26/08/2021 13:36:08.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2021 13:33:53

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 13:34:03

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 13:34:11

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Xullo 2021

1. XERACIÓN

1.1. EXPEDIENTE CR-12.80-003-21

(Código exp. CODEX XC-2021-59-00100037)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.1.1. Descrición

REPOSICION DE CRÉDITO, por importe de 77.836,39 €, nos capítulos 1, 2, 4 e 6, programas 411A, 412A, 414A e 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, con destino a gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos e investimentos reais. A reposición é como consecuencia de varios reintegros de orzamento corrente nos centros de xestión do SERGAS.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.225	Tributos	2014.00042	1010		61,52	0,00
103	50	15.01..412A.4805	Entregas por desprazamentos	2014.00011	1010		31,88	0,00
103	50	15.01..412B.12001	Soldos Subgrupo A2	2016.00015	1010		640,56	0,00
103	50	15.01..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010		7.933,90	0,00
103	50	15.01..412B.13117	Prestacións por diferencias retributivas	2016.00015	1010		1.522,46	0,00
103	50	15.01..414A.6401	Apoio programa MIR atención primaria	2014.00009	1010		257,90	0,00
103	50	15.71..412A.13100	retribucións básicas	2016.00014	1010		12.579,29	0,00
103	50	15.71..412A.225	Tributos	2014.00042	1010		10.000,00	0,00
103	50	27.01..412A.12105	Complementos de atención continuada	2016.00014	1010		5.300,00	0,00
103	50	27.01..412A.16105	Complementos de prestación	2016.00014	1010		2.260,28	0,00
103	50	32.01..412A.13100	retribucións básicas	2016.00014	1010		2.298,68	0,00
103	50	36.01..412A.12001	Soldos subgrupo A2	2016.00014	1010		10.086,62	0,00
103	50	36.01..412A.12002	Soldos subgrupo C1	2016.00014	1010		400,00	0,00
103	50	36.01..412A.12003	Soldos subgrupo C2	2016.00014	1010		4.824,11	0,00
103	50	36.01..412A.12004	Soldos agrupacións profesionais	2016.00014	1010		200,00	0,00
103	50	36.01..412A.13100	retribucións básicas	2016.00014	1010		2.093,55	0,00
103	50	36.01..412B.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00015	1010		2.604,46	0,00
103	50	36.01..412B.13100	retribucións básicas	2016.00015	1010		632,06	0,00
103	50	36.01..414A.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00016	1010		13.979,12	0,00
103	50	50.01..411A.22799	Outros	2014.00043	1010		130,00	0,00

1.2. EXPEDIENTE CR-12.80-004-21

(Código exp. CODEX XC-2021-59-00100040)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.2.1. Descrición

REPOSICION DE CRÉDITO, por importe de 904.335,23 €, nos capítulos 1 e 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, con destino a gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos. A reposición é como consecuencia de varios reintegros de orzamento corrente nos centros de xestión do SERGAS.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.05..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010		7.253,72	0,00
103	50	15.71..412A.22106	Produtos farmacéuticos e material sanitario	2014.00042	1010		748.740,62	0,00
103	50	27.01..412A.22106	Produtos farmacéuticos e material sanitario	2014.00042	1010		144.310,19	0,00
103	50	32.01..412A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2014.00042	1010		3.198,46	0,00
103	50	36.03..412A.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00014	1010		832,24	0,00

1.3. EXPEDIENTE XC-04-003-21

(Código exp. CODEX XC-2021-176-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte. (001.04.40)

1.3.1. Descrición

Xeración de crédito no capítulo II do programa 441A por importe de 1.045,00 euros, en concepto de indemnización polo sinistro acontecido no Complexo deportivo de Monterrei, en Pereiro de Aguiar, o día 21 de xullo do ano 2020, por causa dun roubo nas ditas dependencias.

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2009.00818	1010	N	1.045,00	0,00

1.4. EXPEDIENTE XC-05.A2-001-21

(Código exp. CODEX XC-2021-1-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	ATURGA (306)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

1.4.1. Descrición

A presente modificación ten por obxecto xerar o crédito na aplicación 05.A2.761A.480.0, proxecto 2020 00001, por importe de 450.000,00€ co obxecto cofinanciar o programa “Bono Turístico” para o ano 2021 de acordo cos convenios de colaboración asinados entre a Axencia de Turismo de Galicia e as Deputacións Provinciais de A Coruña e Ourense para o confinanciamento do Bono Turístico da Xunta de Galicia, por importes de 300.000€ e 150.000€ respectivamente.

1.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
306	10	05.A2..761A.4800	Plan de choque para o reforzo do sector turístico: a familias e	2020.00001	3110	N	450.000,00	0,00

1.5. EXPEDIENTE XC-06-005-21

(Código exp. CODEX XC-2021-200-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (001.06)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Planificación Enerxética e Recursos Naturais (001.06.02)

1.5.1. Descrición

Xeración de Crédito por importe de 3.000.000,00 € nos Capítulos IV e VII do programa 733A do estado de gastos da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, procedentes dos programas de incentivos ligados ao autoconsumo eléctrico e á implantación de sistemas térmicos renovables,

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que será executado polo Instituto Enerxético de Galicia

1.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	06.02..733A.43206	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2021.00145	4620	S	198.444,00	0,00
001	15	06.02..733A.73206	INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA	2021.00147	4620	S	2.801.556,00	0,00

1.6. EXPEDIENTE XC-08-010-21

(Código exp. CODEX XC-2021-195-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Ordenación do Territorio e Urbanismo (001.08.04)

1.6.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 2021.08.04.521A.6071, proxecto de gasto 2016.00346 (COFINANCIACIÓN CONCELLOS PLAN hURBE 2019-2022), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por importe de corenta e catro mil novecentos setenta e oito euros con setenta a dous céntimos (44.978,72 €), correspondente á achega dos concellos de Guntín e Cortegada, para o cofinanciamento das actuacións definidas os correspondentes acordos de cooperación asinados.

1.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.04..521A.6071	Obras en materia de urbanismo	2016.00346	3130	N	44.978,72	0,00

1.7. EXPEDIENTE XC-08-011-21

(Código exp. CODEX XC-2021-195-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Ordenación do Territorio e Urbanismo (001.08.04)

1.7.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 2021.08.04.521A.6071, proxecto de gasto 2016.00346 (COFINANCIACIÓN CONCELLOS PLAN hURBE 2019-2022), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por importe de trinta mil cento trinta e dous euros con once céntimos (30.132,11 €), correspondente á achega dos concellos de O Pereiro de Aguiar e Vilardevós, para o cofinanciamento das actuacións definidas os correspondentes acordos de cooperación asinados.

1.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.04..521A.6071	OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO	2016.00346	3130	N	30.132,11	0,00

1.8. EXPEDIENTE XC-10-031-21

(Código exp. CODEX XC-2021-204-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Cultura, Educación e Universidade (001.10)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.10.10)

1.8.1. Descrición

Xeración de crédito, polo importe de 5.671 €, nos orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

Cultura, Educación e Universidade, procedente da indemnización da compañía de seguros Mapfre por un sinistro na Biblioteca Pública de Ourense Nós.

1.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.10..431A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2015.00411	1010	N	5.671,00	0,00

1.9. EXPEDIENTE XC-10-032-21

(Código exp. CODEX XC-2021-275-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Cultura, Educación e Universidade (001.10)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral de Cultura (001.10.40)

1.9.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 106.395,08 € nos orzamentos do capítulo VI da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para a realización das actuacións dentro do plan cuadrienal de Memoria Democrática na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.40..432B.6400	Actividades de promoción e difusión cultural	2021.00146	3010	N	106.395,08	0,00

1.10. EXPEDIENTE XC-11-008-21

(Código exp. CODEX XC-2021-311-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.11.01)

1.10.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 25.163.063,28 € en varias aplicacións de capítulo 4 e 6 dos programas 322A e 323A para axustar os créditos orzamentarios financiados cos fondos finalistas de emprego ao importe distribuido á Comunidade Autónoma.

1.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.05..322A.4602	Escolas Obradoiro, Obradoiros de emprego e UPD	2014.00543	3010	N	11.503.762,28	0,00
001	24	11.05..322A.4700	Programas emprego Formación	2021.00152	3010	N	12.500.000,00	0,00
001	24	11.05..323A.6220	Modernización do SEPE	2015.00466	3010	N	1.159.301,00	0,00

1.11. EXPEDIENTE XC-11-009-21

(Código exp. CODEX XC-2021-311-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.11.01)

1.11.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 331.000€ no capítulo 4 do programa 322C para a concesión de axudas complementarias, aportadas polos Concellos, ás solicitudes presentadas para o Programa I Hostalaría (TR500C) do II Plan de Rescate.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

1.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.04..322C.47011	Transferencias correntes	2021.00131	3110	N	331.000,00	0,00

1.12. EXPEDIENTE XC-12-004-21

(Código exp. CODEX XC-2021-211-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

1.12.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 2.808,50 €, no capítulo IV, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2021, con destino a transferencias á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Esta xeración de crédito realizase como consecuencia dos maiores ingresos que se van producir no ano 2021 sobre as cifras inicialmente orzamentadas, procedentes da Administración do Estado para o IV Acordo de Formación Continua.

1.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43214	Transferencia Axencia Galega de xestión do coñecemento en saúde	2017.00029	3010	N	2.808,50	0,00

1.13. EXPEDIENTE XC-12-005-21

(Código exp. CODEX XC-2021-211-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

1.13.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 299.000,00 €, no capítulo IV, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2021, con destino a transferencias á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Esta xeración de crédito realizase como consecuencia dos maiores ingresos que se van producir no ano 2021 sobre as cifras inicialmente orzamentadas, procedentes da Administración do Estado, liña de actuación 00384-Avaliación tecnoloxías Sistema Nacional de Saúde.

1.13.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43214	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	2020.00102	3010	N	299.000,00	0,00

1.14. EXPEDIENTE XC-12.80-034-21

(Código exp. CODEX XC-2021-59-00100039)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.14.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 142.283,64 €, no capítulo 6, programa 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, con destino a investimentos reais. Esta xeración é como consecuencia de ingresos de varias das empresas adxudicatarias do concurso MI-SER1-15-030.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

1.14.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412B.6402	Calidade e xestión clínica	2013.00024	3210	N	142.283,64	0,00

1.15. EXPEDIENTE XC-12.80-035-21

(Código exp. CODEX XC-2021-59-00100038)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.15.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 40.775,23 €, no capítulo II, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, con destino a outro material sanitario. A xeración é como consecuencia dun ingreso efectuado pola empresa IZASA Hospital, S.L.U., en virtude do establecido no prego do espediente MI-EIVI1-17-002 , que establece a compensación que ten que efectuar o adxudicatario no caso de incumprimento dos prazos de entrega.

1.15.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	1.077,38	0,00
103	50	15.05..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	5.430,16	0,00
103	50	15.71..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	2.258,75	0,00
103	50	27.01..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	7.351,41	0,00
103	50	32.01..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	1.967,73	0,00
103	50	36.03..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	22.689,80	0,00

1.16. EXPEDIENTE XC-12.80-036-21

(Código exp. CODEX XC-2021-59-00100041)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.16.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 97.910,29 €, no capítulo II, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, con destino a gastos en bens correntes e de servizos. Esta modificación ten como finalidade xerar crédito como consecuencia dos ingresos efectuados no concepto 1354.10 “Instituto Galego de Oftalmoloxía”, polos gastos ocasionados por este instituto nas dependencias que ocupa no Hospital de Conxo do centro 1571-Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

1.16.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.71..412A.22115	Implantes	2014.00042	1010	N	48.955,15	0,00
103	50	15.71..412A.22116	Outro material sanitario	2014.00042	1010	N	48.955,14	0,00

1.17. EXPEDIENTE XC-13-008-21

(Código exp. CODEX XC-2021-217-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Maiores e Persoas con Discapacidade. (001.13.04)

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

1.17.1. Descrición

Xeración de crédito polo importe de 1.000.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias 13.04.312E 470.0 (747.773,00 €) e 13.04.312E 770.0 (252.227,00), no código de proxecto de nova creación denominado "Proxectos de innovación dos servizos sociais" para o financiamento das Casas do Maior, no marco compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

1.17.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.04..312E.4700	Casas do Maior	2021.00155	4620	S	747.773,00	0,00
001	21	13.04..312E.7700	Investimentos de adaptación para as Casas do Maior	2021.00155	4620	S	252.227,00	0,00

1.18. EXPEDIENTE XC-14-010-21

(Código exp. CODEX XC-2021-221-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

1.18.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de dezaoito mil setecentos nove euros con oitenta e dous céntimos (18.709,82 €) nas aplicacións orzamentarias 14.04.561A.432.10 e 14.04.561A.732.10, do programa de gasto 561A, "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, correspondentes a transferencias de financiamento da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), destinatario final dos créditos para a súa execución.

O obxecto desta xeración consiste en dotar as referidas aplicacións orzamentarias, a través da creación dun novo proxecto: "Grupo Operativo FORESCELTA", como consecuencia da concesión á Agacal de axudas para proxectos de innovación de interese xeral por grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de productividade e sostibilidade agrícolas (AEI-AGRI) no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

1.18.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.43210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2021.00142	3070	S	3.657,96	0,00
001	16	14.04..561A.43210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2021.00142	4720	S	14.631,86	0,00
001	16	14.04..561A.73210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2021.00142	3070	S	84,00	0,00
001	16	14.04..561A.73210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2021.00142	4720	S	336,00	0,00

1.19. EXPEDIENTE XC-14-011-21

(Código exp. CODEX XC-2021-219-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

1.19.1. Descrición

Xeración de crédito no concepto orzamentario 214 "material de transporte" do programa 711A "dirección e servizos do medio rural" por un importe total de mil setecentos noventa e seis euros (1.796,00 €). O ingreso corresponde á indemnización efectuada pola compañía aseguradora Mapfre España, Cía de Seguros y Reaseguros, derivada do sinistro dun vehículo adscrito á Estación Experimental do Baixo Miño-CIAM da Consellería do Medio Rural.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

1.19.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.214	Material de transporte	2015.00605	1010	N	1.796,00	0,00

1.20. EXPEDIENTE XC-14-012-21

(Código exp. CODEX XC-2021-221-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

1.20.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de doce mil catrocentos cuarenta e seis euros con cincuenta céntimos (12.446,50 €) na aplicación orzamentaria 14.04.561A.432.10, do programa de gasto 561A, “plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, correspondentes a transferencias de financiamento da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), destinatario final dos créditos para a súa execución.

O obxecto desta xeración consiste en dotar as referidas aplicacións orzamentarias, a través da creación dun novo proxecto: “Grupo Operativo ACREMA”, como consecuencia da concesión á Agacal de axudas para proxectos de innovación de interese xeral por grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de productividade e sostibilidade agrícolas (AEI-AGRI) no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

1.20.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.43210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	2021.00143	3070	S	2.489,30	0,00
001	16	14.04..561A.43210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	2021.00143	4720	S	9.957,20	0,00

1.21. EXPEDIENTE XC-14-013-21

(Código exp. CODEX XC-2021-219-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

1.21.1. Descrición

A presente modificación consiste nunha xeración de crédito por un importe total de noventa e oito mil trescentos doce euros con cincuenta céntimos (98.312,50 €), destinada a financiar actuacións do programa 713D "mellora da calidade na producción agroalimentaria".

O importe corresponde ao ingreso efectuado na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia, derivado da venda da antiga Cámara Agraria Local do Concello de Cambados.

1.21.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..713D.22199	OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS	2020.00082	1013	N	98.312,50	0,00

1.22. EXPEDIENTE XC-14-014-21

(Código exp. CODEX XC-2021-219-00100006)

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

1.22.1. Descrición

Xeración de crédito no concepto orzamentario 634.1 “material de transporte. reposición ” do programa 711A“dirección e servizos do medio rural” por un importe total de vinte e oito mil trescentos oitenta e catro euros (28.384,00 €). O ingreso corresponde á indemnización efectuada pola compañía aseguradora Zúrich Insurance PLC. Sucursal en España, derivada do sinistro dun vehículo motobomba adscrito ao Parque Móbil da Consellería do Medio Rural.

1.22.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.6341	MATERIAL DE TRANSPORTE. REPOSICIÓN	2015.00605	1010	N	28.384,00	0,00

1.23. EXPEDIENTE XC-14.A2-007-21

(Código exp. CODEX XC-2021-12-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

1.23.1. Descrición

Xeración de crédito por un importe total de QUINCE MIL CATROCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (15.484,85 €) en conceptos dos capítulos I e IV, do programa 561A do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2021 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta xeración de crédito ten por obxecto dotar de orzamento, por unha banda, as aplicacións orzamentarias 14.A2.561A.13112 na modalidade 3030 necesario para financiar o custo en materia de retribucións por un importe de 6.529,02 € e a 14.A2.561A.16012, na modalidade 3030 por importe de 2.095,83 €, necesario para financiar o custo da Seguridade Social do persoal Predoutor contratado ao aveiro da Proposta de resolución definitiva do 19 de abril de 2021, da convocatoria da AEI das axudas para os contratos predoutorais para a formación de doutores do ano 2020, e que finanza a dita contratación. E por outra banda, dotar a aplicación orzamentaria 14.A2.561A 4800 “Axudas Persoal en Formación” necesario para afrontar os gastos de estadías, asistencias a congresos ou matrículas en cursos de doutorado dos bolseiros tal como fixa o artigo 7.4 da convocatoria. Neste último caso a modalidade orzamentaria será a 3010 ao ser un gasto financiado íntegramente por a AEI segundo convocatoria, por importe total de 6.860,00 €.

1.23.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.13112	Proxectos de investigación	2015.00004	3030	N	6.529,02	0,00
409	10	14.A2..561A.16012	Seguridade social. Proxectos de investigación.	2015.00004	3030	N	2.095,83	0,00
409	10	14.A2..561A.4800	Axudas persoal en formación	2015.00004	3010	N	6.860,00	0,00

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

2. TRANSFERENCIA ORDINARIA

2.1. EXPEDIENTE TR-04-009-21

(Código exp. CODEX TR-2021-176-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte. (001.04.40)

2.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre os capítulos VI e VII do orzamento de gasto da Secretaría Xeral para o Deporte para o exercicio 2021, por importe de 400.000,00 €, para atender á realización de melloras en infraestrutura deportiva a través de convenios coas entidades locais de Galicia.

2.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.7600	Infraestrutura deportiva	2013.00039	1010	N	400.000,00	0,00

2.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.6221	Construcións en materia de deportes	2013.00043	1010	N	400.000,00	0,00

2.2. EXPEDIENTE TR-04-010-21

(Código exp. CODEX TR-2021-171-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia. (001.04.10)

2.2.1. Descrición

Transferencia de crédito entre aplicacións do capítulo I do programa 441A da Secretaría Xeral para o Deporte, pola cantidade de 3.460,08 €, para satisfacer o pagamento da retribución polo complemento de nocturnidade dun laboral fixo que adquiriu a condición de funcionario de carreira a través do proceso de funcionarización e que o pasará a percibir en concepto de complemento de productividade pola mesma contía no posto de funcionario de carreira

2.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.150	PRODUCTIVIDADE	2016.00013	1010	N	3.460,08	6.920,16

2.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.13001	OUTRAS REMUNERACIÓNS	2016.00013	1010	N	3.460,08	6.920,16

2.3. EXPEDIENTE TR-04-011-21

(Código exp. CODEX TR-2021-171-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia. (001.04.10)

2.3.1. Descrición

Transferencia de crédito con orixe no capítulo VI e destino o capítulo I do programa 441A da Secretaría Xeral para o Deporte, pola cantidade total de 1.600,00 €, para satisfacer o pagamento de diferenzas salariais

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

outorgadas a favor dun traballador por Sentenza Xudicial.

2.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.13001	OUTRAS REMUNERACIÓNS	2016.00013	1010	N	1.600,00	0,00

2.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
Transferencia de crédito por importe de 9.000.000,00 euros dende o programa de Imprevistos e Funcións non clasificadas a distintos conceptos do capítulo I, programas 422A e 422M da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co fin de poder facer fronte ao gasto derivado do aboamento das retribucións do persoal como consecuencia dos novos protocolos establecidos polo COVID-19.

8.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.31..422A.12021	Substitucións persoal docente	2020.00082	1013	N	5.000.000,00	0,00
001	14	10.31..422M.12021	Substitucións persoal docente	2020.00082	1013	N	4.000.000,00	0,00

8.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1011	N	9.000.000,00	0,00

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20471
Data envio: 24/08/2021 15:01:35.379

9. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

9.1. EXPEDIENTE TR-07.80-002-21

(Código exp. CODEX TR-2021-56-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	IGE (102)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

9.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre varios conceptos do capítulo II do IGE, do 2021.07.80.581A.221 "Enerxía eléctrica e 2021.07.80.581A.230 "Axudas de custo" ao 2021.07.80.581A.213 "Maquinaria, instalación e utensilios" para acometer a reparación urxente do aire acondicionado do edificio.

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
102	10	07.80..581A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2015.00001	1010	N	3.300,00	0,00

9.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
102	10	07.80..581A.22100	Enerxía eléctrica	2015.00001	1010	N	1.650,00	0,00
102	10	07.80..581A.230	Axudas de custo	2015.00001	1010	N	1.650,00	0,00

9.2. EXPEDIENTE TR-07.81-005-21

(Código exp. CODEX TR-2021-52-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

9.2.1. Descrición

Transferencia de crédito entre conceptos do capítulo II do orzamento da Escola Galega da Administración Pública (EGAP), por importe de vinte e oito mil euros (28.000,00€) no proxecto 2014 00001 (Gastos en bens e servizos correntes, cursos e actividades formativas), coa finalidade de reestructurar este capítulo II de acordo a necesidades xurdidas no curso do ano.

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.216	Reparación e mantemento procesos informáticos	2014.00001	1010	N	28.000,00	0,00

9.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.22617	Cursos de formación	2014.00001	1010	N	28.000,00	0,00

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 12:10:18
Nº Rexistro: 20568
Data envio: 26/08/2021 12:10:18.018
Data 26/08/2021 12:10

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para informar **"*do inicio do curso 2021-22 no ensino non universitario de Galicia e as actuacións ante a covid-19*"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 12:10:18
Nº Rexistro: 20568
Data envio: 26/08/2021 12:10:18.018

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/08/2021 12:10:05

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a valoración e acción da Xunta de Galiza ante a aplicación ilegal dunha modificación orzamentaria no Concello de Ourense.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada tanto por un eventual vencemento dos prazos das accións a exercitar pola Xunta de Galiza, como pola eventual aplicación inmediata da modificación orzamentaria e o compromiso que podería implicar para o futuro da cidade e da cidadanía de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que o Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm.183 de 11 de agosto de 2021 recolle un acto do Concello de Ourense no que se considera definitivamente

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobado o proxecto de modificación orzamentaria 2P/2021, expediente núm.2021021167, por un importe de 62.601.389,04 €.

Así e como se indica no acto publicado tras ser rexeitada polo Pleno do Concello de Ourense a proposta de modificación orzamentaria, que incrementaría o orzamento municipal en máis dun 43% do presuposto vixente, a Alcaldía presentou cuestión de confianza vinculada á aprobación do referido expediente de modificación de crédito. En concreto e como se consigna no referido Boletín a Alcaldía formula, ao abeiro do art. 197 bis da LOREX, cuestión de confianza nos seguintes termos:

"1º) A Alcaldía formula cuestión de confianza vinculada á aprobación polo Pleno da corporación da modificación dos orzamentos nº 2P/2021, na modalidade de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, que se concreta nos mesmos termos nos que foi ditaminada favorablemente pola Comisión do Pleno o día 3 de xuño de 2021 e sometida a votación en Pleno o 9 de xuño de 2021, na que non acadou os votos necesarios para a súa aprobación. Acompáñase a este escrito o texto do ditame da comisión.

2º) No caso de que, tras a oportuna votación, a maioría dos concelleiros se manifestase a favor de outorgar a confianza á Alcaldía, a modificación orzamentaria entenderase aprobada inicialmente nos seus propios termos.

3º) No caso de que a maioría de concelleiros se manifestase en contra do outorgamento da confianza, abrirase un prazo dun mes para a presentación dunha eventual moción de censura con candidato alternativo á Alcaldía.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez vencido o dito prazo sen que se presente a moción ou presentada a moción sen que esta prosperase, entenderase outorgada a confianza e aprobada a modificación orzamentaria.”

Sometida a debate e votación a cuestión presentada a Alcaldía unicamente obtivo a confianza de 5 concelleiros dos 27 que conforman o Pleno da Corporación. Nin os concelleiros e concelleiras do Partido Popular que escolleron ao alcalde que solicitaba a confianza, e que hoxe forman parte do grupo de goberno; apoiaron a cuestión de confianza vinculada á modificación orzamentaria.

Transcorrido o prazo dun mes para a presentación de moción de censura con candidatura alternativa sen que se formalizase tal proposta, o goberno do Concello de Ourense considera outorgada a confianza e aprobado definitivamente o proxecto de modificación orzamentaria presentado.

A consideración da aprobación como definitiva de tan extraordinaria modificación orzamentaria impide a exposición pública do proxecto e a presentación de reclamacións contra a mesma, polo que se esta a limitar, de facto a impedir, o exercicio do dereito cidadá de participación política previsto no art.23.2 da C.E.

Xa que logo tal acto infrinxe tanto o disposto no art.197 bis da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, como os art. 177 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao tempo que vulnera o dereito fundamental á participación contemplado no art. 23.2 da C.E.

A Xunta de Galiza non pode ficar pasiva e conivente coa ilegalidade perpetrada polo goberno do Concello de Ourense; quen, coa pretendida modificación orzamentaria,

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compromete o futuro dos recursos públicos da cidade de Ourense sen contar coa confianza, directa ou indirecta, da cidadanía.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Considera a Xunta de Galiza axustada a Dereito a aprobación definitiva da modificación orzamentaria 2P/2021 realizada polo Concello de Ourense?

Ten previsto exercitar algunha acción en defensa da legalidade e en cumprimento da tutela financeira que, sen prexuízo da autonomía local, ten atribuída a Xunta de Galiza?

Entende menor unha modificación orzamentaria que varía en máis dun 43% o orzamento vixente e sen que tal modificación contase , sequera, co apoio do 20% da Corporación?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/08/2021 11:15:19

Paulo Ríos Santomé na data 25/08/2021 11:15:31

María do Carme González Iglesias na data 25/08/2021 11:15:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/08/2021 11:15:45

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 25/08/2021 11:15:53

María Montserrat Prado Cores na data 25/08/2021 11:16:21

Xosé Luis Bará Torres na data 25/08/2021 11:16:30

María González Albert na data 25/08/2021 11:16:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/08/2021 11:16:49

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2021 11:16:58

María del Carmen Aira Díaz na data 25/08/2021 11:17:07

Daniel Castro García na data 25/08/2021 11:17:16

Olalla Rodil Fernández na data 25/08/2021 11:17:25

Iria Carreira Pazos na data 25/08/2021 11:17:35

Daniel Pérez López na data 25/08/2021 11:17:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2021 11:17:55

Rosana Pérez Fernández na data 25/08/2021 11:18:05

Mercedes Queixas Zas na data 25/08/2021 11:18:16

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:24:21
Nº Rexistro: 20501
Data envio: 25/08/2021 11:24:21.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/08/2021 11:18:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a creación dun centro en Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante dunha cuestión estratéxica para Galiza que ten a ver coa competitividade e a I+D+i.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Previamente á pandemia Galiza atopábase xa a nivel enerxético nunha encrucillada, pola situación mundial de aceleración da descarbonización e pola situación propia cun papel produtor que, porén, coincidía cunha gran crise industrial moi asociada en boa medida ao prezo da enerxía.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os factores máis relevantes cómpre sinalar, por unha banda, a permanencia do papel especializado de Galiza na xeración enerxética e, por outra banda, importantes cambios a nivel internacional con repercusións no territorio baixo o paraugas da denominada Transición enerxética. Podemos sinalar o Marco europeo para o clima e a enerxía 2030, o denominador Green Deal, a Estratexia Europea de Enerxías Renovábeis e Clima e o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) que establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Estes elementos configuran o marco legal, político e ideolóxico da denominada enerxía verde, vinculada á economía verde. Porén, na transición da teoría á práctica, xa antes da pandemia víronse as costuras deste modelo e a axenda oculta desde os propios lobbies económicos responsábeis da emerxencia climática.

Durante o período marcado pola covid-19 abríronse no ámbito internacional e estatal importantes debates sobre o marco enerxético e tamén sobre o financiamento de proxectos e medidas ao abeiro da hipotética chegada de fondos de reactivación económica extraordinarios. Porén, o escurantismo e a falta de diálogo dos gobernos galego e central impediron que prosperaran propostas neste ámbito como o da creación dun centro de almacenamento enerxético en Galiza.

É necesario recordar que o coñecido como Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Sinala o almacenamento de enerxía nas súas diversas formas como unha das tecnoloxías que serán claves para a descarbonización, incluíndo 6 GW para a próxima década no sector eléctrico, cun balance de case que 250 TWh para 2030. Tamén prevé a elaboración dun Plan de Desenvolvemento Industrial que permita capturar o máximo potencial en canto

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a xeración de desenvolvemento económico e emprego industrial derivados da transición enerxética, no que o ámbito do almacenamento pode supoñer unha oportunidade para desenvolver unha cadea de valor propia que sexa competitiva a nivel galego, estatal e internacional.

Segundo a información dispoñible por Rede Eléctrica de España (REE) sobre o último balance eléctrico en Galiza malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o nacionalismo galego. É de sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

Atendendo aos datos públicos de REE para o caso das Pontes, o potencial de xeración do municipio, en fontes e en produtividade, xunto ao carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, evidencian a oportunidade e a necesidade -e a obriga de compensación para con ela e as súas xentes- de, dentro da Estratexia de Almacenamento Enerxético, situar en Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos, xestionar e monitorizar os mesmos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira "smartgrid" ou rede intelixente; nel participarían as administracións competentes en enerxía e cambio climático, xunto ás responsables de áreas relacionadas e de interese (industria, mobilidade, urbanismo, formación, I+D+i, ...), así como empresas, institucións e organismos interesados.

A aplicación de diversas tecnoloxías de almacenamento dentro dunha mesma rede, o desenvolvemento e testado de novos sistemas, e a investigación e

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento no campo do almacenamento enerxético teñen nas Pontes un enclave perfecto para a súa implantación, no que o deseño de cada instalación de almacenamento, así como a súa programación temporal, coordinaríase co ritmo da instalación das fontes renovables no termo municipal, posibilitando dar resposta á necesidade de probar, en escenario real, o comportamento das diferentes tecnoloxías eléctricas, electroquímicas, mecánicas, térmicas e químicas do almacenamento, a gran escala, en redes, e a nivel de usuario final.

É inaceptable que a Xunta de Galiza se manteña na súa política de opacidade e falta de iniciativa, sen manifestar propostas, opinións ou oposición ás decisións ou falta de decisión do goberno central e que mentres se vexa como outros territorios sen as condicións idóneas de Galiza si avancen propostas na materia. Este é o caso de Estremadura, cuxo goberno vén de publicar a aprobación da creación dun Centro Estatal de Investigación e Almacenamento Enerxético que vai ser financiado con fondos propios e do goberno central.

Compróbase o fracaso das directrices enerxéticas aprobadas durante o anterior mandato de Núñez Feijóo e a falta de vontade para deseñar de forma proactiva e dialogada un novo modelo enerxético galego ao servizo das necesidades territoriais, sociais e económicas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Como valora o goberno galego que outros territorios do Estado avancen en propostas de innovación enerxética que Galiza rexeita polo seu sectarismo e falta de iniciativa política?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Defende a Xunta de Galiza que o noso país debe apostar por localizar a creación dun centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía?

Considera a Xunta de Galiza que o almacenamento enerxético é unha vía de investigación e innovación importante para o futuro?

Debe Galiza apostar pola innovación e o valor engadido no sector enerxético ou conformarse cun modelo espoliador que esquilma recursos naturais para fundamentalmente exportar enerxía a outros polos industriais?

Está disposta a Xunta de Galiza a defender unha iniciativa deste tipo e a súa propia participación pública?

Considera a Xunta de Galiza que para unha transición enerxética xusta e polo seu carácter estratéxico sería unha adecuada ubicación o municipio das Pontes?

Vai dialogar ou ten dialogado con este concello e cos seus foros de transición para avaliar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2021 12:39:38

Paulo Ríos Santomé na data 27/08/2021 12:40:32

María do Carme González Iglesias na data 27/08/2021 12:40:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2021 12:41:22

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 27/08/2021 12:41:38

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2021 12:41:47

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2021 12:41:58

María González Albert na data 27/08/2021 12:42:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/08/2021 12:42:20

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2021 12:42:29

María del Carmen Aira Díaz na data 27/08/2021 12:42:37

Daniel Castro García na data 27/08/2021 12:42:48

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2021 12:42:57

Iria Carreira Pazos na data 27/08/2021 12:43:09

Daniel Pérez López na data 27/08/2021 12:43:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/08/2021 12:43:30

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2021 12:43:43

Mercedes Queixas Zas na data 27/08/2021 12:46:46

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:53:09
Nº Rexistro: 20607
Data envio: 27/08/2021 12:53:09.717

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/08/2021 12:47:02

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:33
Nº Rexistro: 20631
Data envio: 27/08/2021 13:46:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de aplicar un protocolo de medidas contra a Covid específico para os centros e instalacións deportivas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de aplicar un protocolo de medidas contra a Covid específico para os centros e instalacións deportivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os propietarios e propietarias de centros e instalacións deportivas levan sufrindo as consecuencias da Covid 19 desde hai xa moitos meses. Esta realidade conlevou

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:33
Nº Rexistro: 20631
Data envio: 27/08/2021 13:46:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grandes perdas económicas pola ausencia de actividade e tamén un grande investimento na adaptación dos seus centros ás novas normativas.

Alén disto, estas perdas non foron recuperadas debido a que as axudas proporcionadas pola Xunta de Galiza foron escasas tanto na cantidade coma na porcentaxe de persoas que puideron solicitalas, ao que hai que sumar o feito de que non existiu até o de agora ningunha convocatoria de axudas específicas para o sector do deporte.

Por estas razóns, o sector do deporte non federado galego non entende as prohibicións que obrigan a pechar as instalacións deportivas nas que hai actividade no seu interior nos concellos onde exista un nivel de restricións máximo. Deste xeito, volvemos ver como o goberno galego volve atacar a un sector que se atopa nunha situación moi delicada, con ausencia de axudas e ao que de novo se volve ver como o culpable e non como o que realmente é, parte da solución.

Esta situación que afecta principalmente aos e ás propietarias afecta tamén aos e ás clientes que ven restrinxida a súa actividade deportiva, algo que é moi necesario en termos de saúde física e mental, tal como se viu probando ao longo da pandemia e que se reflexa na consideración que o propio deporte ten como actividade de interese público na propia lei do deporte de Galiza de 2012.

Por último, o propio sector salienta unha grande descoordinación na aplicación das medidas, xa que nalgúns casos o número de persoas permitido nun centro varia dependendo a persoa que atenda aos e ás propietarias e o momento do día no que re realice a consulta, unha realidade que mostra a necesidade de termos un protocolo propio para o sector.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:33
Nº Rexistro: 20631
Data envio: 27/08/2021 13:46:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Cal é a razón pola que os centros deportivos non poden ofrecer os seus servizos no seu interior nos concellos que estean en nivel máximos de restricións?

- Está disposta a Xunta de Galiza a permitir que se realicen actividades deportivas en interior nos centros deportivos que se atopen en nivel máximo de restricións?

- Cal é a razón que explica que a día de hoxe sigamos sen un protocolo Covid en centros deportivos?

- Cal é a razón que explica as grandes prohibicións no sector do deporte cando é este unha actividade considerada de interese público e cunhas porcentaxes de contaxio ínfimas ?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:33
Nº Rexistro: 20631
Data envio: 27/08/2021 13:46:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2021 13:39:38

Paulo Ríos Santomé na data 27/08/2021 13:39:52

María do Carme González Iglesias na data 27/08/2021 13:40:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2021 13:40:20

Alexandra Fernández Gómez na data 27/08/2021 13:40:28

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:46:33
Nº Rexistro: 20631
Data envio: 27/08/2021 13:46:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2021 13:40:37

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2021 13:40:46

María González Albert na data 27/08/2021 13:40:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/08/2021 13:41:03

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2021 13:41:13

María del Carmen Aira Díaz na data 27/08/2021 13:41:22

Daniel Castro García na data 27/08/2021 13:41:31

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2021 13:41:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/08/2021 13:41:50

Mercedes Queixas Zas na data 27/08/2021 13:42:00

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2021 13:42:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/08/2021 13:42:22

Daniel Pérez López na data 27/08/2021 13:42:34

Iria Carreira Pazos na data 27/08/2021 13:42:43

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de planificar unha estratexia de internacionalización da cultura galega desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de planificar a internacionalización da cultura galega desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradución é fundamental para ensanchar o campo de coñecemento da literatura galega, promover a súa entrada en diálogo con outras culturas e ter unha voz propia no mundo.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para todo iso a tradución precisa contar coas mellores especialistas que sexan quen de ir máis aló dunha simple mudanza de vocabulario dunha lingua por outra, achegando ao público doutra cultura, por veces moi diferente, todos os matices propios da cultura matriz orixinaria. Traducir como oficio de reescrita e reinterpretación para a outra que require e esixe profundo coñecemento do sistema lingüístico, literario e cultural de partida e de chegada.

A tradución é, por unha banda, un alicerce fundamental no proxecto de internacionalización cultural que o goberno debe levar a cabo co obxectivo de posicionar a literatura galega no mundo. Pola outra, a tradución serve para apuntalar a cultura propia ao enriquecela un corpus tradutivo sólido da mellor e máis representativa literatura universal.

Moito máis aínda se se trata dunha literatura que nace desde unha lingua minorizada e nun contexto de subalternidade como é o caso da literatura galega.

Con todo, cómpre termos ben presente que as políticas de apoio á tradución editorial son fundamentais para culturas subalternas como a galega, na que a tradución implica o reforzo da consagración da propia cultura.

Con todo, o goberno do PP desde os seus inicios hai xa 12 anos deu mostras de nula vontade afortaladora da tradución como ferramenta de visibilidade literaria alén das nosas fronteiras, renunciando no seu ideario político a amosar o orgullo por unha partre da nosa creación cultural que goza de gran prestixio dentro e fóra de Galiza e que supón unha das pólas da árbore da cohesión social que sempre debe blindar un goberno.

Desde 2009 vimos confírmando unha continua inversión da política de tradución ascendente que se viñera practicando desde os inicios da autonomía que se concreta no descenso vertixinoso na dotación económica da convocatoria de axudas á tradución

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directa e inversa, anulación dalgunha convocatoria anual, redución no importe por páxina traducida coa conseguinte devaluación do traballo de tradución, falta de claridade na redacción dalgunhas convocatorias, mudanzas de criterios continuos que non adoitan recoller as propostas do sector profesional editorial e da tradución, etc.

Nos últimos anos asistimos ao malestar e ás denuncias públicas dos sectores directamente afectados, o editorial e o das profesionais da tradución. Unha situación que se repite agora, máis unha vez, ao se publicar a resolución provisional das axudas para o libro galego dirixidas á tradución desde e para o galego correspondentes ao 2021.

As afectadas denuncian que esta convocatoria non resolve as eivas precedentes, senón que acrecenta outras novas: está a promover o intrusismo, castiga a edición profesional en favor de intereses poucos claros, permite e mesmo fomenta a duplicidade de títulos traducidos, desenténdese d seu labor regulador na distribución posterior dos libros traducidos, amosa unha total falta de rigor na comisión de resolución e prescinde do comité de avaliación.

Razóns que xustifican unha conclusión reiterada desde o sector: o apoio institucional do goberno da Xunta á tradución literaria desde e para o galego non só veu descendo progresivamente na última década, senón que adoece dunha estratexia de internacionalización ben planificada e que atenda ao interese cultural do sistema literario.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Recibiu o goberno galego propostas de mellora da convocatoria de axudas para o libro galego dirixidas á tradución desde e para o galego?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o goberno galego non atendeu as demandas do sector editorial e das profesionais da tradución? Que xustificación lles trasladou?

- Como valora o goberno as declaracións do sector tan críticas como obxectivas á actual proposta provisional de resolución de agosto de 2021?

- Por que non se recolle nos criterios de presentación de propostas a necesidade de achegar o currículo académico e/ou a traxectoria profesional do tradutor ou tradutora responsábel?

- Como é posíbel que editoriais de recente creación e sen ningún mérito no ámbito da tradución literaria poidan non só xogar en pé de igualdade senón relegar as editoriais especializadas en tradución ou con colección específicas?

- Por que se selecciona o mesmo título para traducir até en 3 ocasións por parte doutras tantas editoras?

- Por que se lles atribúe ás traducións dende o ES ou o PT ao GL o mesmo grao de dificultade e polo tanto as mesmas tarifas ca linguas moito máis afastadas do noso sistema cultural e/ou con menor representación e maior necesidade de axuda (búlgaro, coreano, bretón, xaponés...)?

- Que mecanismo de comprobación do bo funcionamento da distribución dos títulos admitidos emprega a Xunta de Galiza?

- Comprométese o goberno a separar as dúas direccións de tradución, xestionar a literatura galega para traducir a través dunha axencia de promoción literaria e a literatura universal que é necesario traer a través dunha liña de axudas independente, clara e dirixidas aos profesionais?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comprométese o goberno a reunirse no actual período de sesións co sector directamente implicado para consensuar unha nova proposta normativa de cara a 2022 que elimine as eivas sinaladas?

- Que accións contempla pór en práctica o goberno para planificar unha estratexia de internacionalización desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2021 11:01:08

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2021 11:01:16

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 11:01:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 11:01:28

Alexandra Fernández Gómez na data 30/08/2021 11:01:36

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 11:01:45

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2021 11:01:53

María González Albert na data 30/08/2021 11:02:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/08/2021 11:02:11

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:12:46
Nº Rexistro: 20672
Data envio: 30/08/2021 11:12:46.744

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 11:02:20

María del Carmen Aira Díaz na data 30/08/2021 11:02:28

Daniel Castro García na data 30/08/2021 11:02:37

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 11:02:46

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 11:02:54

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 11:03:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 11:03:15

Rosana Pérez Fernández na data 30/08/2021 11:03:25

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 11:03:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2021 11:03:47

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación de colapso da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algunha lección nos deixa a Covid 19 é a importancia de ter unha Atención Primaria forte e ben dotada para protexer á poboación. Si o seu reforzo e cambio de modelo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindíbel.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta constatación fixo pensar que a Xunta de Galiza ía tomar nota e rectificar a súa política de acoso e derribo, fixo albergar a esperanza de que se ía proceder ao impulso, á mellora da Atención Primaria.

Que despois do enorme esforzo realizado pol@s profesionais, se ían poñer en marcha medidas para rematar coa sobrecarga asistencial crónica, coa precariedade.

Máis a realidade é que moi ao contrario o PP está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo manténdoa colapsada, con falta de profesionais, sumida nun pozo máis e máis profundo.

No medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos, cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia, aproveita o PP para afondar no afastamento dos servizos sanitarios e da resolución dos problemas da poboación , na vez de impulsar unha atención de calidade e próxima.

Atención Primaria atópase nuns niveis de saturación inadmisibles. Aumento da presión asistencial pola multiplicación da demanda, sobre de todo nos concellos de aumento da poboación polo turismo, e que teñan que afrontar o traballo cuns cadros de persoal aínda máis reducidos do habitual ao non substituír as ausencias, vacacións ou xubilacións.

Era imposíbel atender a presión asistencial existente, antes da quinta onda (co aumento dos contaxios), da campaña de vacinación e das vacacións do verán e moito menos con todos eses elementos, e as consecuencias afloraron con toda crueza este verán.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son o persoal exhausto, e a poboación sen a atención debida, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos por un profesional distinto, listas de espera de semanas para a atención telefónica e presencial.

Están nunha situación límite desde @s celadores/as e PSXs pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo. Axendas interminábeis de ata 70 ou 80 doentes, en quenda de mañá, ao ter que asumir a atención habitual, as e os doentes crónicos, e tamén as d@s profesionais que non son substituíd@s, das persoas desprazadas ou das urxencias, ademais do proceso de vacinación e facer o diagnóstico e seguimento de todas as persoas positivas pola Covid 19 que se están multiplicando dun xeito exponencial, polos déficits tremendos do sistema de rastrexo, ao que hai que engadir a habilitación da Chave 365 e os certificados de vacinación.

O Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental tanto d@s profesionais como da poboación coa situación na que ten a Atención Primaria; lonxe de aportar solucións fomenta o enfrontamento da poboación co persoal da sanidade pública.

Ten que producirse un cambio de rumbo, medidas para que Atención Primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario e deixe de estar secundarizada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Cal é a previsión de aumento orzamentario para Atención Primaria?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2021 11:49:33

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2021 11:49:36

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 11:49:45

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 11:50:03

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 30/08/2021 11:50:28

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 11:50:40

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2021 11:51:03

María González Albert na data 30/08/2021 11:51:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/08/2021 11:51:23

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 11:51:33

María del Carmen Aira Díaz na data 30/08/2021 11:51:51

Daniel Castro García na data 30/08/2021 11:52:06

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 11:52:21

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 11:52:30

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 11:52:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 11:52:53

Rosana Pérez Fernández na data 30/08/2021 11:53:04

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 11:53:14

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:53:54
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 30/08/2021 11:53:54.791

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2021 11:53:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno galego explique canto antes no Parlamento galego as actuacións que vai levar a cabo para impulsar sancións ás empresas eléctricas que baleiraron drasticamente encoros galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa nos últimos meses novas consecuencias dun modelo enerxético espoliador e depredador. No mes de agosto de 2021 non só ficou fulminado todo récord existente respecto do prezo da enerxía eléctrica sen que o goberno central arbitrase medidas efectivas e sen que o goberno da Xunta de Galiza impulsase medidas para que Galiza, país líder en produción, non se vise igualmente penalizada. Ademais, isto

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aconteceu nun contexto no que as grandes empresas eléctricas contribuíron a esta situación especulando cos prezos e coa produción.

No marco deste contexto de abuso e espolio, múltiples encoros galegos, singularmente varios de Ourense mais tamén doutras zonas do país como Lugo, salientando o caso de Portomarín, viron reducida repentina e drasticamente a súa capacidade. Así as cousas, se tomamos como exemplo o concello de Vilariño de Conso, podemos ver como se na última semana de agosto a media anual adoita ser para o caso do encoro da Cenza dun 50%, neste 2021 mantívose no escaso 15%. A mesma porcentaxe tivo practicamente o encoro de Portas, cuxa capacidade no ano 2020 estaba no 75%.

A capacidade doutros encoros se ben non é tan alarmante, non deixa de ser preocupante toda ve z que o estado actual da súa capacidade non chega ao 50% do seu promedio ordinario. Estas actuacións, levadas a cabo polas empresas eléctricas de forma drástica e rápida, obedece a prácticas empresariais escurantistas relacionadas cos equilibrios para xogar á fixación dos prezos. Cómpre recordar, por exemplo, que o venres 27 de agosto observamos como, se ben a produción dun megavatio hidráulico ronda os tres euros, neste día foi vendido a 118,99 € megavatio/hora fixando o prezo do día. Esta cuestión recórdanos a necesidade de mudar o sistema de fixación do prezo da enerxía eléctrica, que debe depender dos custos recoñecidos a cada tecnoloxía.

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas afectadas e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego esta situación é intolerable e non é admisíbel que o goberno central se conforme con accións encamiñadas á procura de información nin que a Xunta de Galiza se conforme coa mera crítica. Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impulsar sancións ás empresas eléctricas que baleiraron drasticamente encoros galegos?

Considera o goberno galego que estas actuacións se enmarcan nunha operación de especulación sobre os prezos?

Considera a Xunta de Galiza que este problema amosa as consecuencias negativas da falta de soberanía sobre os nosos ríos e sobre o sistema enerxético? Vai demandar máis autogoberno nestes ámbitos?

Como valora as consecuencias medioambientais?

Como valora as consecuencias sobre os usos e modos de vida da poboación?

Considera que estas actuacións supuxeron unha redución das capacidades de loita contra os lumes? Que mecanismos alternativos arbitrou para as zonas afectadas?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións demandou ao goberno central? Cales impulsou pola súa banda?

Desenvolveu ou vai desenvolver o goberno galego algún estudo?

E algunha negociación directa coas empresas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2021 12:20:51

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2021 12:20:57

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 12:21:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 12:21:29

Alexandra Fernández Gómez na data 30/08/2021 12:21:38

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 12:21:48

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2021 12:21:58

María González Albert na data 30/08/2021 12:23:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/08/2021 12:23:21

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 12:23:31

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:27:25
Nº Rexistro: 20688
Data envio: 30/08/2021 12:27:25.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 30/08/2021 12:23:43

Daniel Castro García na data 30/08/2021 12:23:54

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 12:24:11

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 12:24:26

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 12:24:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 12:24:46

Rosana Pérez Fernández na data 30/08/2021 12:25:04

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 12:25:16

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2021 12:26:08

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:20
Nº Rexistro: 20694
Data envio: 30/08/2021 13:13:20.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de reforzar a atención educativa no ensino público antes do comezo do cuso 2021-2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 9 de agosto iniciamos un curso marcado un ano máis pola pandemia. Un curso que a propia Conferencia Sectorial de Educación cualifica como “de transición”.

Se ben a situación non é a mesma que hai un ano, hai dous factores que son innegábeis. Por unha banda, que non sabemos cal vai ser a evolución da pandemia e

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:20
Nº Rexistro: 20694
Data envio: 30/08/2021 13:13:20.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola outra que precisamos máis ca nunca do reforzo no ensino público para minimizar estes efectos e axudar ao alumnado que máis o precise.

Mais a pesar desta realidade que está a ser sinalada por toda a comunidade educativa, a actitude da Consellaría de Educación segue a ser a mesma: recortes, mentiras e propaganda.

Ao tempo que outras comunidades están anunciando que van manter (e mesmo reforzar) o número de profesores para este curso (Baleares, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Navarra, A Rioxa) no caso de Galiza, o PP anuncia unha avalancha de recortes no profesorado de todos os niveis educativos.

Anuncios no recorte do profesorado que no caso de secundaria, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso 20/21. Pero mesmo se a referencia fose a do curso 19/20 hai un recorte de 189 profesores menos.

Do mesmo xeito, no DOG do venres 6 de agosto faise efectivo un recorte definitivo de 109 unidades de educación infantil e primaria. (máis de 150 mestras e mestres)

Mais por se isto non fose dabondo, o mesmo día que Román Rodríguez agradecía o esforzo do profesorado executaba o agradecemento anunciando un recorte de case a metade dos profesores de reforzo. Fronte aos 2300 profesores de reforzo contratados o curso pasado este ano haberá só 1.250 no anunciado como Plan recupera: 800 corresponderían programa ARCO e 450 do programa PROA.

A pasado 4 de agosto publicouse o Real Decreto 684/2021 que se anuncia un reparto ás Comunidades Autónomas de 13.486 M€. Galiza recibirá 828 M€ deste

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:20
Nº Rexistro: 20694
Data envio: 30/08/2021 13:13:20.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reparto. A pesar de que no propio real decreto se establece como finalidade para estes fondos "a prestación de servizos públicos fundamentais prestados á cidadanía, tales como a educación, la sanidade e los servizos sociais" no caso galego, a Xunta de Galiza continúa anunciando nas súas declaracións públicas recortes de profesorado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Vai o goberno galego ampliar en mil o número de docentes no ensino público, de maneira que se poida garantir a atención de todo alumnado que o precise, mantendo cando menos o mesmo número de profesores que no curso 20/21 nos centros e ampliando os cadros docentes co obxectivo de reducir as rateos máximas, tendo como referencia 20 alumnos en educación infantil e primaria e 25 en secundaria?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:20
Nº Rexistro: 20694
Data envio: 30/08/2021 13:13:20.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2021 12:54:09

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2021 12:54:21

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 12:54:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 12:54:36

Alexandra Fernández Gómez na data 30/08/2021 12:54:45

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:20
Nº Rexistro: 20694
Data envio: 30/08/2021 13:13:20.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 12:54:54

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2021 12:55:02

María González Albert na data 30/08/2021 12:55:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/08/2021 12:55:21

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 12:55:30

María del Carmen Aira Díaz na data 30/08/2021 12:55:39

Daniel Castro García na data 30/08/2021 12:55:47

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 12:55:58

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 12:56:07

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 12:56:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 12:56:33

Rosana Pérez Fernández na data 30/08/2021 12:56:41

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 12:56:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2021 12:57:05

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:08
Nº Rexistro: 20350
Data envio: 20/08/2021 10:51:08.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o peche da oficina de ABANCA no bairro de San Valentín no Concello de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferencia a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:08
Nº Rexistro: 20350
Data envio: 20/08/2021 10:51:08.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no bairro de San Valentín, no Concello de Fene, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina e que ven manifestándose en contra do anunciado peche durante todo o verán.

Por todo iso formúlase a seguinte interpelación:

1. Que actuacións ten previsto impulsar a Xunta de Galiza para evitar o peche de oficinas bancarias en moitos concellos deixando sen servizos a miles de galegas e

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:08
Nº Rexistro: 20350
Data envio: 20/08/2021 10:51:08.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegas e implicando a perda de postos de traballo, como sucede por exemplo coa oficina de ABANCA en San Valentín, no concello de Fene?

2. Ten realizado algunha actuación para evitar o peche desta oficina que se suma a outras xa levadas a cabo na comarca de Ferrol e dificultan o acceso da veciñanza aos servizos financeiros?

3. Coida que o sector bancario pode seguir perdendo postos de traballo, na actual situación de crise económica, e nomeadamente dada a situación da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/08/2021 10:47:04

Daniel Pérez López na data 20/08/2021 10:47:19

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2021 10:51:08
Nº Rexistro: 20350
Data envio: 20/08/2021 10:51:08.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2021 10:47:28

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:18:19
Nº Rexistro: 20373
Data envio: 23/08/2021 11:18:19.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Neste verán de 2021 na Galiza levamos un número menor de incendios que outros veráns por contar este con temperaturas menos elevadas e con choivas periódicas nalgúns puntos que impediron que se provocaran lumes.

Así mesmo, levamos unha superficie queimada que non é chamativa a comparanza de outros anos, derivada da mesma cuestión.

A medida que o verán estacional vai rematando as temperaturas estanse incrementando como tamén o fai o nivel de seca, e é aquí cando os lumes van aparecendo progresivamente.

Recentes lumes foron os de Sobradelo, con afectación de case 200ha e unha gran mobilización de recursos humanos e materias e motivado segundo as investigacións da consellería de Medio Rural por unha chispa da catenaria do ferrocarril ao paso pola zona, nesta zona non foi o único sendo o outro de menor entidade.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:18:19
Nº Rexistro: 20373
Data envio: 23/08/2021 11:18:19.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén houbo afectación por lumes en concellos como Rois, con 20ha, Guitiriz e Vilalba coa suma de 1,3 ha de superficie e incluso un en Quiroga próximo á superficie queimada por outro lume que ameazou hai uns meses a Serra de Courel, este afectou a unha superficie de 500m2.

Esta mesma fin de semana desatouse outro lume no concello de Negueira de Muñíz con afectación de 25ha, que ao momento desta iniciativa xa poderían ser máis, mentres en Ourense se ven comprometidas 30ha por varios incendios simultáneos en distintos concellos, que poden ser máis ao remate da fin de semana.

Vese claro que o número de incendios está nun claro incremento como así tamén a superficie afectada. Aqueles lumes que se controlaron con pouca afectación no terreo puideron ter máis.

Unha vez máis a ausencia de políticas axeitadas para a prevención de lumes, incidir na extinción como única vía de solución non protexe o territorio nin ás persoas, seguimos na Galiza a depender da climatoloxía para a prevención dos lumes.

Ano tras ano tras ano o goberno da Xunta deixa que se repitan pasivamente as mesmas ausencias de políticas contra o lume sen tomar medidas para conducir ao un deseño territorial que protexa aos núcleos de poboación e ao propio territorio, xa que se crearían franxas de protección natural a través das cales sería ben dificultoso que se propagara.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

73600

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:18:19
Nº Rexistro: 20373
Data envio: 23/08/2021 11:18:19.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No canto disto, as medidas que se toman son esperar a que veña un verán chuvioso e logo si, culpar ás persoas de ser incendiarias e investir un orzamento sen límite na extinción.

Dende o BNG consideramos esta política culpabilizadora que inviste no que dá máis negocio que é a extinción, no canto de investir na ordenación do territorio para a prevención, é nefasta e todas e cada unha das épocas cálidas o demostra.

Por isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para impedir a proliferación de lumes ao remate deste verán e durante o próximo outono?

Que orzamento leva executado a Consellería de Medio Rural para a prevención de lumes neste 2021?

Conta a Xunta coa dificultade que supón para a extinción dos lumes debido ao baixo nivel de augas na conca Miño-Sil no interior das provincias de Lugo e Ourense?

Dado que segundo comunican dende a Consellería a maioría dos lumes contan con varios focos e polo tanto son provocados, teñen unha estimación tamén de cal podería ser a motivación incendiaria nos distintos lumes e que medidas vai tomar o goberno da Xunta para contrarrestalas?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:18:19
Nº Rexistro: 20373
Data envio: 23/08/2021 11:18:19.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de tantos anos de goberno do PP, e recoñecendo que a causa incendiaria así como a dos incendios é multifactorial, vai a Xunta levar adiante políticas de intervención sólidas para impedir que o patrón dos lumes se repita ano tras ano?

Recoñece a Xunta que a súa falta de planificación activa na prevención é unha importante e motivadora causa dos lumes na Galiza, pensan facerlle fronte algún día e se non o fan cal é a causa?

É consciente a Xunta que este verán houbo menos incendios e menor superficie queimada pero que este goberno non tivo nada que ver nesta cuestión?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/08/2021 11:16:25

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 11:18:19
Nº Rexistro: 20373
Data envio: 23/08/2021 11:18:19.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 11:16:28

María González Albert na data 23/08/2021 11:16:38

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:10
Nº Rexistro: 20379
Data envio: 23/08/2021 12:30:10.762

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert**, **Luis Bará Torres** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Este verán de 2021 estívose a caracterizar pola súa pluviosidade e baixas temperaturas polo que o número e impacto dos lumes que se ocasionaron foi limitado.

Nos que se produciron podemos notar menor afectación de superficie sendo ata o momento o lume de Sobradelo o que provocou que se queimara unha superficie máis extensa con cerca de 200 has. Nas 48 horas que o monte baixo e arborado estivo ardendo a mobilización de recursos para a súa extinción foi máxima: 8 avións, 9 helicópteros, 30 axentes forestais, 52 brigadas, 25 motobombas e 2 palas escavadoras, isto elevou a máis de 326.000€ o custe da súa extinción.

Observamos un ano máis que o modelo de planificación e prevención de incendios segue a ser o tradicional da Xunta baseado na climatoloxía para a prevención e na macromobilización de efectivos para a extinción a pesares do custo económico que supón e da pouca efectividade que ten a curto e longo prazo para suprimir definitivamente esta perigosa lacra.

Repite o Goberno da Xunta reiteradamente que somos un país de incendiarios e que a maioría son inevitables porque son provocados, en cambio dende o BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:10
Nº Rexistro: 20379
Data envio: 23/08/2021 12:30:10.762

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debemos sinalar que hai numerosos incumprimentos de organismos responsables e a Xunta de Galiza permanece calada e pasiva.

Podemos nomear de novo o lume de Sobradelo onde Medio Rural estima que a causa foi unha chispa da catenaria do ferrocarril ao seu paso polo lugar. Adif presentou o seu plan de prevención de incendios 2021-2022 o ano pasado este lume é a mellor constatación de que non o cumpre, non só nesta zona senón en xeral, podemos asegurar que as marxes das vías do ferrocarril non están adecuadamente mantidas e limpas.

Tampouco o Ministerio de Fomento está a facer o adecuado mantemento das estradas nacionais galegas. Esta limpeza faise tarde, de xeito lento e parcial ou non se fai, o cal pon en grave risco de que se poida provocar lumes. Límpanse 1 ou 2 metros de marxes ao carón da vía pero non os terrapléns, incluso esta limpeza se está a facer con Glifosato que logo aparece nos informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co cal unha vez máis a Galiza soporta a carga de contaminación ao tempo que o risco de incendio se mantén.

En ambos casos hai que subliñar que a limpeza ao seu paso por núcleos urbanos é igual de deficitaria que por zonas menos poboadas.

Para rematar sinalamos que non estaría de máis que a limpeza das franxas das liñas de alta e media tensión fora máis exhaustiva

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta tomar as medidas oportunas para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:10
Nº Rexistro: 20379
Data envio: 23/08/2021 12:30:10.762

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marxes das liñas de alta e media tensión, das estradas nacionais e máis das liñas de ferrocarril?

Está a Xunta a pedirlle responsabilidades ao Ministerio de Mobilidad, Transporte y Agenda Urbana e á Adif sobre a neglixencia que supón non cumprir coas necesidades de limpeza de marxes?

Está o goberno galego a solicitar compensación económica a Adif polos gastos que supuxo a súa neglixencia no concreto incendio de Sobradelo na comarca de Valdeorras?

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para que no futuro este tipo de incendios non volva a ocorrer?

É consciente a Xunta do risco que supón que tanto as estradas Nacionais como as liñas de ferrocarril se atopen desatendidas nos tramos urbanos?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

María González Albert

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2021 12:30:10
Nº Rexistro: 20379
Data envio: 23/08/2021 12:30:10.762

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 12:26:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/08/2021 12:26:53

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2021 12:27:04

María González Albert na data 23/08/2021 12:27:17

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20419
Data envio: 23/08/2021 14:17:16.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert**, **Daniel Pérez López**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Estes días vimos de tomar coñecemento das condición de produción e laborais que está a levar a cabo a empresa Surexport no concello de Begonte.

Esta empresa de Huelva ten como clientes a Mercadona ou Tesco, e mobiliza un gran volume de negocio relacionado coa produción e venta de froitos vermellos, e conta con 72 has. no Concello de Begonte para a súa produción.

Surexport trasladou á Galiza o seu modelo de produción en Andalucía, acaparar superficie para instalar grandes invernadoiros, uso máximo de produtos fitosanitarios para garantir a súa produción, consumo de gran volume de auga para os cultivos e emprego de persoas inmigrantes sen as máis mínimas garantías laborais nin vitais, comprometendo incluso a Saúde Pública ao non poder cumprirse coas medidas anti-covid de modo adecuado.

Podemos ver que esta empresa exemplifica perfectamente todo aquelo que non se debe facer, tendo moitas das cuestións gran carga de potencial ilegalidade, algunhas delas repercuten moi negativamente nas persoas traballadoras e outras repercuten moi negativamente nas persoas que compran estes produtos.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20419
Data envio: 23/08/2021 14:17:16.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ningún dos puntos sinalados concordan coas políticas europeas de protección medio ambiental, á diversidade ou de loita contra o cambio climático.

Non podemos ver dende o BNG máis cousa que esta empresa como outras vén unha vez máis esquilmar o noso territorio sen deixar a penas rendibilidade, consume os nosos recursos hídricos, probablemente extenúa a capacidade produtiva da terra, fai unha competencia desleal con outros modelos produtivos autóctonos que non poden competir co prezo por ha, non crea nin un só posto de traballo local, nin tampouco favorece que se xere tecido social, xa que as condicións do persoal que traballa son pésimas e o seu fin parece traballar o máximo posible para irse tamén o máis pronto posible, entendemos tamén que tributa fóra da nosa CA.

Por todo isto é incomprensible que dende a Xunta da Galiza non se teña actuado con anterioridade cos mecanismos que ten á súa disposición como por exemplo a Inspección de Traballo, ou outros sistemas de vixilancia para determinar se se cumpre coa normativa sanitaria, tanto no aspecto laboral como nas condicións de habitabilidade dos lugares de aloxamento das persoas traballadoras, a inmensa maioría inmigrantes.

Non podemos atopar a máis mínima vantaxe a que esta empresa se implante deste modo no noso territorio, e por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Xunta tomar as medidas precisas, e de xeito inmediato, para inspeccionar as instalacións da empresa Surexport no concello de Begonte e no de Castro de Rei, na súa vertente laboral e sanitaria?

Vai a Consellería de Emprego e Igualdade promover a Inspección inmediata das condicións laborais das persoas que traballan nos distintos postos produtivos e de comercialización?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20419
Data envio: 23/08/2021 14:17:16.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Consellería de Medio Rural tomar algún tipo de determinación da súa competencia para que a empresa mellore a sostibilidade medio ambiental da súa produción?

Vai a Consellería de Sanidade facer comprobación das posibilidades de cumprimento das medidas anti-covid entre o persoal, tanto dentro dos invernadoiros como nos lugares de aloxamento?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Pérez López

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 23/08/2021 14:14:29

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2021 14:14:34

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20419
Data envio: 23/08/2021 14:17:16.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2021 14:14:42

María González Albert na data 23/08/2021 14:14:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/08/2021 14:15:10

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 14:15:21

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:24:25
Nº Rexistro: 20440
Data envio: 24/08/2021 12:24:25.325

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará varias sucursais, entre elas, a situada na parroquia de Campelo, no concello de Poio, quedando así sen o servizo bancario diario que presta unha dunha entidade financeira.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, que se deberá desprazar ata outra parroquia para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Este peche, vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico.

É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 12:24:25
Nº Rexistro: 20440
Data envio: 24/08/2021 12:24:25.325

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.ª) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal de Campelo no Concello de Poio, que deixaría a súa poboación sen este servizo?

2.ª) Como valora o Goberno galego o peche da sucursal de Abanca de Campelo no concello de Poio?

3.ª) Considera o Goberno galego que debe iniciar conversas con Abanca para evitar o peche de sucursais bancarias no rural de acordo a unha estratexia de fortalecemento do rural e contra o seu despoboamento?

4.ª) Que medidas está a levar a cabo o Goberno galego para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras galegas, especialmente da xente maior que vive nun concello rural e carecen de oficina bancaria?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 12:19:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/08/2021 12:19:35

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 12:19:50

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:28:40
Nº Rexistro: 20448
Data envio: 24/08/2021 13:28:40.450

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O concello da Cañiza non é alleo á política de desmantelamento da sanidade pública levada a cabo durante estes anos de goberno do PP en Galicia.

Este concello conta con 5.122 habitantes e presenta unha tendencia positiva de crecemento nos últimos anos.

O PAC da Cañiza leva conta dende hai dous anos cun facultativo menos, sendo unicamente 3 os profesionais médicos adscritos a este concello, o que supón un prexuízo para o dereito a unha atención sanitaria de calidade da súa veciñanza, xa que son insuficientes para atender ás 4.411 cartillas adscritas.

A poboación da Cañiza, está repartida en 9 parroquias, delas, a de Velaixe é a maior e máis importante das parroquias do municipio. Cunha poboación de arredor de 1.300 veciños e dista da capital 5 km.

E é tamén a máis prexudicada por esta falla de facultativos, xa que o centro de saúde sito nesta parroquia leva dous anos sen repoñer o médico que cesou por unha baixa.

Isto supón un forte agravio para a poboación desta parroquia que se ten que desprazar ata o PAC da Cañiza sito a máis de 5 Km, tendo en conta que se trata na maioría dos casos, dunha poboación envellecida que acode habitualmente ao centro de saúde por cronicidade ou doenzas comúns.

A isto súmase o dano económico que supón usar taxi ou vehículo na maioría dos casos, debido ao deficiente servizo de transporte público existente no noso territorio.

O alcalde da Cañiza leva anos pedindo ao Goberno da Xunta que se cubra esta praza, chamando a todas as portas pero as respostas son sempre evasivas ou negativas.

Este desleixo e falla de atención entendemos que está a evidenciar unha vontade

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:28:40
Nº Rexistro: 20448
Data envio: 24/08/2021 13:28:40.450

de desmantelamento deste consultorio, que se nun futuro se produce será responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Núñez Feijóo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como xustifica o Goberno da Xunta esta política de desmantelamento da atención primaria ao longo de todo o territorio do país?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 13:04:27

Julio Torrado Quintela na data 24/08/2021 13:04:37

Marina Ortega Otero na data 24/08/2021 13:04:48

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:39
Nº Rexistro: 20451
Data envio: 24/08/2021 13:29:39.903

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A pandemia, as fusións e o camiño emprendido cara á dixitalización está contribuíndo a un proceso inexorable de reestruturación e transformación da banca no conxunto do Estado e por suposto tamén en Galicia. En consecuencia, estamos diante dun proceso continuo de peche de oficinas, de mingua na prestación de servizos financeiros, de expulsión da presencia física dos clientes nas entidades, da imposición de modelos de banca dixital a persoas clientes que carecen da suficiente formación ou mesmamente da imposibilidade de que moitos se vexan privados do acceso o efectivo.

Unha tendencia que seguirá no ano 2021 e que de seguro se prolongará nos próximos anos.

Non é unha situación novidosa. Dende o ano 2008 o número de oficinas bancarias non deixou de minguar. Segundo datos do Banco de España en Galicia lévanse pechado nos últimos 12 anos máis da metade da súa rede de oficinas, pasando de 2.539 do ano 2008 a 1.231, a finais de 2020.

Aínda que o proceso de peche de oficinas afecta ao conxunto das entidades financeiras en Galicia, resulta certamente rechamante o caso de Abanca, por ser esta entidade a de maior presenza no país tanto por número de clientes como por volume de negocio e conta de resultados. Unha entidade que, como é publico e notorio, é o resultado final do proceso de fusión e posterior extinción das caixas de aforros. Caixas que capilarizaban o territorio con presenza en todos os concellos de Galicia dando cobertura de servizos financeiros á inmensa maioría da poboación.

Dende marzo de 2015 a marzo de 2021 Abanca leva pechadas máis de 110 oficinas, un proceso de peche que se ve incrementado nos últimos meses de xeito indiscriminado. Dende abril deste ano Abanca ten pechado ou anunciado o peche de oficinas en Carril, Vilaxoán, Vimianzo, Zas, A Baña, Baíñas, Muras, Vimianzo, Forcarei, Fene, Cotobade, Cerdido, Mesón do Vento, Seixo (Marín), Campelo, Campo Lameiro, Padrenda, Quintela de Leirado, Padrenda … , moitas desas oficinas radicadas en concellos ou localidades nas que era a única oficina o

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:39
Nº Rexistro: 20451
Data envio: 24/08/2021 13:29:39.903

cal está xerando unha situación evidente de exclusión financeira para unha parte importante da poboación galega.

Lembramos que en Galicia existen xa cerca de 50 concellos, que abranguen a unha poboación de 60 mil persoas, sen ningunha oficina bancaria. Concellos rurais onde a exclusión financeira e a perda de servizos básicos é unha constante. Problemática que, lamentablemente, afecta ao conxunto da poboación galega, posto que o peche de oficinas bancarias tamén se está a dar en cidades e vilas máis urbanas.

Con todo sendo preocupante a situación en toda Galicia, a situación vólvese dramática na provincia de Ourense na que case un 30 % dos concellos carecen de oficina bancaria (un 9 % da poboación), concellos onde hai anos operaban precisamente as Caixas de Aforro, sucedidas despois por Abanca en canto entidade compradora de NG Banco, S.A (entidade resultado da fusión das caixas galegas).

Unha venda, a das caixas de aforro, feita a toda presa e por un prezo de saldo, despois dun saneamento de máis de 9.000 millóns de euros de diñeiro público, o do que aínda o Goberno galego non deu contas a ninguén neste país.

Unha xestión nefasta e desastrosa que agora produce estas consecuencias.

Diante do desmantelamento continuo e reiterado de servizos básicos financeiros a resposta da Xunta de Galicia foi financiar con fondos públicos que as entidades bancarias instalen caixeiros nos concellos nos que precisamente acaban de pechar oficina.

Unha estratexia errada ("pan para hoxe e fame para mañá"), que non vai parar a sangría de peche de oficinas bancarias e que, no seu caso, debe ser sufragada polas propias entidades con cargo á súa conta de resultados.

Se a Xunta de Galicia mete a Abanca nunha sociedade para xestionar os Fondos Europeos, que razóns asisten ao Goberno galego para non presionar politicamente a esta entidade co fin de evitar o peche de oficinas, especialmente, en concellos nos que é única oficina.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do peche continuado de oficinas anunciado e levado a cabo pola entidade Abanca?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:29:39
Nº Rexistro: 20451
Data envio: 24/08/2021 13:29:39.903

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2ª) Ten adoptado o Goberno galego algunha estratexia política dirixida a evitar o peche de oficinas bancarias, especialmente nos concellos nos que unicamente existe unha oficina bancaria?

3ª) Diante do ritmo de peche de oficinas anunciado por Abanca e outras entidades, considera o Goberno galego incrementar o convenio para a instalación de caixeiros automáticos asinado coa Fegamp (2,8 millóns a 4 anos)?

4ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego, no marco das súas competencias exclusivas, para que os consumidores/as galegos/as non se vexan excluídos no ámbito dos seus dereitos financeiros básicos?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 13:24:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/08/2021 13:24:34

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:54:56
Nº Rexistro: 20460
Data envio: 24/08/2021 13:54:56.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14/06/2021 facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023. É necesario recordar que as anteriores, publicadas o 23 de marzo deste mesmo ano, supuñan, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores do mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos. Naquel momento, fallando a previsión de novas vagas, gromos e restricións, a perspectiva mudara.

Neste novo estudo o Banco de España sinala a incerteza coma un factor fundamental aínda que reducido polo proceso de inmunización da poboación, mais importante aínda a medio prazo por mor das repercusións da crise económica. O Banco de España sinala as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:54:56
Nº Rexistro: 20460
Data envio: 24/08/2021 13:54:56.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo eleva o medre do PIB en comparación coas previsións de marzo, facendo unha revisión á alza do medre no 2021 e 2022 esperando que o PIB medre un 6,2% de media anual en 2021.

Así mesmo, o organismo sinala incertezas respecto dos prezos, a inflacción e a actividade. Finalmente, sinálase a chegada dos fondos europeos, singularmente os Next Generation, como un elemento clave. Cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración vai o goberno galego respecto das previsións de recuperación económica que fai o Banco de España?

E respecto do seu impacto en Galiza?

E respecto das previsións da Xunta de Galiza?

Que valoración fai o goberno galego do impacto das diferentes vagas da covid ao longo do verán de 2021?

Introduciu a Xunta algunha mudanza desde a aprobación do teito de gasto e as que alí se recollen? Cales?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:54:56
Nº Rexistro: 20460
Data envio: 24/08/2021 13:54:56.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai o goberno galego en termos de afectación ao tecido produtivo? E laboral?

Como valora o impacto en Galiza de elementos de orde internacional como a política económica dos Estados Unidos ou a evolución do impacto da saída do Reino Unido da Unión Europea?

Como valora a evolución e previsión respecto dos prezos e da inflacción?

E respecto da capacidade de aforro?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 24/08/2021 13:46:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/08/2021 13:46:04

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:54:56
Nº Rexistro: 20460
Data envio: 24/08/2021 13:54:56.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2021 13:46:13

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:06
Nº Rexistro: 20461
Data envio: 24/08/2021 13:55:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14/06/2021 facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023. É necesario recordar que as anteriores, publicadas o 23 de marzo deste mesmo ano, supuñan, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores do mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos. Naquel momento, fallando a previsión de novas vagas, gromos e restricións, a perspectiva mudara.

Neste novo estudo o Banco de España sinala a incerteza coma un factor fundamental aínda que reducido polo proceso de inmunización da poboación, mais importante aínda a medio prazo por mor das repercusións da crise económica. O Banco de España sinala as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:06
Nº Rexistro: 20461
Data envio: 24/08/2021 13:55:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo eleva o medre do PIB en comparación coas previsións de marzo, facendo unha revisión á alza do medre no 2021 e 2022 esperando que o PIB medre un 6,2% de media anual en 2021.

Así mesmo, o organismo sinala incertezas respecto dos prezos, a inflacción e a actividade. Finalmente, sinálase a chegada dos fondos europeos, singularmente os Next Generation, como un elemento clave. Cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta a situación económica de Galiza nesta nova vaga de gromos do outono?

- Como valora o impacto económico das novas medidas aprobadas a partir do mes de setembro?

- Como valora a evolución de Galiza e a perspectiva dunha recuperación lenta?

- Que correccións de orientación económica vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:06
Nº Rexistro: 20461
Data envio: 24/08/2021 13:55:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores macroeconómicos?

- Ten a Xunta de Galiza algunha previsión de seu respecto de cal pode ser a evolución do PIB para 2021?

-Considera a Xunta de Galiza que o noso país ten as ferramentas económicas precisas para enfrontar esta crise? Considera que máis autogoberno facilitaría a concreción e impulso de medidas máis eficaces?

- Que repercusións ten a situación macroeconómica para os galegos e galegas? E para a clase traballadora?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2021 13:47:05

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2021 13:55:06
Nº Rexistro: 20461
Data envio: 24/08/2021 13:55:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/08/2021 13:47:17

Daniel Pérez López na data 24/08/2021 13:47:27

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 25/08/2021 10:39:33.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza e da débeda no conxunto do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de agosto de 2021 coñeciamos os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo. En síntese, acadou os 1.426 mm de euros en xuño de 2021, cunha taxa de crecemento interanual do 10,4%. Segundo avanza o Banco de España, empregando o PIB nominal dos últimos catro trimestres, a ratio débeda/PIB sitúase no 122,1% no último trimestre de 2021.

Respecto da evolución a nivel das administracións autonómicas, avánzase que a débeda das Comunidades Autónomas medrou até os 313 mm de euros en xuño de 2021, o que representa un aumento interanual do 2,4% nun ano marcado, como é evidente, pola irrupción da pandemia da covid-19. É de sinalar que no caso das corporacións locais hai unha redución do 9,1% respecto do saldo rexistrado no mes de xuño do ano anterior. En todo caso, no conxunto das administracións públicas a liña é a consolidación do aumento, ata o 2,4% anual.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 25/08/2021 10:39:33.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Respecto do último dato dispoñíbel concreto e definitivo sobre a débeda galega, do primeiro trimestre de 2021, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.738 millóns de euros.

Se ben é certo que vivimos un contexto económico no que o endebedamento é unha evidente necesidade, non é menos a preocupación en termos globais do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego respecto da evolución da débeda en Galiza durante os mandatos de Núñez Feijóo e os seus resultados. É polo tanto unha cuestión respecto da que o Parlamento galego debe facer seguimento e análise.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Que conclúe a Xunta de Galiza os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo publicados o 17 de agosto de 2021?

- Como valora o goberno galego a evolución propia da súa débeda? E os seus resultados? Considera que Galiza tiña unha boa posición para enfrontar esta nova crise económica?

- Considera o goberno galego que é posíbel volver ao anterior marco de déficit e xestión da débeda e enfrontar as consecuencias da pandemia da covid-19?

- Considera o goberno galego que hai unha evolución harmónica da débeda entre as diferentes administracións públicas?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 10:39:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 25/08/2021 10:39:33.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que é necesario un debate político profundo sobre cal debe ser a orientación da débeda galega nos próximos anos tendo en conta o impacto e as necesidades da crise covid?

- Que influencia ten na débeda galega un sistema de financiamento inxusto acordado polo Partido Popular e polo propio Núñez Feijóo?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2021 10:38:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2021 10:38:47

Daniel Pérez López na data 25/08/2021 10:38:55

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:30:04
Nº Rexistro: 20510
Data envio: 25/08/2021 11:30:04.948

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará varias sucursais, entre elas a situada na parroquia de Baíñas no concello de Vimianzo, quedando así sen ningún servizo bancario diario uns 700 veciños.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, na súa maioría persoas maiores, que deberán desprazarse ata o núcleo de Vimianzo para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precisen.

Contra esta decisión tense manifestado toda a poboación do concello, así como os tres grupos políticos que conforman a corporación municipal (PSdeG, PP e Adiante Vimianzo), que expresaron publicamente o seu rexeitamento ao peche da sucursal de Baíñas, cun novo golpe ao rural, que neste caso afectará gravemente á economía da parroquia, ás súas empresas, ao seu comercio e á hostalaría, un paso máis no desmantelamento do rural, pese á publicidade pagada do Goberno da Xunta de Galicia, e como dicía a súa alcaldesa "vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade para poder retirar cartos ou realizar calquera tipo de trámite, poboación moi presente en Baíñas e afectada pola fenda dixital á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal".

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 11:30:04
Nº Rexistro: 20510
Data envio: 25/08/2021 11:30:04.948

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal de Abanca na parroquia de Baíñas no concello de Vimianzo, que deixaría á súa poboación sen este servizo?

2ª) Como valora o Goberno galego o peche da sucursal de Abanca en Baíñas no concello de Vimianzo?

3ª) Considera o Goberno galego que debe iniciar conversas con Abanca para evitar o peche de sucursais bancarias no rural de acordo a unha estratexia de fortalecemento do rural e contra o seu despoboamento?

4ª) Que medidas está a levar a cabo o Goberno galego para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras galegas, especialmente da xente maior que vive nun concello rural e carecen de oficina bancaria?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 25/08/2021 10:49:51

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2021 10:50:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/08/2021 10:50:19

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:26:55
Nº Rexistro: 20511
Data envio: 25/08/2021 12:26:55.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Carme González Iglesias**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da hostalaría, que engloba a bares, cafetarías, locais de ocio nocturno, restauración e hospedaxe, é un dos máis afectados polas consecuencias da Covid-19.

As medidas sanitarias adoptadas dende as administracións implicaron peches e restricións de actividade, horario e aforo dende o comezo da pandemia. E nos períodos nos que puideron abrir os seus negocios, a afluencia de clientes viuse gravemente afectada polos peches perimetrais e polo medo ao contaxio social. O que supuxo un importantísimo descenso de facturación, que non foi compensado durante moitos meses por axudas nin do Estado nin da Xunta.

E todo isto, despois de máis de 500 días de pandemia, levou ao sector a atoparse nunha situación crítica a aqueles negocios que puideron resistir, porque no que vai de crise, o sector perdeu máis de 11.000 postos de traballo entre regulacións de emprego e despedimentos. E así o confirman os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos tan só ao ano 2020.

Convén recordar que estamos a falar dun sector cun gran peso no Produto Interior Bruto (PIB) galego, que empregaba, antes da pandemia, a máis de 60.000 galegos e galegas. Sector que ademais inflúe na creación de miles de empregos a través

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:26:55
Nº Rexistro: 20511
Data envio: 25/08/2021 12:26:55.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de sectores relacionados como poden ser os de alimentación, bebidas, distribución ou maioristas.

Por todo isto, a profunda crise da hostalaría pode ter un efecto negativo na economía galega se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector. Máxime cando as liñas de axuda articuladas pola Xunta e o Estado non foron suficientes para permitir saír ao sector da situación de afogo na que se atopa.

As medidas impostas polo goberno galego á hostalaría para, aparentemente, frear o avance da pandemia, caracterizáronse pola improvisación e arbitrariedade, colocando ao todo este sector como cabeza de turco diante da opinión pública. En lugar de adoptar medidas no ámbito sanitario, de reforzo da atención primaria, de rastrexo e de control efectivo do virus, o goberno do Sr. Feijóo adoptou medidas restritivas para a hostalaría, sen que houbera un criterio claro, e directa ou indirectamente, responsabilizando ao sector dos contaxios.

O paroxismo desa improvisación e arbitrariedade do actuar da Xunta atopámolo na imposición do chamado “pasaporte Covid” para poder acceder aos locais de hostalaría, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou de forma clara e contundente como unha medida ilegal, ineficaz e que demoniza ao sector da hostalaría.

Ante estes feitos, de fonda gravidade para unha sociedade avanzada e democrática como é a galega, e ante o novo escenario no que nos atopamos polo avance na vacinación e no control dos contaxios, parece imprescindíbel que dende a Xunta de Galiza se aborde a problemática dos hostaleiros en profundidade, cunha análise abondosa pero precisa. Para acadalo devén ineludíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso e realizar esa análise dende un punto de vista técnico. Só deste xeito as

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:26:55
Nº Rexistro: 20511
Data envio: 25/08/2021 12:26:55.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas que se adopten, amparadas en normas claras, serán eficaces. Permitindo conxugar actividade do sector e a necesaria garantía de sanidade pública.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza o recente pronunciamento do TSXG sobre o chamado "pasaporte Covid"?

Considera o goberno galego que as últimas medidas adoptadas, e as normas que as impoñían, que limitaban a actividade da hostalaría e o aforo dos seus locais poden considerarse como claras, seguras, baseadas en criterios científicos, estables e consensuadas co sector?

Despois dese pronunciamento xudicial e o novo escenario no que nos atopamos polo avance na vacinación e no control dos contaxios, considera o goberno galego necesaria a constitución dunha mesa permanente de diálogo e traballo, na que estean presentes a propia Xunta de Galiza, administracións locais, unha representación ampla e plural do sector da hostalaría, así como economistas pertencentes ao Consello Galego de Economistas, e as Universidades galegas, co obxectivo de consensuar e adoptar medidas, económico-sociais e sanitarias, claras e eficaces cara o sector da hostalaría?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:26:55
Nº Rexistro: 20511
Data envio: 25/08/2021 12:26:55.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 25/08/2021 12:23:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2021 12:23:09

Daniel Pérez López na data 25/08/2021 12:23:21

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:34:31
Nº Rexistro: 20522
Data envio: 25/08/2021 12:34:31.104

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Despois de 18 meses dende a chegada da pandemia hoxe todos somos conscientes que o único xeito de retomar certo nivel de normalidade é a través dunha vacinación masiva do conxunto da poboación. Tamén no que atinxe ao desenvolvemento das competicións deportivas federadas.

Máis alá das desconfianzas e deslealdades amosadas polo presidente da Xunta de Galicia en torno á estratexia vacinación e á chegada de vacinas anunciada polo Goberno do Estado, cunha oposición lamentable e bastante cínica, o certo é que o 65,8 % da poboación galega tiña recibido a principios do mes de agosto a pauta completa da vacina.

Unha porcentaxe que acada o 73,7 % dos galegos e galegas con, polo menos, unha soa dose, segundo datos oficiais do Ministerio de Sanidade. Unha vacinación que foi posible grazas ao traballo de todas as administracións implicadas, salientando aos profesionais sanitarios do Sergas que fixeron un labor excepcional.

Conforme ao cadro que achegamos son as persoas comprendidas entre os 12 e os 29 anos as que aínda teñen porcentaxes moi baixos de vacinación. Se trasladamos o cadro ao ámbito do deporte federado non profesional atopámonos con resultados practicamente idénticos, dado que son eses tramos de idade os que copan a maioría das licenzas deportivas no ámbito do deporte federado de carácter afeccionado.

A consecuencia é que seguen a ser os deportistas e os clubs nos que se integran os que deben soportar a cantidade inxente de gastos aos que obrigadamente se ven abocados para o desenvolvemento das competicións de acordo co Protocolo marco Fisio-Covid, aínda vixente, e os protocolos adaptativos aprobados en cada federación deportiva galega. Protocolos que, aínda hoxe, impoñen os clubs a realización de test cada 14 días a todos e todas as deportistas integrantes deles, após doutras obrigas en relación co uso das instalacións deportivas, limitación de aforos ... etc

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:34:31
Nº Rexistro: 20522
Data envio: 25/08/2021 12:34:31.104

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A isto debemos engadir a importante mingua de ingresos para os clubs motivada polas restricións impostas, especialmente no que atinxe á perda de patrocinios.

Cadro de persoas vacinadas en Galicia por tramo de idade (datos do Ministerio de Sanidade (08.08.2021)

20-29 anos	10,5%	8,8%
12-19 anos	0,6%	0,2%

A pesares da declaración da actividade deportiva como actividade esencial (PNL votada no Congreso dos deputados a instancias do Partido Popular e transaccionada co PSOE), ano e medio despois do inicio da pandemia nada ten mudado en relación co deporte galego.

Diante desta situación temos que lamentar a escasa importancia que a promoción e o desenvolvemento do deporte ten para a Xunta de Galicia.

No exercicio 2021, cun certamente orzamento expansivo e onde a capacidade de gasto da Xunta de Galicia se incrementaba por riba dos 1.570 millóns de euros, o orzamento para todo o deporte galego apenas se incrementaba en 8 millóns de euros respecto do ano 2020.

Nin axudas directas aos clubs, nin axudas extraordinarias, nin avais do Igape, nin tan sequera a previsión de establecer o adianto aos clubs dos importes das subvencións licitadas para facer fronte aos gastos Covid.

O pasado 3 de agosto o Pleno do Parlamento de Galicia, co voto en contra do Grupo Socialista, aprobaba o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2022. Teito de gasto que anticipa un orzamento cun límite de gasto de 11.571 millóns de euros, incluso por riba do teito de gasto do ano 2021.

A tenor da política da Xunta de Galicia nada fai presaxiar un cambio de rumbo na política orzamentaria cara a dotar o deporte galego de máis recursos.

E precisamente neste contexto onde os poderes públicos, con políticas expansivas de gasto, deben contribuír a paliar a difícil situación económica xerada pola pandemia nos clubs deportivos federados, dada a especial dificultade para obter financiamento e esponsorización dende o ámbito privado, nomeadamente dos clubs non profesionais.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:34:31
Nº Rexistro: 20522
Data envio: 25/08/2021 12:34:31.104

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sendo conscientes da enorme complexidade que implica a xestión desta pandemia, queremos amosar a nosa vontade construtiva e de consenso para que dende a Administración autonómica se adopten as medidas máis axeitadas en beneficio do deporte federado de ámbito autonómico, para o cal sería conveniente que o propio Goberno comparecese no Parlamento aos efectos de explicar a realidade presente e futura que lle espera ao deporte autonómico federado en Galicia nos próximos meses; así como as medidas de apoio que necesariamente hai que prestar aos clubs para garantir a súa supervivencia no actual contexto.

Por iso os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego adoptar medidas de apoio económico excepcionais para garantir a supervivencia dos clubs federados autonómicos?

2ª) No seu caso, que tipo de medidas?

3ª) Considera o Goberno galego estender as liñas de financiamento do Igape a clubs, asociacións deportivas e deportistas federados de ámbito autonómico?

4ª) No actual contexto, que medidas vai impulsar a Xunta de Galicia para que as competicións federadas autonómicas se desenvolvan con seguridade dende o punto de vista sanitario?

5ª) Considera o Goberno galego que no actual estado de pandemia deben ser os clubs federados os que asuman todas as consecuencias e responsabilidades derivadas de posibles contaxios que se orixinen no marco da competición deportiva?

6ª) Se for o caso, considera o Goberno galego que deben ser as respectivas federacións deportivas; así como o propia Secretaría Xeral para o Deporte os que asuman as responsabilidades sanitarias derivadas do inicio e reanudación das competicións federadas?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 12:34:31
Nº Rexistro: 20522
Data envio: 25/08/2021 12:34:31.104

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2021 12:25:07

Pablo Arangüena Fernández na data 25/08/2021 12:25:18

Paloma Castro Rey na data 25/08/2021 12:25:33

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 13:50:18
Nº Rexistro: 20529
Data envio: 25/08/2021 13:50:18.276

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A UE establece que para o ano 2023, todos os concellos deberán contar cun sistema de recollida separada de residuos biolóxicos. En España moitas comunidades autónomas xa fixeron os deberes e teñen implantado un modelo de recollida, pero en Galicia aínda isto é unha materia pendente.

Os residuos orgánicos representan aproximadamente o 40 % do total dos residuos sólidos urbanos, polo que a súa recollida separada é fundamental para cumprir cos obxectivos de reciclaxe establecidos pola UE, entre os que se atopan a necesidade de reciclar como mínimo o 50 % dos residuos orgánicos.

Galicia está moi lonxe de cumprir estes obxectivos, xa que durante todos estes anos de goberno, o PP non situou este asunto na súa axenda como prioritario. Consecuencia disto é o incumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de Residuos Urbanos de Galicia (2010-2022)

O tempo esgótase e a Xunta de Galicia como goberno autonómico ten que levar a cabo actuacións tendentes a acadar unha mellora integral da xestión dos residuos urbanos, onde se respecte a súa xerarquía de xestión, empezando pola minimización e prevención e, deixando como última opción, a valorización enerxética dos residuos e o vertido.

Dende o PSdeG cremos que é necesario priorizar este asunto na axenda medioambiental galega con medidas que leven a unha concienciación e obriga social.

Só así poderemos cumprir os obxectivos marcados dende a UE.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento aos obxectivos do 50 % da reciclaxe de biorresiduos imposto pola UE e o Goberno de España para 2023?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2021 13:50:18
Nº Rexistro: 20529
Data envio: 25/08/2021 13:50:18.276

2ª) Como xustifica o Goberno galego o desleixo durante estes anos no impulso da reciclaxe de biorresiduos, que ten como consecuencia os datos negativos que presenta o territorio galego?

3ª) Entende o Goberno galego poñer como prioritario na axenda programas de impulso e formación da reciclaxe de biorresiduos?

4ª)Ten previsto o Goberno galego impoñer a obriga de levar a cabo a reciclaxe de biorresiduos en organismos e institucións de carácter público?

5ª) Ten previsto o Goberno galego acadar os obxectivos marcados no Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/08/2021 12:28:38

Pablo Arangüena Fernández na data 25/08/2021 12:28:48

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:00:14
Nº Rexistro: 20537
Data envio: 26/08/2021 10:00:14.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a elaboración e impulso dun Plan galego para o sector dos carburantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No actual proceso de descarbonización da economía coa aplicación do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) e a aprobación da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, son moitos os retos, ameazas e incógnitas que aparecen en moitos sectores laborais e industriais.

O principal risco derivase da posta en marcha deste proceso sen ningún tipo de transición social xusta, sen alternativas de reindustrialización e creación de postos de traballo.

O impulso da necesaria transición enerxética parece que está abocando a moitos sectores, como é o caso do sector dos carburantes e biocarburantes, que conta con un importante peso en Galiza, á case total desaparición e sufrir un período de destrución de emprego, pois moitas desas industrias están quedando excluídas do cambio enerxético verde. Ao no apostarse por unha continuidade dentro de parámetros sustentábeis ponse en risco o seu futuro e peso industrial.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:00:14
Nº Rexistro: 20537
Data envio: 26/08/2021 10:00:14.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así por exemplo, no momento actual ven ameazada a súa continuidade distintas empresas dedicadas ao sector dos carburantes en Galiza, e a súa desaparición implicaría a perda de máis de mil postos de traballo tanto directos como indirectos.

Nesta situación está a planta de REPSOL PETRÓLEO S.A. na Coruña, que ocupa a 730 persoas de forma directa e serve para o mantemento de outros 200 postos indirectos. O mesmo ocorre con MASOL IBERIA BIODIESEL en Ferrol, que mantén 54 postos directos e 20 indirectos, ou con VERTEX BIOENERGY en Curtis, con 80 empregos directos e uns 20 indirectos.

Malia a gravidade da situación descrita pode constatarse a inexistencia de políticas públicas, tanto por parte do Gobierno do Estado como da Xunta de Galiza, para dar continuidade aos postos de traballo e máis á actividade industrial.

Por todo isto o BNG considera imprescindíbel que se acometa un Plan de actuación neste sector que permita a transformación das refinerías e a súa transición cara a utilización de biocombustíbeis.

O deseño de este plan debe contar, necesariamente, coa participación das centrais sindicais máis representativas e do resto de axentes implicados, e debe contemplar as medidas para lograr a transición do sector, o uso de materias primas sustentábeis, a xeración de sinerxías con outras industrias, así como unha aposta polos biocombustíbeis como combustíbeis de transición na mobilidade até que se alcancen os obxectivos marcados pola mobilidade eléctrica.

Ademais deben realizarse as reformas legais e regulamentarias necesarias que permitan condicionar a prestación de axudas públicas e máis a concesión de

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:00:14
Nº Rexistro: 20537
Data envio: 26/08/2021 10:00:14.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autorizacións, concesións e adxudicacións de MW apenas a aquelas empresas do sector afectado que garantan a continuidade do emprego.

O sector de carburantes e biocarburantes, de gran peso en Galiza, pode quedar fora do cambio enerxético verde poñendo en risco o seu futuro e os empregos directos e indirectos que agora sostén se non se poñen marcha medidas para garantir unha transición xusta.

É urxente, polo tanto, constituír unha mesa de traballo neste sector na que abordar as medidas a adoptar que impidan que a reconversión se converta nunha demolición, evitando que se reproduza o que está a acontecer nas Pontes ou Meirama, e máis en outros sectores industriais de Galiza, nos que se impulsan cambios no modelo enerxético sen formular alternativas.

Precisamente a falta de políticas públicas é a que permite que sexan as empresas as que dirixan o proceso de transición en función dos seus propios intereses, sen asumir responsabilidades e sen preocuparse pola destrución de postos de traballo.

La transición enerxética debe impulsarse decididamente, pero isto non pode significar a destrución de miles de postos de traballo e levar comarcas enteiras a unha desertización industrial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Ten o goberno galego algún plan para evitar que a chamada transición enerxética provoque unha nova crise industrial no sector galego dos carburantes e biocarburantes? Ten pensado impulsar algún? En que termos?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:00:14
Nº Rexistro: 20537
Data envio: 26/08/2021 10:00:14.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que opinión ten o goberno galego da posibilidade de transformar as refinerías en biorrefinerías e da transición cara biocombustíbeis de segunda xeración?

3. Que opinión ten o goberno galego ao respeito dos biocombustíbeis como combustíbeis de transición na mobilidade?

4. Considera o goberno galego que condicionar a obtención de fondos públicos ou autorizacións para a instalación de MW a que se manteña o emprego nas empresas do sector sería unha medida útil?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 09:56:31

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 09:56:41

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 10:00:14
Nº Rexistro: 20537
Data envio: 26/08/2021 10:00:14.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 26/08/2021 09:57:00

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:13:18
Nº Rexistro: 20542
Data envio: 26/08/2021 11:13:18.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao resultado do proceso da Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos (código de procedemento FA500A) pola cal a Xunta de Galiza pretende inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste a unha nova fase de reestruturación bancaria na que as entidades financeiras están a aproveitar as circunstancias derivadas da crise da covid-19 como coartada para unha nova vaga de despedimentos, peches de oficinas, redución de caixeiros e empeoramento global das condicións dos servizos e, asemade, dos e das traballadores do sector.

É necesario recordar que en xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que licitaría un servizo "que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica". Daquela aludía a un presunto informe da Consellaría de Facenda, que este Parlamento descoñece, que viña a recoller, da mesma maneira que os informes ao respecto do Banco de España, que daquela 41 dos 313

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:13:18
Nº Rexistro: 20542
Data envio: 26/08/2021 11:13:18.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios carecían dunha entidade financeira no seu territorio, singularmente en Ourense.

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inquedanza social respecto da perda de servizos financeiros que por aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira. Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público copiando o modelo valenciano, que dedicaba no 2019 máis de 7 millóns para isto.

Esta cuestión, ficou interrompida no tempo polas dificultades do proceso de licitación, a axenda electoral e a irrupción da pandemia da covid-19. Asemade, neste tempo agraváronse problemas como a exclusión financeira, a dificultade do acceso a crédito por parte de particulares e empresas, os abusos bancarios e o proceso de precarización e perda de dereitos laborais e postos de traballo. Hoxe, coa coartada da covid-19 o sector bancario experimenta unha nova fase de concentración e oligopolización.

Resulta inaceptable que, malia esta situación, a Xunta de Galiza continúe instalada na súa folla de ruta de desviar cartos públicos para sufragar uns mínimos servizos bancarios que as entidades xa deberan estar obrigadas a fornecer para operar. Neste contexto, que no noso país se está a manifestar a través de numerosos peches de oficinas e despedimentos nos procesos de ERE e precarizacións do Santander, do BBVA, de Caixabank ou mesmo, de forma máis discreta, Abanca, a Xunta de Galiza decide pórse da lado da gran banca e apostar por un mecanismo de subvencións.

Así as cousas, entre febreiro e marzo de 2021 fíxose público o borrador de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:13:18
Nº Rexistro: 20542
Data envio: 26/08/2021 11:13:18.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma sen entidade financeira no seu territorio. É dicir, un subterfuxio para continuar financiando unha banca privada á que xa rescatou o erario público con máis de 65.000 millóns de euros.

Finalmente, o martes 2 de xuño de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio), e se convocan para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), con posterior corrección de erros no Diario Oficial do luns 5 de xullo de 2021.

Ao abeiro de dita publicación estabelecíase que o prazo máximo para tramitar, resolver e notificar as resolucións de concesión sería de 3 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación. É polo tanto inminente.

Finalmente, é necesario sinalar o "efecto chamada" que causou esta orde, contribuíndo ao aumento de peche de oficinas e de caixeiros, singularmente da entidade Abanca que experimenta unha nova vaga de recortes malia estar recorrentemente premiada pola administración de Núñez Feijóo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:13:18
Nº Rexistro: 20542
Data envio: 26/08/2021 11:13:18.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza exitoso regalar recursos públicos dos galegos e galegas para financiar servizos privados que as entidades bancarias continúan a pechar para non financialos e incrementar os seus beneficios?

É Abanca a entidade á que a Xunta vai conceder maioritariamente recursos públicos galegos? Considera a Xunta que é lóxico facer isto cando esta entidade está a pechar servizos en todas as cidades galegas?

E en concellos como Muras, Monfero, San Xoán de Río, A Baña, Fene etc?

Por que a Xunta non impulsou medidas para que as entidades que desenvolven estas prácticas sexan rescatadas con servizos públicos?

Vai seguir adiante a Xunta coa política de subvencións ou vai rectificar?

Que grao de participación pública tivo o proceso?

Que entidades se presentaron?

Por que decide a Xunta de Galiza inxectar recursos públicos nas entidades que están a causar un gran drama social despedindo e precarizando miles de traballadores e traballadoras? Consultou ás forzas sindicais representativas do sector? Por que?

E ao CES?

Por que a Xunta de Galiza pretende financiar estes servizos no lugar de exercer as súas competencias en consumo e o seu poder político para evitar que a gran banca desatenda aos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:13:18
Nº Rexistro: 20542
Data envio: 26/08/2021 11:13:18.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 10:20:32

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 10:20:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 10:20:44

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:22
Nº Rexistro: 20548
Data envio: 26/08/2021 11:19:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás consecuencias para Galiza da evolución do sector bancario e ás medidas que debe impulsar ou demandar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación internacional derivada da crise da covid-19 está a ter importantes consecuencias na aceleración do proceso de concentración e oligopolización bancaria, aínda que esta nova crise económica non é de orixe financeira. Esta situación amosa que este proceso obedece a unha planificación sistémica e a unha folla de ruta premeditada.

É necesario recordar a transcendencia na situación actual do acontecido na década previa á pandemia, pois singularmente após 2008 asistimos a un proceso de enormes consecuencias para Galiza. Resumidamente: esfarelamento do músculo financeiro propio coa fusión e bancarización das caixas, coa posterior venda, absorción de entidades e rescate bancario, centralización e perda de vínculo co país; á súa vez: peche de oficinas cun saldo moi negativo sobre todo no rural, perda de emprego, empeoramento dos servizos, incremento da dificultade de acceso ao crédito.

Coa emerxencia da covid-19 vivimos unha nova fase de concentración e oligopolización bancaria na que a pandemia está a ser a coartada das entidades (e das institucións estatais e europeas, que receitan novas fusións) para acelerar o camiño marcado no ano 2008 (máis concentración, máis despedimentos e precarización, máis peches de oficinas, máis abusos bancarios -especificamente imposición de horarios, comisións e banca virtual- e previsibles dificultades de acceso xa non só ao crédito por

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:22
Nº Rexistro: 20548
Data envio: 26/08/2021 11:19:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte de particulares e empresas, senón aos máis mínimos servizos) ao tempo que na práctica volven ser rescatadas (non só polas inxeccións dos primeiros meses, tamén polo rescate indirecto a través da xestión de mecanismos de apoio público).

Neste contexto, asistimos á aceleración e agravamento de diferentes efectos, resumidamente:

1. Perda e precarización do emprego. Nestes momentos no noso país estanse destruíndo emprego a través de ERE e ERTE en entidades como Caixabank (90 postos), o Santander (370) ou o BBVA (poderían chegar ata 130) ademais doutros procesos que pinga a pinga seguen reducindo postos ao reducir oficinas, que é a estratexia seguida por Abanca.

2. Perda de oficinas e servizos. Entre decembro de 2010 e decembro de 2019 pecharon en Galiza 555 oficinas de bancos e 460 das antigas caixas ás que se sumarán outras que xa teñen gravada a súa data de caducidade.

3. Precarización extrema das condicións dos traballadores e traballadoras e "externalización" coa figura de "axente colaborador", figura da que é especialista o Santander e que consiste en que unha persoa autónoma monta o que parece unha oficina pequena no rural mais as condicións non son as mesmas nin para estas persoas nin para a clientela, que ve furtadas funcións. Isto mesmo acontece coa "teleoperarización" pola cal funcións que facían traballadores da banca pasan a ser realizadas por persoal en peores condicións.

4. Aumento dos abusos bancarios. Hai unha redución da competencia e da oferta e unha política de pactos das grandes entidades que os mecanismos de regulación non están a atender, como amosa o incremento das comisións bancarias, campañas abusivas como a que tivo que retirar Abanca, imposición da xestión dixital ou o pacto de horario de caixa, polo cal as entidades pactan un horario limitado de 9 a 11 horas para retirar ou ingresar efectivo (isto é o que explica o aumento de colas nos exteriores, e non o aforo da pandemia)

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:22
Nº Rexistro: 20548
Data envio: 26/08/2021 11:19:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre, polo tanto, que desde o ámbito galego se analice esta cuestión periodicamente para facer seguimento, mais tamén impulsar respostas desde a defensa dos intereses galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai deixar a Xunta de Galiza de poñerse de lado dos intereses da gran banca e defender os intereses galegos nesta nova fase de concentración bancaria?

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para non exercer as súas competencias en materia de planificación económica?

E en materia de consumo?

Que valoración fai a Xunta de Galiza da exclusión financeira en Galiza?

E das dificultades de acceso a crédito?

E das precarización do emprego no sector?

E da perda de emprego do sector?

Como valora o nivel de competencia?

Que medidas toma a Xunta de Galiza para esixir ás entidades que cesen neste tipo de prácticas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:19:22
Nº Rexistro: 20548
Data envio: 26/08/2021 11:19:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 10:45:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 10:45:56

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 10:46:06

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:22:54
Nº Rexistro: 20554
Data envio: 26/08/2021 11:22:54.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Carme González Iglesias**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a extrema suba no prezo da enerxía eléctrica e as medidas que deben impulsar os gobernos galego e central para revertela e impulsar o control público do sector enerxético.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2021 comezou cunha suba histórica do prezo da enerxía eléctrica que tivo importantes consecuencias sociais, agravadas polo incremento tamén do prezo do gas, doutros combustíbeis e en xeral o aumento do IPC en ámbitos diversos recaendo nas e nos consumidores. Ao longo de 2021, malia a crise social e económica da covid, esta situación empeorou sen que os gobernos central ou galego tomasen medidas ambiciosas e efectivas ao respecto.

Máis aínda, cómpre sinalar que a partir do 1 de xuño entrou en vigor un novo sistema tarifario que produciu un incremento da factura da luz para determinados sectores económicos fundamentais para Galiza (consumidores domésticos, agrogandeiro, hostaleiro e PEMES) por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e o novo sistema de cargos do sistema que elaborou o goberno central. Para máis, xa en agosto de 2021 coñeceuse o Informe de seguimento da adaptación dos contratos de subministro de electricidade trala aplicación o 1 de xuño da Circular 3/2020. O resultado deste informe é demoledor e amosa o fracaso do novo sistema tarifario e a laxitude por parte das administracións na súa aplicación, sendo un foco de calotes e abusos. Nese sentido, recolle que algunhas

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:22:54
Nº Rexistro: 20554
Data envio: 26/08/2021 11:22:54.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercializadoras non adaptaron correctamente os contratos e que nalgúns casos introduciron un incremento do termo de enerxía medo facturado chegando a incrementar un 30% respecto do que lle correspondería.

Por outra banda, o verán de 2021 continuou marcado pola suba constante do prezo da enerxía, que non parou de bater récords históricos. De feito, no momento de asinar esta iniciativa o mercado atopa un novo prezo histórico para o xoves 26 de agosto de 2021. Nesta data o prezo dispárase até os 122,76 €/Mwh de media (mínimo de 119,95 €/Mwh e máximo de 129,81 €/MWh), segundo os datos do Operador do Mercado Ibérico, superando en máis de 5 €/MWh o anterior récord do pasado 13 de agosto en plena ola de calor (117,26 €/Mwh).

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español. A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular, que o PSOE e Podemos mantiveron, teñen impedido o desenvolvemento dun sistema xusto para as e os consumidores e con graves repercusións no ámbito empresarial e industrial por falta de competitividade.

Así mesmo, é unha tarefa pendente para Galiza a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición do noso país como potencia excedentaria na produción de electricidade, condición que se mantén nos últimos datos de REE malia o impacto da crise da transición enerxética. Sería necesario tamén unha modificación do pool de cara a unha casación racional do prezo.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:22:54
Nº Rexistro: 20554
Data envio: 26/08/2021 11:22:54.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación está afectando de forma global ao conxunto das e dos consumidores mais evidentemente de forma máis intensa aos colectivos económicos e sociais máis damnificados pola crise. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai impulsar o goberno galego o control público do sector enerxético para contribuír a controlar os prezos dun servizo esencial para o noso desenvolvemento socioeconómico?

Como valora o goberno galego as consecuencias económicas e sociais da grave escalada do prezo da enerxía eléctrica?

Segue considerando o goberno galego que é adecuado desaproveitar o noso papel produtor para demandar unha tarifa eléctrica galega?

Que demandas trasladou ou vai trasladar ao goberno central respecto das mudanzas que deben operar na fixación de prezos da enerxía?

Que actuacións vai desenvolver o goberno galego no ámbito das súas competencias? Vai reclamar maior capacidade política en materia enerxética? Cales son as razóns?

Vai impulsar o goberno galego unha empresa pública de enerxía?

Por que o goberno galego non espreme o marco competencial vixente para impulsar medidas de actuación no ámbito da competencia e o consumo diante dos calotes das enerxéticas?

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 11:22:54
Nº Rexistro: 20554
Data envio: 26/08/2021 11:22:54.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai promover o goberno galego para impedir que a denominada pobreza enerxética aumente radicalmente en Galiza no contexto da covid-19?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 11:09:29

María do Carme González Iglesias na data 26/08/2021 11:09:33

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 11:09:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 11:09:49

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:35:52
Nº Rexistro: 20583
Data envio: 26/08/2021 13:35:52.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferencia a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:35:52
Nº Rexistro: 20583
Data envio: 26/08/2021 13:35:52.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Vai involucrarse o Goberno galego para impedir o peche de oficinas bancarias en Galiza?

2. Ten realizado algunha actuación para evitar o peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero, que se suma a outras xa levadas a cabo nas

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 13:35:52
Nº Rexistro: 20583
Data envio: 26/08/2021 13:35:52.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e dificultan o acceso da veciñanza aos servizos financeiros?

3. Coida que o sector bancario pode seguir perdendo postos de traballo, na actual situación de crise económica, e nomeadamente dada a situación da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2021 13:34:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2021 13:34:51

Daniel Pérez López na data 26/08/2021 13:35:09

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGFPY3ve02V7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/